

# ***PROGRAMACIÓN DE INGLÉS***

***CURSO 2020- 2021***

**IES Isidro Parga Pondal  
(Carballo)**

**Xefa de Departamento: María del Rosario Patiño Eirín**



[Escriba aquí]

## INDICE XERAL

### ANEXOS Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA (Contexto de docencia non presencial)

- I) Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020. (pp. I-VIII)
- II) Plan de reforzo (pp. VIII-X)
- III) Estándares de aprendizaxe avaliábeis, temporalización e grao mínimo de consecución para superalo. (p. X)
- IV) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel dos procedementos e instrumentos de avaliación. (p. X)
- V) Concrecións metodolóxicas para a docencia non presencial. (p. XI)
- VI) Materiais e Recursos Didácticos. (p. XI-XII)
- VII) Criterios de Avaliación no contexto non presencial. (p. XII)
- VIII) Criterios de Cualificación no contexto non presencial. (p. XII)

PROGRAMACION 1º ESO

PROGRAMACION 2º ESO

PROGRAMACION 3º ESO

PROGRAMACION 4 ESO

PROGRAMACION 1º BACHARELATO

PROGRAMACION 2º BACHARELATO

PROGRAMACION ESA MODULOS 1/2

PROGRAMACION ESA MODULOS 2/3

## I. ANÁLISE E VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES QUE SE IMPARTIRON E DAS QUE NON SE IMPARTIRON NO CURSO 2019/2020

Debido a cancelación do ensino presencial o 13 de marzo de 2020 pola crise sanitaria ocasionada pola CoVid-19, tivéronse que levar a cabo medidas de adaptación á situación para poder garantir a continuación das ensinanzas de forma telemática no curso 2019-2020. Os dous primeiros trimestres do curso pasado traballamos de xeito presencial o que quere dicir que polo menos dous tercios dos contidos foron impartidos e avaliados segundo o modelo de ensino aprendizaxe ao que estamos máis afeitos. Tal e como quedou recollido na memoria de fin de curso do departamento de Inglés, a maioría do noso alumnado traballou con aproveitamento e conseguiu acadar os obxectivos propios de cada curso. Compre dicir que polas características propias da materia de lingua estranxeira, contabamos con dúas ventaxas; por unha banda, temos a posibilidade de visitar constantemente os contidos xa traballados en trimestres e mesmo en cursos anteriores, xa que na aprendizaxe dunha lingua estranxeira sempre se están a revisar e a mellorar os coñecementos previos. Por outra banda, o feito de que podemos traballar tamén por destrezas e non só por bloques de contido facilitou que o progreso da adquisición da lingua non se vise interrompido dun xeito tan abrupto. Xa que seguimos a vivir diferentes escenarios incertos relacionados coa pandemia, será tamén necesario levar á cabo certas adaptacións. Este apartado da PD, explicará diferentes puntos a tratar en relación coa situación sanitaria que relacionan accións pasadas coas presentes e futuras.

Como se mencionou anteriormente, as ensinanzas presenciais tiveron que adaptarse a un ensino telemático en pouco tempo. Porén, certas aprendizaxes imprescindibles non puideron ser traballadas como así o recollía a PD do curso académico 2019-2020. A finais do pasado curso fixéronse adaptacións á programación presentada en setembro de 2019. Nelas recollíanse todas as aprendizaxes imprescindibles que non foran traballadas debido á crise sanitaria. Ademais, elaboráronse informes individuais de todo o alumnado, nos cales pódense comprobar as dificultades que este alumnado podería ter no curso seguinte. Seguindo as *Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato*, parece preciso recoller neste apartado as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas polo alumnado no curso anterior, as cales serán traballadas no primeiro trimestre, como así indican as instrucións enviadas pola Consellería. As restantes aprendizaxes imprescindibles propias do nivel do que forman parte, pódense atopar nos diferentes anexos desta PD e serán traballados unha vez sexan vistos os pendentes do curso anterior que figuran nas próximas liñas. É interesante salienta que, no caso da materia de Inglés, non deberían existir demasiada problemática á hora de revisar os contidos non traballados no curso anterior, xa que se trata dunha materia de formación continua, na que a lingua é traballada de forma unificada e non por bloques.

### 1º ESO

No tocante ao alumnado desta etapa, ao comezar nova etapa nun novo centro, traballarase as aprendizaxes imprescindibles, contidos, criterios e estándares que figuran nos anexos para este nivel. Farase fincapé na revisión das avaliacións iniciais do alumnado para poder adaptar as ensinanzas aos seus diferentes niveis e necesidades educativas. Ademais, de ser necesario, poderíase solicitar aos centros de Educación Primaria, os diferentes informes individualizados para así, coñecer mellor as necesidades deste alumnado.

### 2º ESO

No caso deste nivel, e tendo en conta as indicacións da Consellería, o primeiro trimestre adicarase a traballar as aprendizaxes imprescindibles non traballadas no curso académico 2019-2020 do nivel de 1º ESO. Durante os restantes trimestres, continuarase co reflectido e recollido nos anexos desta PD en relación co curso 2º ESO. Estas serán as aprendizaxes imprescindibles pertencentes ao curso anterior a traballar durante o primeiro trimestre:

<b>Cráterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.	PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.
B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.	PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participan descrições, narracións, petición de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida
B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicación breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condición de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación.	diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.
B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.	PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).
B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.).	PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.
B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais.	PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrição en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.
B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital.	PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.
B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.	PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

### 3º ESO

No caso deste nivel, e tendo en conta as indicacións da Consellería, o primeiro trimestre adicarase a traballar as aprendizaxes imprescindibles non traballadas no curso académico 2019-2020 do nivel de 2º ESO. Durante os restantes trimestres, continuarase co reflectido e recollido nos anexos desta PD en relación co curso 3º ESO. Estas serán as aprendizaxes imprescindibles pertencentes ao curso anterior a traballar durante o primeiro trimestre:

<b>Cráterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiás en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.	PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.
B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ou descrições moi	PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiás e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas.

<p>sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos.</p> <p>B1.6. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e prezos), transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez.</p> <p>B2.4. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <p>B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas ou de carácter educativo ou ocupacional moi básico, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>B4.2. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión e de coherencia, e as convención ortográficas básicas, os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar; así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.</p> <p>B4.7. Presentar os textos escritos de maneira coidada (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p> <p>B5.2. Aplicar á comprensión e á produción de textos escritos as normas ortográficas básicas da palabra e da oración.</p> <p>B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.</p> <p>B5.8. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando disesteretipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.</p>
	<p>PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando.</p>
	<p>PLB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión).</p>
	<p>PLB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico.</p>
	<p>PLB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.</p>
	<p>PLB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</p>
	<p>PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p>
	<p>PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>

#### 4º ESO

No caso deste nivel, e tendo en conta as indicacións da Consellería, o primeiro trimestre adicarase a traballar as aprendizaxes imprescindibles non traballadas no curso académico 2019-2020 do nivel de 3º ESO. Durante os restantes trimestres, continuarase co reflectido e recollido nos anexos desta PD en relación co curso 4º ESO. Ademais, prestarase especial atención ás dificultades deste alumnado, xa que, finalizan etapa educativa obrigatoria. Estas serán as aprendizaxes imprescindibles pertencentes ao curso anterior a traballar durante o primeiro trimestre:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B1.6. Comprender preguntas, solicitude de informacións e cambios moi evidentes de tema en situacións comunicativas cara a cara en que se lle pregunte sobre asuntos básicos e coñecidos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>	<p>PLEB1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo) na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>

<p>B1.7. Comprender o sentido xeral e a información específica sinxela de programas de televisión, tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, cando os comentarios contén un apoio de imaxes moi redundantes.</p>	<p>PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión.</p>
<p>B2.3. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación da persoa interlocutora.</p>	<p>PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p>
<p>B2.6. Participar de forma sinxela nunha entrevista persoal na que dá información, reacciona ante comentarios ou expresa ideas sobre cuestións habituais, sempre que poida pedir de cando en vez que lle aclaren ou repitan o dito.</p>	<p>PLEB2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo ou ocupacional (por exemplo, para realizar un curso de verán ou integrarse nun grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>
<p>B3.4. Comprender correspondencia persoal breve e sinxela na que se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos sinxelos e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p>	<p>PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>
<p>B3.5. Comprender correspondencia formal breve sobre cuestións prácticas relativas aos seus intereses nos ámbitos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p>	<p>PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p>
<p>B4.3. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos de cohesión textual axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deixé persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos frecuentes).</p>	<p>PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, á súa ocupación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital, matricularse nun taller, ou asociarse a un club deportivo).</p>
<p>B4.5. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, separación de palabras ao final de liña, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados ao propósito comunicativo e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>	<p>PLEB4.5. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p>
<p>B5.4. Coñecer e utilizar, para a comprensión e a produción do texto oral monolóxico ou dialóxico e escrito, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), estruturas sociais, condicións de vida (contorno e estrutura social), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente e nas institucións), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e convencións sociais (costumes e tradicións), actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos</p>	<p>PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p>
<p>B5.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>

### 1º BAC

No caso deste nivel, e tendo en conta as indicacións da Consellería, o primeiro trimestre adicarase a traballar as aprendizaxes imprescindibles non traballadas no curso académico 2019-2020 do nivel de 4º ESO. Durante os restantes trimestres, continuarase co reflectido e recollido nos anexos desta PD en relación co curso 1º BAC. Estas serán as aprendizaxes imprescindibles pertencentes ao curso anterior a traballar durante o primeiro trimestre:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B1.5. Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais de carácter informal que relaten experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións persoais, etc.), e expresen opinións ou puntos de vista, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias (por exemplo, dunha película), e os sentimentos que suscitan.</p>	<p>PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.</p>
<p>B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, explotando os recursos dos que se dispón e limitando a expresión a estes; recorrendo, entre outros, a procedementos como a definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas, ou comezando de novo cunha nova estratexia cando falla a comunicación.</p>	<p>PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc.</p>
<p>B2.3. Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, nos que se intercambia información, ideas e opinións, se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que ás veces haxa vacilacións para buscar expresións e pausas para reformular e organizar o discurso, e sexa necesario repetir o dito para axudar a persoa interlocutora a comprender algúns detalles.</p>	<p>PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.</p>
<p>B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificar os conceptos principais e palabras clave do tema, coñecer sinónimos destas e procurar termos relacionados en internet; e localizar recursos da biblioteca do seu centro docente), para a procura de información en diferentes fontes, e analizar a súa credibilidade seguindo criterios como a autoría, a data de publicación, ligazóns relevantes, funcionalidade e tipo de texto (divulgativo, educativo, de opinión, etc.).</p>	<p>PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material.</p>
<p>B3.4. Comprender a intención de comunicación, fórmulas de saúdo, despedida e outras convencións básicas de correspondencia de carácter persoal e formal, sempre que non conteña expresións idiomáticas, e poder reaccionar de xeito adecuado a tarxetas postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, solicitude de información, etc.</p>	<p>PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>
<p>B4.5. Tratar a información obtida de diversas fontes, seguindo os patróns discursivos habituais, para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliala con exemplos ou resumila con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.</p>	<p>PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa).</p>
<p>B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>	<p>PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass.</p>
<p>B5.3. Coñecer e utilizar para a comprensión e a produción do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida (hábitat e estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (xeracionais, entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica) e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender</p>	<p>PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.</p>
	<p>PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta.</p>
	<p>PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos</p>

<p>información e ideas presentes no texto (por exemplo, de carácter histórico ou literario).</p> <p>B5.5. Recorrer aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para identificar marcadores discursivos e tipo de expoñentes lingüísticos necesarios segundo o tipo de texto e a intención comunicativa; mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>B5.7. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa); e distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou a restruturación da información (por exemplo, nova fronte a coñecida; exemplificación e resumo).</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>
--	---

## 2º BAC

No caso deste nivel, e tendo en conta as indicacións da Consellería, o primeiro trimestre adicarase a traballar as aprendizaxes imprescindibles non traballadas no curso académico 2019-2020 do nivel de 1º BAC. Durante os restantes trimestres, continuarase co reflectido e recollido nos anexos desta PD en relación co curso 2º BAC. Ademais, moito deste alumnado presentárase ás probas ABAU a final do curso académico polo que será necesario observar se existen dificultades na aprendizaxe debido á situación do curso anterior. Tamén será necesario ver como serán ditos exames, xa que no curso anterior foron cambiados pola situación sanitaria (non houbo proba de comprensión oral e existía máis opcionalidade). Estas serán as aprendizaxes imprescindibles pertencentes ao curso anterior a traballar durante o primeiro trimestre:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B1.8. Recoñecer os significados e as intencións comunicativas expresas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo o interese ou a indiferenza), cando a articulación é clara.</p>	<p>PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que as persoas interlocutoras eviten un uso moi idiomático da lingua e se non haxa interferencias acústicas.</p>
<p>B1.9. Perseverar por acceder ao sentido do texto oral (cambiando o tipo de escoita, pedindo axuda ou escoitando varias veces os textos gravados) aínda que en ocasións e mesmo con frecuencia, as hipóteses de significado do texto oral non poidan ser verificadas con claridade.</p>	<p>PLEB1.9. Entende, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (por exemplo, no caso dunha reclamación), sempre que poida pedir confirmación sobre algúns detalles.</p>
<p>B2.4. Producir textos atendendo á súa planificación e utilizando estratexias de comunicación como o uso de circunloquios, paráfrases ou substitucións léxicas que permiten sacar proveito dos medios lingüísticos dispoñibles.</p>	<p>PLEB.2.4. Compensa as carencias lingüísticas con certa naturalidade pedíndolle axuda ao seu interlocutor, e mediante procedementos lingüísticos, como a paráfrase ou a explicación, e paralingüísticos.</p>
<p>B2.7. Realizar una presentación oral planificada de certa lonxitude sobre temas xerais e educativos propios da idade e do nivel de estudos, nunha secuencia lineal, apoiándose en notas e elementos gráficos, e respondendo a preguntas complementarias de carácter previsíbel.</p>	<p>PLEB.2.7. Toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas cotiás e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de maneira</p>
<p>B3.6. Comprender correspondencia persoal breve en papel ou soporte dixital, redactada en lingua estándar e clara, que narre e describa acontecementos, sentimentos básicos ou desexos.</p>	
<p>B4.4. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de</p>	



<p>conexión e de cohesión de uso común con fin de que o discurso estea ben organizado e cumpra adecuadamente a función ou funcións comunicativas correspondentes.</p> <p>B4.5. Presentar os textos propios, en soporte impreso ou dixital, de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, etc.) atendendo non só á corrección ortográfica da palabra, senón tamén ao uso de maiúsculas e minúsculas, e signos de puntuación.</p> <p>B4.7. Escribir cartas formais e informais a persoas ligadas ao seu ámbito persoal e profesional nas que pide ou transmite información sinxela de carácter inmediato, salientando os aspectos que se consideran importantes, empregando a estrutura e características propias deste tipo de texto (cabeceira, despedida, sinatura, marxes, etc.).</p> <p>B5.4. Coñecer e aplicar os trazos socioculturais e sociolingüísticos salientables das comunidades en que se utiliza a lingua meta, e as súas diferenzas con respecto ás culturas propias, relativas a situacións cotiás e menos habituais no ámbito persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sobre a estrutura socioeconómica, as relacións interpersoais, de xerarquía e entre grupos, o comportamento (posturas e acenos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e códigos proxémicos), as convencións sociais (actitudes, valores e tabús), os costumes e os usos, e actuar en consecuencia, adaptándose adecuadamente ás características das persoas interlocutoras e da situación comunicativa na produción do texto oral e escrito.</p> <p>B5.5. Amosar interese por establecer relacións entre a cultura propia e a cultura da lingua meta para cumprir o papel de intermediación cultural, e abordar con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, esforzándose por superar comparacións ou xuízos estereotipados.</p> <p>B5.8. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesita esta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>coherente as súas opinións, os seus plans e as súas suxestións sobre futuras actuacións.</p> <p>PLEB3.6. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo (por exemplo, folletos, prospectos, programas de estudos universitarios).</p> <p>PLEB3.7. Segue sen dificultade a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar da lingua, e comprende o carácter dos personaxes e as súas relacións, cando uns e outras están descritos claramente e co suficiente detalle.</p> <p>PLEB4.4. Escribe, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e o destinatario específicos.</p> <p>PLEB4.5. Toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un breve resumo coa información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.</p> <p>PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal e participa en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información e pregunta sobre problemas e explícaos con razoable precisión, e describe, de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade.</p> <p>PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, educativo ou laboral, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.</p> <p>PLEB5.4. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros de outra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.</p> <p>PLEB5.5. Coñece algúns aspectos significativos históricos xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>PLEB5.8. Realiza actividades de mediación lingüística (reformula o sentido dun texto, oral ou escrito para facelo comprensible a persoas interlocutoras que descoñecen a lingua en que se produce, escribe o resumo dun debate oral ou un artigo lido noutra lingua, fai unha exposición oral a partir de notas, cambia de modalidade semiótica, como do texto ao esquema, etc.).</p>
	<p>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>

### SA Módulo I e II

Sendo este o primeiro dos dous cursos da Educación Secundaria para Adultos en réxime de presencialidade, será de vital importancia a correspondente avaliación inicial xa que moito deste alumnado pode non ter tido ningún contacto coa lingua previo a estes estudos. Ademais, non parece necesario engadir neste apartado as aprendizaxes imprescindibles non traballadas o curso anterior posto

que é o primeiro de todo o nivel. Os contidos, aprendizaxes imprescindibles, criterios e estándares poden atoparse nos anexos desta PD.

### **ESA Módulo III e IV**

Este nivel corresponde ao segundo curso da Educación Secundaria para adultos en réxime de presencialidade polo que é necesario engadir neste apartado as diferentes aprendizaxes imprescindibles non traballadas no curso académico 2019-2020, isto é aquelas non estudadas no Módulo I e II da ESA. Porén, adicarase a primeira parte deste curso a traballar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas en dito módulo e continuarase coas propias deste módulo as cales están recollidas nos anexos desta PD. As pertencentes ao curso previo que serán traballadas a comezos deste son as que figuran a continuación:

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
B4.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronunciación comprensibles.	B4.4.1. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronunciación comprensibles.
B4.5. escoitar, comprender e usar o vocabulario básico sobre a casa, as accións máis frecuentes e o transporte.	B4.5.2. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.
B4.12. Desenvolver estratexias para a adquisición de vocabulario.	B4.5.3. Escribe frases sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema proposto como redacción.
B4.13. Aproximarse a aspectos culturais anglosaxóns a través de producións audiovisuais e manifestacións artísticas.	B4.12.1. Amplía o vocabulario mediante o desenvolvemento de diversas actividades.
	B4.14.4. Entende o sentido xeral da letra dunha canción en inglés con axuda dun modelo e/ou palabras clave.

## **II. PLAN DE REFORZO**

Unha vez detectadas as necesidades específicas do noso alumnado nas correspondentes avaliacións iniciais, porase en marcha un plan de reforzo das aprendizaxes imprescindibles non traballadas no curso 2019-20 (recollidas no primeiro apartado desta Programación Didáctica, “Análise e Valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/20) que se poderá desplegar en diversas plataformas e que se desenvolverá ao longo de todo o curso. Estará dirixido a aquela parte do alumnado que amose certas carencias na adquisición dos contidos previos ou dos mínimos esixibles para afrontar con éxito o actual curso. Se ben a adquisición e repaso dos contidos propios da materia se fai de maneira continua e cada trimestre supón una ocasión de revisar e afianzar o xa impartido, este curso 2020-21 contaremos cunha nova canle de comunicación, a Aula Virtual do Moodle, para facer accesible ao alumnado moitos recursos que, pola súa natureza, poden quedar fóra das posibilidades que se dan dentro da aula presencial. Esta plataforma dixital vai facilitar a continuación do proceso de ensino-aprendizaxe de xeito individualizado no que cada alumno/a poderá, ao seu ritmo, repasar e consolidar aqueles puntos que a profesora detecte como non suficientemente afianzados e que requiran de maior traballo.

Este curso, as dúas editoriais que suministran os libros de texto de lingua inglesa ao noso alumnado, Oxford UP e Burlington Books, téñense comprometido a facilitar una batería de exercicios e de material didáctico dixital que abordará especificamente os contidos non impartidos de xeito presencial durante o terceiro trimestre do curso pasado. Contaremos, xa que logo, cun material creado ad hoc para paliar as consecuencias derivadas do confinamento do curso anterior. Este material servirá de apoio e reforzo tanto ao alumnado como ao equipo docente do departamento de Inglés que poderá levar a cabo un seguemento do traballo que

aqueles están a realizar desde a casa co fin de porse ao día e poder solventar as dificultades que amosaran ao comezo do actual curso.

Dentro da propia aula á que o alumnado asiste de xeito presencial resultará imprescindible, a medida que imos coñecendo os problemas de base aos que nos poidamos enfrentar, adaptar de xeito continuado o ritmo e a temporalización dos contidos a impartir durante o actual curso á nova realidade, de tal xeito que a meirande parte do alumnado poida seguir a clase con normalidade. Tentarase sempre que o ritmo de ensino dos contidos novos estea o máis próximo e sexa o máis axeitado posible aos coñecementos previos reais do noso alumnado. Neste senso, resultarán fundamentais as baterías de exercicios específicos e de contidos léxico-gramaticais e discursivos que se publicarán na Aula Virtual de cada curso e que permitirán non só traballar puntos de contido concretos e “á carta” se non tamén exercitar aquelas destrezas de produción e de comprensión oral ou escrita nas que se detectase maior necesidade en cada alumno/a.

Cabe salientar, unha vez máis, que a materia de Inglés trata os seus contidos de forma continua, isto é, en calquera curso académico se traballan os aspectos máis salientables do curso anterior. Nos casos de dificultades severas para a recuperación das aprendizaxes imprescindibles (alumnado suspenso, necesidades educativas especiais, etc.) especial atención será prestada para apoiar a dito alumnado cun maior reforzo, tal e como recolleemos nos apartados de Atención á diversidade da nosa programación. Tamén se terán en conta os informes individualizados recollidos polo Departamento a finais do curso académico 2019/2020.

## **Posibles escenarios en función da situación sanitaria:**

### **Actividade Presencial, Semipresencial e Non Presencial**

Respecto a actividade presencial, a labor docente levarase a cabo como figura nesta PD (metodoloxía e avaliación). Ademais, este curso, debido ás circunstancias excepcionais, terase especial coidado na elección de dinámicas que respecten as medidas de seguridade e hixiene indicadas no protocolo covid. Promoverase a elaboración de traballo colaborativo on line con documentos compartidos, por exemplo.

Por outro lado, de atoparnos cunha actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial, ou no caso de que un alumno ou parte do alumnado non acuda ao centro educativo por motivos relacionados coa covid-19 e precise ensino virtual, modificarase o necesario para que a aprendizaxe continúe. Empregarase a plataforma Moodle do centro así como o correo electrónico. Primeiro de todo, contactarase cos titores ou coa Xefatura de Estudos para coñecer se todo o alumnado ten acceso a Internet nas súas casas. Se existise algún caso no que poida haber dificultades de conexión, traballarase cos titores e coa Xefatura para solventalas. Se o problema persistise, tomaránse outras medidas como a recollida e entrega de material cada semana no propio centro. A actualización das aulas virtuais de todos os cursos da ESO e Bacharelato e tamén da ESA estase a realizar desde o mes de setembro. A matriculación de todo o alumnado está sendo supervisada por parte do centro e dos equipos docentes, e o departamento de Inglés está a utilizar esta plataforma dixital nas propias clases presenciais desde o primeiro momento co fin de comprobar a presenza activa de todo o seu alumnado neste medio virtual e de familiarizalos con esta nova canle de comunicación que será fundamental nun contexto de semipresencialidade o

de confinamento total. O plan de reforzo descrito nos apartados de “Organización das Actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes”, “Procedementos para a realización da avaliación inicial” e “Medidas de atención á Diversidade” dos diferentes cursos nesta PD manterase tamén no contexto de docencia non presencial modificando fundamentalmente a canle de realización e transmisión das tarefas.

### **III. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERALO.**

No contexto da educación non presencial, sempre que o alumnado teña garantido o acceso á plataforma dixital no Moodle, manteranse tanto os estándares de aprendizaxe avaliáveis, a temporalización prevista e o grao mínimo de consecución para superalo. Para iso é fundamental localizar desde o comezo do curso aqueles casos puntuais de alumnos/as con dificultades para acceder á aula virtual ben por carecer de medios informáticos ou por non ter unha boa conexión á internet. O centro está levando a cabo desde o mes de setembro este labor e o equipo docente do departamento de Inglés está a comprobar e a exercitar desde a aula presencial a competencia do seu alumnado para utilizar debidamente a aula virtual. No suposto de que houbera unha parte do alumnado que non puidese ser avaliado nalgunha das destrezas tomaríanse como referencia as outras probas obxectivas feitas ata o momento do confinamento así como a entrega das tarefas que fose preciso realizar no seu defecto.

### **IV. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

No contexto da educación non presencial, sempre que o alumnado teña garantido o acceso á plataforma dixital do Moodle, os procedementos e instrumentos de avaliación serán os mesmos descritos para os distintos cursos nesta programación didáctica pero serán realizados de xeito telemático sempre que fose imposible a súa realización de xeito presencial. Cando fose posible realizar as probas na aula presencial, mesmo despois dun confinamento dalgunhas semanas, este será o procedemento para avaliar ao alumnado. Doutro xeito, cando o confinamento coincidise coas datas das probas de avaliación e cando estas non puidesen ser adiadas ata a súa realización de maneira presencial, os traballos escritos poderán ser enviados como arquivos achegados á aula virtual, as presentacións orais realizaranse a través do uso da cámara web e poderán ser gravadas polo docente, as actividades de clase poderán ser monitorizadas durante as clases virtuais e o alumnado terá que amosar o seu traballo durante as mesmas sempre que lle fose requerido; as lecturas obrigatorias serán controladas do mesmo xeito, a través de probas telemáticas para as que o alumnado será convocado e que terán unha duración acotada; os proxectos e investigacións pasarán a ter un carácter exclusivamente dixital favorecendo sempre o traballo colaborativo; a actitude de interese e participación activa na aula virtual, a colaboración co auxiliar de conversa e nas tarefas que este asigne, serán tidas en conta igualmente dentro da avaliación formativa do alumnado. As probas escritas das avaliacións respectivas pasarán a ser telemáticas a través dos mecanismos que a aula virtual do Moodle poña ao noso dispor; o alumnado será convocado para a súa realización nunha data e a unha hora concretas dispoñendo dun tempo limitado para as mesmas.

## **V. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA A DOCENCIA NON PRESENCIAL**

A metodoloxía empregada polo departamento de Inglés está amplamente descrita nos correspondentes apartados dos diversos cursos que impartimos de xeito presencial.

Nun contexto de confinamento será importante por parte do profesorado intentar manter un contacto o máis próximo posible co alumnado, a través do correo electrónico ou de videoconferencias ou telefónicamente se fose preciso. Este contacto será tamén importante coas familias do alumnado que poderá facerse a través do correo electrónico, por chamadas telefónicas ou empregando a plataforma de Abalar (exceptuando o caso dos maiores de idade como pode ser na ESA). Ademais, tamén se informará aos titores e titoras dos distintos grupos para que así informen de maneira máis profunda ás familias.

A nosa metodoloxía nun contexto non presencial tamén estará baseada en principios pedagóxicos construtivistas xa que a aprendizaxe é especialmente efectiva cando se realiza compartindo con outros. As explicacións do profesorado poderanse realizar mediante gravacións que serán colgadas en dita plataforma Moodle ou ben impartidas de xeito sincrónico a través da plataforma de Webex. Para resolver dúbidas do alumnado, o profesorado poderá habilitar un espazo para comentarios e dúbidas, preguntas e respostas na plataforma Moodle ou poderán contactar co mesmo a través do correo electrónico ou mesmo da sala de chat da aula virtual. A colaboración e a comunicación serán bidireccionais entre o profesorado e o alumnado e tamén multidireccional entre todos os/as alumnos/as a través dos diversos foros que se creen nas aulas virtuais para os temas a tratar telemáticamente. Tamén será de moita importancia un seguimento do traballo do alumnado, polo que terán que enviar a través do correo electrónico ou Moodle as tarefas que así requira o profesorado nun tempo limitado. No caso das actividades orais poderase requerir diferentes gravacións de audio ou vídeo nas que se traballen os contidos propios do nivel para así acadar as aprendizaxes imprescindibles nos diferentes niveles; tamén se poderán facer en tempo real utilizando a propia cámara web e poderán ser gravadas polo docente.

Por último, o conxunto do equipo docente do departamento de Inglés está activamente implicado na mellora das súas propias competencias dixitais especialmente nos tempos que nos toca vivir. Por iso, ao longo deste curso 2020-21, estará a seguir diversos cursos de formación e perfeccionamento no uso de ferramentas dixitais co fin de ampliar os seus coñecementos e de facilitar ao conxunto do seu alumnado o labor de aprendizaxe nun contexto tan esixente como o do confinamento motivado pola actual pandemia.

## **VI. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Nun contexto de confinamento seguiremos a utilizar os mesmos recursos e materiais descritos nesta programación didáctica xa que a inmensa maioría deles tamén son accesibles dixitalmente. Compre salientar que o uso da Aula Virtual no Moodle sería a canle de comunicación principal co noso alumnado, tal e como quedou sinalado nos apartados anteriores. A plataforma de videoconferencia Webex, facilitada pola administración o curso pasado, será igualmente un recurso dixital a utilizar por parte do profesorado cando teña que impartir a súa docencia por vía telemática, sen detrimento de ningunha outra plataforma semellante que a administración poida recomendar co fin de garantir a

protección da datos do noso alumnado e de nós mesmos como docentes. Por outra banda, por motivos de hixiene, este curso é obrigatorio para o alumnado voltar á casa con todo o seu material de traballo, libros de texto, libros de exercicios e cadernos da materia. Isto garante que o alumnado que teña que ser confinado disporá de xeito físico do seu material de traballo, o que facilitará enormemente a continuación do labor de ensino-aprendizaxe. A maiores, as dúas editoriais coas que estamos a traballar na actualidade (Oxford e Burlington Books) porán a disposición do alumnado confinado o acceso ao libro dixital do curso para que poidan seguir coa maior normalidade posible as clases, especialmente os recursos de audio e de vídeo das diferentes unidades. A función de documentos e arquivos compartidos que temos como docentes desde a plataforma Moodle tamén facilitará o noso labor neste mesmo sentido.

## **VII. CRITERIOS DE AVALIACIÓN NO CONTEXTO NON PRESENCIAL**

No contexto da educación non presencial, sempre que o alumnado teña garantido o acceso á plataforma dixital do Moodle, os procedementos e instrumentos de avaliación serán os mesmos descritos para os distintos cursos nesta programación didáctica pero serán realizados de xeito telemático sempre que fose imposible a súa realización de xeito presencial. Cando fose posible realizar as probas na aula presencial, mesmo despois dun confinamento dalgunhas semanas, este será o procedemento para avaliar ao alumnado (ver apartado “Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable dos procedementos e instrumentos de avaliación” máis arriba). Os criterios de avaliación no contexto non presencial serán, xa que logo, fundamentalmente os mesmos que os descritos na presente programación didáctica dependendo sempre de que o acceso do alumnado aos medios telemáticos estea garantido. De non ser así, terase en conta fundamentalmente o demostrado de xeito presencial ata o momento do confinamento, sendo a avaliación formativa, sumativa e continua de maior relevancia se cabe. Ao alumnado que non dispoña de medios informáticos se lle proporcionarán ditos medios dentro das posibilidades do noso centro co fin de que poida continuar a súa formación de xeito normalizado.

## **VIII. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NO CONTEXTO NON PRESENCIAL**

Os criterios de cualificación serán os mesmos no ensino presencial que no non presencial sempre que o alumnado teña garantido o acceso aos medios informáticos que precisa para o seguimento das clases, a entrega das tarefas e a realización das probas telemáticas na plataforma dixital. Naqueles casos nos que algún/ha alumno/a non puidese estar conectado o departamento de Inglés tentará establecer comunicación coas familias a través do centro e dos titores para así poder transmitir as tarefas a realizar durante o confinamento. Lémbrese que se procurará, sempre que fose posible segundo o calendario de avaliacións, adiantar ou adiar as probas obxectivas co fin de poder realizalas de forma presencial no centro, xa que ao noso entender esta é a forma máis xusta para avaliar ao noso alumnado.

***PROGRAMACIÓN DE INGLÉS***  
***1º E.S.O***  
***CURSO 2020- 2021***

**IES Isidro Parga Pondal (Carballo)**

**Xefa de Departamento: María del Rosario Patiño Eirín**



## INDICE

<b>1.INDICE</b>	<b>2</b>
<b>2.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>3</b>
<b>3.CONTRIBUCIÓN DA AREA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>	<b>3</b>
<b>4.CONCRECION DOS OBXECTIVOS</b>	<b>9</b>
<b>5.CONCRECION PARA CADA ESTANDAR DE APRENDIZADE</b>	<b>10</b>
<b>5.1. TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>14</b>
<b>5.2. GRAO MINIMO DE CONSECUCION PARA SUPERAR A MATERIA</b>	<b>136</b>
<b>5.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACION</b>	<b>148</b>
<b>6.CONCRECIÓNS METODOLOXICAS DA MATERIA</b>	<b>165</b>
<b>7.MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR</b>	<b>167</b>
<b>8.CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. CONTIDOS MÍNIMOS. RÚBRICAS WRITING / SPEAKING.</b>	<b>169</b>
<b>9.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRACTICA DOCENTE</b>	<b>179</b>
<b>10. ORGANIZACION DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES</b>	<b>179</b>
<b>11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS</b>	<b>179</b>
<b>12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>180</b>
<b>13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE VAN TRABALLAR</b>	<b>183</b>
<b>14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>183</b>
<b>15. MECANISMOS DE REVISION, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADEMICOS E PROCESOS DE MELLORA ..</b>	<b>183</b>
<b>16. INFORMACIÓN AO ALUMNADO</b>	<b>183</b>



## 2. INTRODUCCION E CONTEXTUALIZACIÓN

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma.

Desde a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, será capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe destacar o *carácter combinado* da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que sabe, debe demostrar que *sabe aplicalo*, pero ademais que *sabe ser e estar*. De esta maneira vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara ó alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto ós demais, responsabilidade e cooperación.

O noso proxecto recolle e integra os diferentes elementos curriculares -obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias- para a ensinanza da lingua estranxeira, así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia.

## 3. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE NA ESO

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma.

Desde a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, será capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe destacar o *carácter combinado* da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que *sabe*, debe demostrar que *sabe aplicalo*, pero ademais que *sabe ser e estar*. De esta maneira vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara ó alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto ós demais, responsabilidade e cooperación.

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía, como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, por tanto, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilitará a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

En cada materia inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

## **1. Competencia en comunicación lingüística**

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas

delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).
- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a audición e a conversación, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- O compoñente persoal intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

## **2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.

A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social.

Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.

Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

### **3. Competencia dixital**

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

### **4. Aprender a aprender**

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

## **5. Competencias sociais e cívicas**

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

## **6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

A competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia "sentido de iniciativa e espírito emprendedor" inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

## **7. Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

#### 4. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no eido escolar, preparando ós alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe ó tempo que tecnoloxicamente máis avanzado. O noso país atópase comprometido como membro da Unión Europea no fomento e coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da *Estratexia de Lisboa*. Pola súa parte, o *Consello de Europa no Marco de Referencia Común Europeo* para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, establece directrices tanto para a aprendizaxe de linguas coma para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do currículo da área.

O currículo básico establece que a Educación Secundaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ós demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquier outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supongan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concebir o coñecemento científico coma un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castellana, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran aportacións importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio natural, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ó exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **5. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE**

Estándares de aprendizaxe avaliábeis

Os estándares de aprendizaxe neste curso organizáronse en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia plurilingüe e intercultural. Recollemos a continuación o lexislado:



- **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.

PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.

PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.

PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.

PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.

- **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.

PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.

PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).

PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.

PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.

PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

- **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).

PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.

PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.

PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.

PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.

PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.

- **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.

PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.

PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).

PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais.

PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.

PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

- **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con

diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.

PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).

PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua

PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).

PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

## **5.1. TEMPORALIZACIÓN**

<b>UNIDADE</b>	<b>Aprox. Nº Sesi3ns</b>	<b>Aprox. Temporalizaci3n (50 mins por sesi3n)*</b>	<b>Notas e observaci3ns</b>
<b>Starter</b>	6	5-6 horas*	
<b>1 Family and home</b>	11	10-11 horas*	
<b>2 Every day, every year</b>	11	10-11 horas*	
<b>3 Live and learn</b>	13	12-13 horas*	
<b>4 Extremes</b>	11	10-11 horas*	
<b>5 That's different</b>	12	11-12 horas*	
<b>6 Street life</b>	13	11-13 horas*	
<b>7 Appearances</b>	11	10-11 horas*	
<b>8 People and places</b>	11	10-11 horas*	
<b>9 Looking forward</b>	14	12-14 horas*	
<b>TOTAL</b>	113 e.g	101-113 horas*	

Trátase dunha temporalizaci3n adaptable 3 perfil do grupo-clase pois pode ser utilizada de maneira simultánea con alumnos/as que presenten dificultades na aprendizaxe de idiomas, así como con aqueles que posúan coñecementos un pouco máis avanzados. Asimismo, 3 adaptable 3s propios gustos e iniciativas do profesor/a e seus alumnos/as, e a propia evoluci3n do curso.

**STARTER UNIT**

Sesión	Obxectivos	Actividades	CCC	Destrezas	Interacción/Agrupamento	Materials	Tempo aprox	
[1]	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentar algúns dos contidos do curso.</li> <li>Identificar vocabulario relacionado coas linguas, nacións e nacionalidades.</li> <li>Ler a entrada</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación detallada do mapa mundial, situación, localización e identificación dos países á vez que sabemos anticipadamente algúns temas do curso. Comprobación que efectivamente en cada unidade se haxan os contidos destacados.</li> <li>Lectura e realización do quiz para identificar vocabulario sobre países, nacións e nacionalidades. Escoita das respostas ao quiz e corrección.</li> </ul>	AA	AS	T – Ss	SB	15'	
			CL		PW			
			SC					
			SIEE					
			CD					
				R, L	IW	SB p.4 ex.1-3	20'	
						WB p.4,ex.1-2		
						OiP		
						SB p.5 ex.4-5		
				R	T – Ss	TR Multi-ROM	15'	
					IW, PW			

	dun blog e interiorización do texto.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lectura, escoita e comprensión dun texto presentando á unha familia. Asociación de preguntas e respostas e corrección conxunta.</li> <li><i>Actividades adicionais/opcionais:</i>  <i>Did you know?</i>  <i>Vocabulary Practice</i></li> </ul>				SB p.5  WB p.83,ex.1  OiP	
<b>[2]</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecer e internalizar os subject pronouns e os possessive adjectives.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación do cartoon sobre a forma e uso dos pronomes persoais e dos adxectivos posesivos en contexto. Introducción detallada dos mesmos tamén a</li> </ul>	CL AA SIEE	LC	T-Ss  IW – GW	Grammar animation, OiP  SB p.5, ex.6-8  WB p.4 ex.3-5	50'

		<p>partir da sección de gramática do Workbook. Realización de exercicios e corrección conxunta.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Actividades adicionais/opcionais :</i></li> </ul> <p><i>Grammar practice</i></p>				<p>GR, WB p.80</p> <p>WB p.81</p> <p>TR Multi-Rom</p>	
[3]	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprender vocabulario relacionado á aula.</li> <li>• Repasar as preposicións de lugar. <b>behind, between, in, in front of,</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación de imaxes e asociación de vocabulario. Presentación de vocabulario interactivo e comprobación de que efectivamente aprenderon o vocabulario.</li> <li>• Exposición e recordatorio do significado e uso de algunhas preposicións de lugar. Cartoon</li> </ul>	<p>CL</p> <p>AA</p> <p>SIEE</p>	<p>LC</p> <p>AS</p>	<p>T – Ss</p> <p>IW</p> <p>T – Ss</p> <p>PW</p>	<p>SB p.6, ex.1</p> <p>Vocabulary pres, OiP</p> <p>Grammar animation, OiP</p> <p>SB p. 6, ex.2-3</p> <p>WB p. 5, ex. 3</p>	<p>15'</p> <p>20'</p>



	<p><b>next to, on, under.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir frases usando o posesivo 's</li> </ul>	<p>auxiliar. Escrita comprensiva do texto, o comparando co gráfico para indicar a veracidade das frases propostas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación do uso do posesivo 's en contexto e demostración do seu funcionamento. Realización de exercicios e corrección conxunta.</li> <li>• <i>Actividades adicionais/opcionais:</i>  <i>Vocabulary Practice</i>  <i>Grammar Practice</i></li> </ul>		LC	T – Ss IW, GW	<p>SB p. 6, ex.4-5</p> <p>WB p.6, ex.1</p> <p>WB p. 83, ex.2</p> <p>WB p. 81, ex.3</p> <p>TR Multi-ROM</p>	15'
<b>[4]</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escoller have got para indicar posesión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación de have got en cartoon e ademais a partir do grammar reference. Formas</li> </ul>	CL AA SIEE	LC	T – Ss IW	<p>Grammar animation, OiP</p> <p>SB p.7, ex.6-</p>	30'

	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utilizar activa e efectivamente o vocabulario relacionado aos días da semana e as sinaturas.</li> </ul>	<p>afirmativa, negativa e interrogativa. Práctica conxunta e comprobación do uso correcto de have got.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><i>Actividades adicionais/opcionais</i> :  <i>Grammar practice</i></li> <li>Recoñecemento e escoita do vocabulario. Observación e identificación de sinaturas na axenda. Conclusión de frases e corrección.</li> <li><i>Actividades adicionais/opcionais</i> :</li> </ul>	W, S	T – Ss  IW	<p>8</p> <p>WB p.5 ex.4-6</p> <p>WB p. 81</p> <p>Vocabulary pres, OiP</p> <p>SB p.7 ex.9-10</p> <p>WB p.6,ex.2-4</p> <p>WB p. 82</p>	20'
--	--	---	------	------------------	--	-----

		<i>vocabulary Reference</i>					
<b>[5]</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Practicar expresión oral. a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación das imaxes e recoñecemento das expresións. (matching)</li> </ul>	CL	LC, S	T – Ss	SB p.8, ex.1-2	10'
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprender instrucións usando imperativo. o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresión persoal a partir das expresións presentadas e recoñecemento do imperativo a través do cartoon.</li> </ul>	AA SIEE CMCT	LC	GW IW	WB p.7,ex.1  Grammar animation, OiP	15'
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comentar horario e a sinatura preferida. o a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura e audición de textos. Aclaración do significado de a.m. e p.m. e produción dun texto seguindo exactamente algún dos dous modelos presentados.</li> </ul>	CEC	LC	T – Ss IW	SB, p.8, ex.3-4 WB p.7, ex.2  SB p. 8, ex.5-6 WB p.7, ex.3-4 TR Multi-ROM	25'

		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades adicionais/opcionais :</li> </ul> <p>Language practice</p> <p>Writing preparation</p>				OiP	
<b>[6]</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Avaliar o progresso do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización das Grammar &amp; vocabulary worksheets (1, 2 ou 3 stars, segundo nivel) para avaliar o progreso do alumnado.</li> </ul>	LC	IW	TR Multi-ROM	<p><i>Grammar &amp; Vocabulary worksheets</i></p>	50'

**UNIT 1 – FAMILY AND HOME**

Sesión	Obxectivos	Actividades	CCC	Destrezas	Interacción/Agrupamento	Materials	Tempo aprox
B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.	<b>CL</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.	PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez..	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.	PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.	<b>CL</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.	PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade,	<b>CL</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>

	amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.	
B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.	PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>

## Bloque 2. Producción de textos orais: Expresión e interacción

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</b>	<b>Competencias clave</b>
B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.	PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da	PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas	<b>CL</b> <b>CD</b>

actuación do interlocutor.	do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.	<b>AA</b> <b>CEC</b>
B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronunciación intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación.	PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto	PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos	PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou	<b>CL</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>

máis frecuentes).	instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	
B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.	PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación..		

### Bloque 3. Comprensión de textos escritos

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe avaliáveis</b>	<b>Competencias clave</b>
B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos	PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e	<b>CL</b> <b>CD</b>

coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.	coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).	<b>AA</b> <b>CEC</b>
B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.).	PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionas con outras materias do currículo.	PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual	PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo,	PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información	<b>CL</b>

estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc.	persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.	<b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.	PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>

#### Bloque 4. Producción de textos escritos

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</b>	<b>Competencias clave</b>
B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, poñendo unha idea principal en cada parágrafo, etc.).	PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas	PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas	<b>CL</b>

<p>cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible..</p>	<p>moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.</p>	<p><b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b></p>
<p>B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.</p>	<p>PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).</p>	<p><b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b></p>
<p>B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p>	<p>PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais.</p>	<p><b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b></p>
<p>B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais.</p>	<p>PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns</p>	<p><b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b></p>

	plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.	
B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital.	PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>

### Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe avaliáveis</b>	<b>Competencias clave</b>
B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións.	PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	<b>CL</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións).	PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.	<b>CL</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis	PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da	<b>CL</b>



básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.	lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).	<b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.	PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	<b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.	PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua	<b>CL</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.	PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).	<b>CL</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>
B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado.	PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	<b>CL</b> <b>AA</b> <b>CEC</b>

<p>B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p>	<p>PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p><b>CL</b> <b>CD</b> <b>AA</b> <b>CEC</b></p>
<p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>		

En cada avaliación ordinaria realizaranse varias probas orais e escritas para avaliar os diferentes aspectos traballados na aula. Ao longo do curso farase probas de verbos irregulares e do libro de lectura.

Para a avaliación tamén se fará un seguimento de traballo na clase e da actitude do alumnado.

Na proba extraordinaria de setembro o alumnado será examinado dos contidos mínimos da programación de 1º ESO.

A avaliación será continua. Non se farán recuperacións

## 6. CONCRECIÓNS METODOLOXICAS

As bases metodolóxicas desta programación son as seguintes:

**O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos;** centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

**A aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

**As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe;** por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

**Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes;** por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no *Class Book*. Están explicadas no *Teacher's Book* e poden ser de grande utilidade para a tarefa diaria do profesor.

**A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade;** eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No noso proxecto, o alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ó nivel que mostra o alumno/a, debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

**Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.** O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxanse ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrir as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

**A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe;** no noso proxecto existe un Caderno de Avaliación con follas de avaliación fotocopiabes para cada unidade, que permiten ó profesor anotar as observacións referentes ó progreso de cada alumno. Tal e como está concibido, o profesor pode adaptalo doadamente ás súas necesidades específicas.

**A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.** O noso proxecto toma en conta esta situación ó ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

**Unha aprendizaxe permanente.** Non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cais as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cais o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

## 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto: Mosaic 1. Ed. Oxford. (con soporte dixital para o profesor e para o alumnado)
- Workbook

- Libro de lectura (o título decidírase despois da avaliación inicial)
- Student's MultiRom (CD con actividades para o alumnado)
- Dicionario (en todas as aulas haberá un dicionario bilingüe)
- Recursos didácticos de diferentes páxinas web como:
  - The World Wide Web a través de Internet.
  - As pizarras interactivas (Interactive whiteboards).
  - Blogs, por exemplo: [\\*http://\\*edublogs.\\*org](http://*edublogs.*org),  
[\\*https://\\*blogger.\\*com/\\*start](https://*blogger.*com/*start)
  - Wikis ou páxinas \*web creadas e editadas por un grupo de xente, por exemplo: [\\*http://\\*www.\\*wikispaces.\\*com](http://*www.*wikispaces.*com) ou  
[\\*http://\\*pbworks.\\*com/\\*academic.\\*wiki](http://*pbworks.*com/*academic.*wiki)
  - Podcasts ou arquivos de audio e vídeo que poden ser vistos no ordenador
- Outras páxinas web como:

[www.oup.com/elt](http://www.oup.com/elt)

[www.agendaweb.com](http://www.agendaweb.com)

[www.oupe.es](http://www.oupe.es)

[www.englishexercises.org](http://www.englishexercises.org)

[learnenglish.britishcouncil.org](http://learnenglish.britishcouncil.org)

[www.teachingenglish.org.uk](http://www.teachingenglish.org.uk)

[http://www.learn-english-today.com/lessons/lessons\\_list.html](http://www.learn-english-today.com/lessons/lessons_list.html)

<http://www.eslgold.com/>

<http://www.englishgrammar.org/lessons/>

<http://www.esl-galaxy.com/>

<http://www.esltower.com/index.html>

<http://www.isabelperez.com/default.htm>

[www.slideshare.com](http://www.slideshare.com)

[www.busyteacher.com](http://www.busyteacher.com)

Para Listenings:

<http://www.esl-lab.com/>

<http://www.ello.org/>

[http://learnenglish.britishcouncil.org/en/britain-great?utm\\_source=learnenglish&utm\\_medium=homepage-advert&utm\\_campaign=le-adverts](http://learnenglish.britishcouncil.org/en/britain-great?utm_source=learnenglish&utm_medium=homepage-advert&utm_campaign=le-adverts)

<http://www.world-english.org/listening.htm>

- Acceso á aula dixital da páxina web do centro a través da plataforma Moodle nos cursos dos diferentes profesores.
- Materiais elaborados polo profesorado e calquer outro material ou recurso que o profesorado considere pertinente.

## 8. CRITERIOS PARA A AVALIACION, CUALIFICACIÓN E PROMOCION 1º ESO

Os criterios de cualificación baséanse na consecución e superación dos contidos mínimos esixibles.

A nota necesaria para obter aprobado é 5.

As porcentaxes para a nota da 1ª, 2ª e 3ª avaliación son:

<b>Tarefas</b>	<b>10 %</b>
<b>Oral (Listening &amp; Speaking)</b>	<b>20 %</b>
<b>Grammar &amp; Vocabulary</b>	<b>40 %</b>
<b>Reading (10 %) &amp; Writing (20 %)</b>	<b>30 %</b>

A non realización dalgunha das partes condicionará o aprobado na materia.

É necesario un mínimo de 3´5 de nota nas partes de Grammar/ Vocabulary e Reading / Writing para poder facer media.

O libro de lectura obrigatorio estará valorado no apartado de reading e writing cun valor dun 20%. Os alumnos que suspendan o exame do libro de lectura obligatoria terán que presentar feitas as actividades da novela. Os alumnos ACI non terán libro de lectura.

Os verbos irregulares estarán incluídos no apartado de grammar e vocabulario e terá unha porcentaxe do 10%.

Estas probas realizaranse na avaliación que cada profesor considere conveniente.

A materia de inglés é de avaliación continua. Iso significa que cada avaliación incluírá toda a materia dada anteriormente. Polo tanto non se realizarán probas de recuperación ao longo do curso xa que cada proba de avaliación serven de recuperación das anteriores.

**A proba extraordinaria de setembro** será sobre os contidos mínimos do curso. Incluírá o libro de lectura obligatoria. Non se avaliará ningún traballo adicional e a cualificación será a da proba realizada. No caso de ter o libro de lectura aprobado, o alumno non realizará a parte de novela da proba, e a porcentaxe pasará ao apartado de reading and writing. Non haberá proba de Listening ou Speaking.

As porcentaxes da proba serán:

<b>Grammar &amp; Vocabulary</b>	<b>50 %</b>
<b>Reading &amp; Writing</b>	<b>40 %</b>

**Criterios de avaliación de ACIs:**

Os alumnos con NEEs serán avaliados do material de primaria ou secundaria do nivel de adaptación correspondente, seguindo sempre o tipo de exercicios feitos na clase.

As porcentaxes para a nota da 1ª, 2ª e 3ª avaliación destes alumnos son:

<b>Actitude. Tarefas na casa e na clase.</b>	<b>20 %</b>
<b>Caderno de traballo de Inglés</b>	<b>20 %</b>
<b>Probos obxectivos. Exames por escrito.</b>	<b>60 %</b>

**20% TAREFAS DE CLASE E DA CASA.** O alumno deberá amosar unha conduta axeitada en todo momento, respetuosa cara a materia, os compañeiros e o/a profesor(a). A entrega das tarefas diarias en prazo e forma, a presentación do material de traballo (libro, fichas e caderno) e o interese amosado pola lingua estranxeira a través do seu traballo serán os factores a ter en conta neste apartado. (10% Esfuerzo e interese + 10% Tarefas de casa e traballo na clase)

**20% CADERNO DE TRABALLO DE INGLÉS.** O alumno deberá levar un caderno de traballo para a materia na que se recollerán e organizarán todos os contidos e os exercicios feitos a diario. Orde, organización e limpeza serán tidos en conta neste apartado. Esta libreta deberá presentarse o día indicado cada trimestre para a súa valoración.

**60% PROBAS OBXECTIVAS.** O alumno realizará varias probas escritas cada trimestre. As probas estarán extraídas do seu libro, das fichas, ou do seu caderno de inglés. En caso de suspender as probas poderá recuperarse na seguinte avaliación. Aínda que a avaliación é continua na materia de Inglés, en cada avaliación farase fincapé nos contidos específicos de cada trimestre.

**Proba extraordinaria de setembro:** non farán a parte lo libro de lectura e a proba estará baseada no seu caderno de traballo do curso ou noutro material traballado na clase.



### **Contidos mínimos:**

O alumnado deberá mostrar un dominio en grao mínimo dos cinco bloques de contidos expostos na presente programación: 1: Comprensión de textos orais; 2: Producción de textos orais: expresión e interacción; 3: Comprensión de textos escritos; 4: Producción de textos escritos: expresión e interacción; 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural. Entre eles destacamos os seguintes:

- Comprensión da idea xeral e as informacións específicas mais relevantes de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais, sobre asuntos cotiáns producidos amodo e con claridade.
- Identificación da idea xeral e extracción de información específica de textos escritos adecuados á idade, con apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados relacionados con temas e vocabulario do libro de texto **Mosaic 1** da editorial Oxford, respondendo a preguntas, identificando información falsa, completando frases, etc.
- Redacción de textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico adecuados, así como algúns elementos básicos de cohesión, a partir de modelos, e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación.
- Desenvolverse na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira.
- Ler un libro de lectura obrigatoria e superar a proba de dita lectura.

Os contidos que conforman esta materia e este curso, agrupáronse en: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia plurilingüe e intercultural. Estes cinco bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

- **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:

- Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.
- Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.
- Identificación de palabras clave.
- Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).

- Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.
- Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.

B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.

- **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

B2.1. Estratexias de produción:

*Planificación*

- Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.
- Adecuación do texto ó destinatario, ó contexto e ó canal, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.
- Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.

*Execución*

- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoo adecuadamente e axustándose, no seu caso, ós modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:

*Lingüísticos:*

- Modificación de palabras de significado parecido.
- Definición ou paráfrasis dun término ou unha expresión.

*Paralingüísticos:*

- Petición de axuda ou clarificación.
- Sinalización de obxectos, usos deícticos ou realización de accións que aclaren o significado.

- Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).
- Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.
- Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entonación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ó destinatario ou ónte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.

B2.2. Actitud de respecto cara si mesmo/a e cara as demais persoas, para comprender e facerse comprender.

B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro, conversación telefónica, compra-venta, e outras igualmente cotiás e básicas.

- **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Movilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabecera, etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a él.
- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e plantexamento de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.

- **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

B4.1. Estratexias de produción:

*Planificación*

- Movilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas a fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere decir, etc.).
- Localización e uso adecuados de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).
- Uso de elementos coñecidos leídos nun texto escrito para elaborar os propios textos.

## Execución

- Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.
- Estruturación do contido do texto.
- Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
- Expresión da mensaxe con claridade axustándose ós modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta de ésta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Recurso ós coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo “agora volvo”, “xa nos veremos”, etc.).

## Revisión:

- Identificación de problemas, erros e repeticións.
- Atención ás convencións ortográficas e ós signos de puntuación.
- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).
- Reescritura definitiva entre todos su significado o la idea global, confirmando e al destinatario u oyenteras, y contacto visual o corporal).
- tidadentreen

## • **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

### B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:

- Sonidos e fonemas vocálicos.
- Sonidos e fonemas consoánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos básicos.
- Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.

### B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.

- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

### B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.
- Acercamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivienda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis

evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.

- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas no costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.
- Actitud receptiva e respetuosa cara as persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

#### B5.4. Plurilingüismo:

- Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

#### B5.5. Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.
- Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.
- Petición e oferta de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias.
- Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.
- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.

#### B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:

- Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio natural, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.
- Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións), e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.

#### B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.:

- Artigo determinado e indeterminado (the /a /an)
- As preposicións de lugar.
- Os demostrativos this ,that, these e those, os posesivos e o xenitivo saxón e os pronomes persoais suxeito e obxecto.
- Pronomes interrogativos (when, what, where, ...)
- Presente do verbo to be e have got (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
- There is e there are (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
- Presente dos verbos (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves).  
Adverbios de frecuencia, adverbios de tempo e preposicións asociadas a expresións de tempo
- Estructura like+verb -ing
- Os adxectivos comparativos e superlativos.
- Presente continuo (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
- Os modais : can/can't must/ mustn't
- Pasado do verbo to be (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)  
•There was e There were
- Os substantivos contables e incontables e o uso de some / any/ much / many / a lot of
- Pasado simple de verbos regulares e algúns irregulares (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves)
- Léxico, vocabulario, fórmulas e expresións correspondentes ás unidades do libro de texto Mosaic 1 impartidas neste curso.

## Writing Rubric:

	Excellent 8-10	Good 6-8	Acceptable 4-6	Poor 0-4
<b>Writing Structure</b>	Writes clear, well-linked paragraphs, with topic sentences, details and conclusion. Uses connectors properly, suitable to the level.	Can write a few short, linked paragraphs, with a topic sentence and details. Makes some errors and lacks transitions. Not many connectors.	Can write a single paragraph or multiple short paragraphs but the ideas are not organized and paragraphs not well-linked. Few connectors.	Can write one paragraph, which may or may not have a good structure with introduction, body and conclusion. No connectors at all.
<b>Mechanics</b>	No mistakes in punctuation, spelling or capitalization.	A few mistakes that may interfere with meaning. No spelling mistakes with high frequency words.	Some mistakes that sometimes interfere with meaning.	Many mistakes, that interfere with meaning.
<b>Vocabulary &amp; Expression</b>	High frequency and new words used accurately.	High frequency and new words used accurately, with little interference with meaning.	Uses familiar and high frequency words with little difficulty. Occasional use of new words.	Uses familiar words with some difficulty. Doesn't use new words related to the topic.
<b>Content</b>	Ideas are well supported and explained. Fit to the length of the activity; relevant content and register.	Ideas are supported and explained. Some hesitation in the register used.	Ideas need more explanation/ support or logic is simple. Occasionally not relevant content and hesitation in register used.	Ideas not really explained or supported or illogical. Length not suitable for the task. Not adequate register or content.
<b>Grammar</b>	<u>Frequently and correctly</u> uses the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Verbs + Infinitives / Gerunds.</li> <li>• Passive Voice.</li> <li>• Different verb forms.</li> <li>• Conditionals.</li> <li>• Adverbs.</li> <li>• Comparatives / Superlatives.</li> <li>• Relative Clauses.</li> <li>• Reported Speech.</li> </ul>	<u>Often</u> able to use the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Modal verbs.</li> <li>• Possessives.</li> <li>• Prepositions.</li> <li>• Adjectives.</li> </ul>	<u>Sometimes</u> able to use the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pronouns.</li> <li>• Count / non-count nouns.</li> <li>• Articles.</li> </ul>	<u>Rarely</u> able to use the structures before.

## Speaking Rubric

	Excellent 8-10	Good 6-8	Acceptable 4-6	Poor 0-4
<b>Vocabulary</b>	Uses suitable vocabulary all the time, without repeating words.	Uses suitable vocabulary most of the time.	Proper vocabulary sometimes.	Limited vocabulary and repeats words.
<b>Grammar</b>	Uses adequate grammar structures, seen in class, all the time.	Uses them most of the time.	Uses them properly sometimes.	Uses them incorrectly.
<b>Pronunciation / Intonation</b>	Speaks clearly and has good pronunciation all the time.	Speaks clearly and uses accurate pronunciation most of the time.	Understandable pronunciation, but not very clear.	Hard to understand.
<b>Fluency</b>	Expresses ideas fluently all the time.	Speaking with some hesitation, but it doesn't interfere with communication.	Speaking with some hesitation, which interferes with communication.	Too much hesitation, which interferes with communication.
<b>Content</b>	Suitable content for their level, seen in class.	Suitable theme, seen in class mostly.	Suitable only in some parts.	Not adequate at all.
<b>Creativity</b>	Very original presentation of material.	Some originality apparent.	Material presented with little originality.	Repetitive. No variety. Insufficient use of materials.



## 9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRACTICA DOCENTE

### TABOA DE INDICADORES

	SI/NON. Por que?
Os obxectivos marcados son axeitados ás capacidades e intereses do alumnado	
O alumnado ten claros os obxectivos	
As competencias foron traballadas, gradadas e desenvolvidas	
Os contidos foron adaptados ás peculiaridades do alumnado	
A metodoloxía é estimulante para o alumnado e eles a consideran axeitada	
Os materiais e recursos son axeitados	
Motivouse o alumnado	
Logramos a implicación das familias	
O equipo docente traballou coordinadamente e asumindo pautas compartidas	
As actividades foron axeitadas ás capacidades do alumnado	
Traballáronse os estándares de aprendizaxe	
A axuda prestada foi axustada ás necesidades do alumnado	
Temos dado a posibilidade de interactuar entre iguais	
Tiveron cabida as iniciativas persoais do alumnado	
O desenvolvemento das actividades axustouse ao que se programou	
A organización dos espazos da aula favorece o traballo tanto individual como colectivo, así como o desenvolvemento de tarefas e metodoloxías diversas	
O uso das novas tecnoloxías foi axeitado tanto para o alumnado como para as explicacións e usos de recursos por parte do profesorado	

### INSTRUMENTOS PARA LEVAR A CABO ESTA AVALIACIÓN

- Autorreflexión do profesorado sobre a súa práctica docente
- Análise do cumprimento dos diversos aspectos da programación
- Análise dos resultados académicos
- Reunións de departamento, equipo docente e CCP

Enquisas persoais ou anónimas ao alumnado sobre diferentes aspectos.

## 10. ORGANIZACION DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACION E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Neste nivel non hai alumnado con materias pendentes

## 11. PROCEDIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Segundo a lexislación ao longo do mes de setembro farase unha avaliación inicial do alumnado de 1º ESO. Para iso, se fará unha proba de diagnóstico na que se avaliarán contidos (vocabulario e gramática) . Esta proba incluírá actividades para avaliar as habilidades orais (listening and speaking) do alumnado así como unha proba de writing e reading.

Os nenos e nenas que chegan a 1º ESO forman un conxunto moi heteroxéneo que a avaliación inicial resulte imprescindible para detectar todos aqueles casos con necesidades especiais. Unha vez realizada a proba o profesorado saberá o punto de partida de cada alumno e se é necesario adoptará medidas de reforzo para que o alumnado acade os obxectivos do curso

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As actividades de reforzo e ampliación permiten darlles unha atención individualizada aos alumnos, segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe. En cada unidade están incluídas actividades que dan resposta ás diversas situacións que se suscitan na aula: actividades de reforzo, consolidación e ampliación para os alumnos.

- **De reforzo**

O proxecto parte do recoñecemento de que en toda clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao tempo que persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

O profesor ou profesora decidirá se sería conveniente reducir o número de sesións dedicadas a realizar algunhas destas actividades co fin de realizar outras distintas que axuden ao desenvolvemento dunha determinada destreza lingüística.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todos os alumnos/as poidan encontrar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe. Certo tipo de actividade é deliberadamente máis sinxelo, de tal maneira que todos os alumnos/as sexan capaces de levar a cabo a actividade con éxito. Ser capaces de levar a cabo con éxito pequenas actividades, como copiar listas de palabras, constitúe un factor importante para os alumnos de asimilación máis lenta, ao contribuír de xeito importante a aumentar a confianza en si mesmos como aprendices de linguas estranxeiras.

As actividades de reforzo repasan e consolidan os contidos do curso sen engadir novos:

- Actividades opcionais no Teacher's Guide.
- Páxinas Language summary e Review ao final de cada unidade no Student's Book.
- As actividades propostas no Tests and Teacher's Resources multi-ROM:
  - *Grammar + Vocabulary (1 star – Basic)*
  - *Grammar + Vocabulary (2 stars – Revision)*
- As actividades propostas no Workbook
- As seccións de referencia e práctica do WB:
  - *Grammar reference + Grammar practice*
  - *Vocabulary reference + Vocabulary practice*
  - *Irregular verb list*

1. As seccións de referencia e práctica do SB:

- *Pronunciation practice*
- *Irregular verb list*

1. Os 3 Projects do SB, un cada tres unidades:

- **De ampliación**

Segundo se considere oportuno, e conforme aos criterios do profesor, pode dedicarse algunha sesión a actividades específicas de ampliación, as cales serán organizadas segundo o seu criterio, dependendo das necesidades educativas dos alumnos e dos diferentes ritmos de aprendizaxe.

As actividades de ampliación estenden os contidos do curso:

- A guía do mestre (Teacher's guide) conta con exercicios extra (Optional activities).
- As actividades intercurriculares propostas no SB (Focus on...):
- As actividades propostas no Tests and Teacher's Resources multi-ROM:
  - *Grammar + Vocabulary (3 stars – Extension)*
  - *Communicative pair work worksheets*
  - *Drama*
  - *Cross-curricular extension worksheets*
- As actividades propostas no Natural Sciences for ESO 1 & 2 para ensinar Ciencias da Natureza a través da lingua inglesa.

O alumnado con necesidades educativas especiais traballarase con adaptacións curriculares en colaboración co Departamento de Orientación.

### **Criterios e procedementos previstos para realizar las adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos con necesidades educativas especiais**

As adaptacións centraranse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Apoio dentro da aula por mestres especialistas, persoal complementario ou outro persoal.
3. Metodoloxía máis personalizada.
4. Accesibilidade dos elementos do currículo para o alumnado con necesidades educativas especiais.
5. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
6. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
7. Adaptacións curriculares significativas dos elementos do currículo.
8. Aumentar a atención orientadora.
9. Atención educativa ó alumnado por situacións persoais de hospitalización ou de convalecencia domiciliaria.
10. Enriquecemento curricular.
11. Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos.

**a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais:** facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados as necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial.

**b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo:** adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación de seu desfase para que lles permita continuar cos seus estudos con aproveitamento.

**c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:** se adoptarán tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, se tomarán medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, se priorizarán os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou en materiais considerados como tales.

Cando as adaptacións non són o suficiente temos a diversificación curricular, por meio do cal un alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo en outro tipo de actividades educativas, ben como as ofertas en espazos opcionais, ben como actividades deseñadas especialmente para el/ela, que poderían cursar dentro ou fóra do centro. Este/a alumno/a seguiría tendo

en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

### **13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

A programación incorpora o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe, recollidos tamén pola LOMCE. Como é de agardar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso. Así mesmo terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

### **14. PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

- O departamento de inglés programa a asistencia a unha obra de teatro en inglés para o alumnado de 1º ESO, entre outros. Normalmente esta actividade realizase no segundo trimestre. Este curso 2020-21, por mor da situación sanitaria que estamos a vivir, quedarán suspendidas todas as actividades extraescolares.
- Esperamos contar coa oferta de animacións culturais por parte da editorial, que está aínda por concretar.

### **15. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACION**

Para avaliar a adecuación da programación á consecución dos obxectivos educativos propostos se valorarán:

Os resultados das avaliacións e a porcentaxe de alumnado que supera os contidos da materia.

Así mesmo nas reunións de departamentos valorarase a programación segundo o desenvolvemento das clases e as necesidades do alumnado facéndose as correccións que sexan necesarias de cara ao curso que vén.

### **16. INFORMACIÓN AO ALUMNADO.**

En todas as aulas de 1º ESO estarán expostos no taboleiro os contidos mínimos e os criterios de avaliación da materia.

Así mesmo esta programación queda a disposición da comunidade educativa a través da páxina web do noso centro.

***PROGRAMACIÓN DE INGLÉS***  
***2º E.S.O***  
***CURSO 2020-21***

**IES Isidro Parga Pondal  
(Carballo)**

**Xefa de Departamento: María del Rosario Patiño Eirín**



<b>INDICE</b>	
<b>1. INDICE</b>	<b>2</b>
<b>2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>3</b>
<b>3. CONTRIBUCIÓN DA AREA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>	<b>4</b>
<b>4. CONCRECION DOS OBXECTIVOS</b>	<b>9</b>
<b>5. CONCRECION PARA CADA ESTANDAR DE APRENDIZADE</b>	<b>10</b>
<b>5.1. TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>15</b>
<b>5.2. GRAO MINIMO DE CONSECUCION PARA SUPERAR A MATERIA</b>	<b>143</b>
<b>5.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACION</b>	<b>157</b>
<b>6. CONCRECTIONS METODOLOXICAS DA MATERIA</b>	<b>318</b>
<b>7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR</b>	<b>320</b>
<b>8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO . CONTIDOS MÍNIMOS. RÚBRICAS WRITING / SPEAKING.</b>	<b>322</b>
<b>9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRACTICA DOCENTE</b>	<b>331</b>
<b>10. ORGANIZACION DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES</b>	<b>333</b>
<b>11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS</b>	<b>333</b>
<b>12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>334</b>
<b>13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE VAN TRABALLAR</b>	<b>336</b>
<b>14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>336</b>
<b>15. MECANISMOS DE REVISION, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADEMICO PROCESOS DE MELLORA ..</b>	<b>336</b>
<b>16. INFORMACIÓN AO ALUMNADO</b>	<b>337</b>

## 2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma.

Desde a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, será capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe destacar o *carácter combinado* da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que *sabe*, debe demostrar que *sabe aplicalo*, pero ademais que *sabe ser e estar*. De esta maneira vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara ó alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto ós demais, responsabilidade e cooperación.

O noso proxecto recolle e integra os diferentes elementos curriculares - obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias- para a ensinanza da lingua estranxeira, así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia.

### SECCIÓN BILINGÜE

Neste curso quedará suspendida a sección bilingüe da materia de música a consecuencia da situación xerada pola crise sanitaria no centro. Esperamos que poida ser reanudada con normalidade o vindeiro curso 2021-22.

## 3.CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA (inglés) Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE NA ESO

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias como



complemento á aprendizaxe dos contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe, entre os que se atopan as *competencias clave*. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo no tocante ás competencias clave, que se consideran prioritarias de cara ó desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción e baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que serán demostrados polos alumnos (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De maneira moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os *coñecementos en acción*, é dicir, *mobilizar* os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta de aquela na que se aprendeu), *activar* recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse: formar en competencias permite a aprendizaxe ó longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial dixital, por exemplo, permitirá acceder a este instrumento para obter a información que se precise en cada intre (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade tódolos contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesta competencia, a de *aprender a aprender*.

No noso sistema educativo considérase que as competencias clave que debe ter o alumno cando remata a súa escolaridade OBRIGATORIA para enfrontarse ós retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Senso de iniciativa e espírito emprendedor.

- Conciencia e expresións culturais.

Pero que entendemos por cada unha desas competencias de forma sucinta, e recollendo o máis significativo do que establece o currículo escolar, cada unha delas proporciona á formación persoal e intelectual do alumno o seguinte:

- **Competencia en comunicación lingüística.**

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fóra da escola, enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura coma o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia.

O individuo, mediante o emprego da linguaxe como instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto polas normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto ós dereitos humanos e o pluralismo, a resolución de conflitos, o desenvolvemento das capacidades afectivas en tódolos ámbitos, interese pola aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fonte de pracer.

A competencia en comunicación lingüística está constituída por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, socio-cultural, estratéxico e persoal, que se concretan en diferentes dimensións na interacción comunicativa.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedemental implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto ós datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes ós números, a álgebra, a xeometría e a estatística.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ó mundo físico e á interacción responsable co mesmo. Contribúen ó desenvolvemento do pensamento científico e capacitan o individuo para identificar, formular e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte ós retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxías, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas; así como unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e ambientais, así como a adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun ámbito natural e social.

#### ▪ **Competencia dixital**

Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Supón a adecuación ós cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun ámbito dixital.

Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos.

O individuo deberá ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ó usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación ós propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente en torno a elas. Por outra parte, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborador, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

#### ▪ **Aprender a aprender**

Esta competencia supón, por un lado, iniciarse na aprendizaxe e por outro, ser capaz de continuar aprendendo de xeito autónomo, aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.

Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento se convirten en obxecto do coñecemento e deberase aprender a executalos axeitadamente.

As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para alcanzar as metas da aprendizaxe.

#### ▪ **Competencias sociais e cívicas**

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, para comprender a realidade social do mundo no que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo, e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conduta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.

Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma construtiva en distintos ámbitos e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, para manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, a apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.

O desenvolvemento destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadáns desde unha actitude solidaria e responsable.

#### ▪ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o que implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio, levando adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais; e unhas destrezas como a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderado, pensamento crítico, avaliación e autoavaliación.

Require o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autoconhecimento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

#### ▪ **Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a heranza cultural a tódolos niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e gozar das diferentes manifestacións artísticas. Supón, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

## **4. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS**

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no eido escolar, preparando ós alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe ó tempo que tecnoloxicamente máis avanzado. O noso país atópase comprometido como membro da Unión Europea no fomento e coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da Estratexia de Lisboa. Pola súa parte, o Consello de Europa no Marco de Referencia Común Europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, establece directrices tanto para a

aprendizaxe de linguas coma para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do currículo da área.

O currículo básico establece que a Educación Secundaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ós demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquier outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supongan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concebir o coñecemento científico coma un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castellana, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que ralizaran aportacións importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e

incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio natural, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ó exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 5. CONCRECIÓN PARA CADA ESTANDAR DE APRENDIZAJE

Os estándares de aprendizaxe neste curso organizáronse en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia plurilingüe e intercultural. Recollemos a continuación o lexislado:

### ▪ **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar banvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo.

PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.

PLEB1.3. Comprende o esencial en situación de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.

PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información

relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou de seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión).

PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas.

PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.

PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez.

## ▪ **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.

PLEB2.2. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados con seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.

PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiáns, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando.

PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinión e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.



PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando.

### ▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

PLEB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión).

PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico.

PLEB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.

PLEB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese..

PLEB3.5. Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).

PLEB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.

### ▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

PLEB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc.

PLEB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.

PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.

PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais.

PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social, real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moisinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.

PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

#### ▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

PLB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

PLB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.

PLB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).

PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente

coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

PLB5.5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción.

PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais).

PLB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

## 5.1

### TEMPORALIZACIÓN

## PLANIFICACIÓN TEMPORAL DAS UNIDADES

UNIDADE	Aprox. N° Sesiões	Aprox. Temporalización (50 mins por sesión)*	
Starter Unit	4	3-4 horas*	
1 What's new?	10	8-9 horas*	
2 Lost and found	10	8-9horas*	
3 People and planet	12	10-11 horas*	
4 Making it happen	10	8-9 horas*	
5 Young and old	10	8-9 horas*	
6 Work and play	12	10-11 horas*	
7 The great outdoors	10	8-9 horas*	
8 Home comforts	10	8-9 horas*	
9 Bright ideas	13	11-12 horas*	
TOTAL	101 e.g	100-110 horas*	

Trátase dunha temporalización adaptable ó perfil do grupo-clase pois pode ser utilizada de maneira simultánea con alumnos/as que presenten dificultades na aprendizaxe de idiomas, así como con aqueles que posúan coñecementos un pouco máis avanzados. Asimismo, é adaptable ós propios gustos e iniciativas do profesor/a e seus alumnos/as, e a propia evolución do curso.

Starter Unit

Sesión	Obxectivos	Actividades	CCC	Destrezas	Interacción/Agrupamento	Materiais	Tempo aprox.
[1]	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Escoitar e ler un post dun foro sobre a vida en Australia.</li> <li>•Preguntar e responder cuestións acerca do post.</li> <li>•Practicar o uso de vocabulario relacionado con actividades de lecer, lugares, estacións do ano, deportes e tempo atmosférico.</li> </ul>	<p>READING AND VOCABULARY</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Conversar de forma oral sobre as fotografías que aparecen no libro.</li> </ul>	CL AIP CA	S	T-SS	pg. 4	5´
		<ul style="list-style-type: none"> <li>•Escoitar o audio e ler os comentarios do exercicio, relacionalos no caderno.</li> </ul> <p>1. <i>Did you know? Ler o recadro e conversar.</i></p>		L & R	IW	ex.1 pg. 4 CD 1 track 1	5´
		<ul style="list-style-type: none"> <li>•Ler o exercicio 2 e completar os espazos cos pronomes interrogativos. Por parellas, responder ás preguntas en relación co post.</li> </ul>		R & S	PW	ex. 2 pg. 5	5´
		<ul style="list-style-type: none"> <li>•Buscar nos textos palabras ou frases que estean dentro das categorías que se mencionan: actividades de ocio, lugares, estaciónsdo año, deportes e tempo atmosférico.</li> </ul>		R	IW	ex. 3 pg. 5	2,5´
		VOCABULARY		R	IW	ex. 4 pg. 5 iPack	5´ 2,5´

	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Practicar o uso de nomes referidos a un grupo de persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Ler os exemplos do exercicio e o recadro, buscar palabras que se refiran a un grupo.</li> <li>•Practicar o vocabulario no iPack.</li> <li>•Ler o comezo das frases e completalas no caderno.</li> </ul> <p>GRAMMAR- <i>PRESENT SIMPLE</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Ver la animación en el iPack.</li> <li>• Ler as frases en azul do post, completar as regras do exercicio 6 no caderno.</li> <li>•Escribir de forma correcta as preguntas no caderno. Por parellas, preguntar e contestar ás cuestións.</li> <li>•Practicar a gramática co iPack.</li> </ul> <p>2. <i>Optional activity: Escribir preguntas relacionadas cos temas do exercicio 3 e respondelas por parellas.</i></p>	CL CA	R & W  R R & W  W & S R & W  W	IW  IW IW  PW IW  IW	ex. 5 pg. 5  iPack ex. 6 pg. 5  ex. 7 pg. 5 iPack  ex. 8 pg. 5	5´  2,5´ 5´  5´ 2,5´  5´
	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Repasar o uso do present simple.</li> <li>•Practicar preguntas e respostas en present simple.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Ler as frases en azul do post, completar as regras do exercicio 6 no caderno.</li> <li>•Escribir de forma correcta as preguntas no caderno. Por parellas, preguntar e contestar ás cuestións.</li> <li>•Practicar a gramática co iPack.</li> </ul>					
	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Escribir frases relacionadas coas actividades no tempo libre e deportes do teu país.</li> </ul>	<p>WRITING</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Ler as cuestións do exercicio 1, escribir unha resposta no caderno utilizando present simple e os adverbios de frecuencia.</li> </ul>					

[2]	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Repasar e practicar o vocabulario relacionado coa roupa.</li> <li>•Escoitar unha conversa sobre a vestimenta.</li> <li>•Identificar persoas pola descrición da súa roupa.</li> <li>•Responder preguntas nunha conversa.</li> </ul>	<p>VOCABULARY AND LISTENING</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Repasar e presentar o vocabulario da roupa mediante un xogo no iPack.</li> <li>•Practicar o vocabulario no iPack.</li> <li>•Conversar sobre os artigos de roupa e, en pequenos grupos, escribir o maior número de palabras en relación coa roupa.</li> <li>•Observar as imaxes do libro, relacionar as palabras do recadro coas imaxes, de forma individual ou por parellas.</li> </ul> <p>3. <i>Optional activity: Observar as imaxes do libro, nun tempo límite e sen mirar escribir o maior número de detalles que se memorizaran en relación coa roupa.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Escoitar o audio e segundo as descricións nomear aos personaxes da imaxe.</li> <li>•Ler a pregunta e buscar a resposta.</li> </ul>	<p>CL AA AIP</p>	<p>R</p> <p>R</p> <p>S &amp; W</p> <p>R</p> <p>L</p> <p>R</p> <p>L &amp; W</p> <p>S</p>	<p>IW</p> <p>IW</p> <p>GW</p> <p>IW / PW</p> <p>IW</p> <p>IW</p> <p>IW</p> <p>IW</p>	<p>iPack</p> <p>iPack</p> <p>ex. 1 pg. 6</p> <p>ex. 2 pg. 6</p> <p>ex. 3 pg. 6 CD 1 track 2</p> <p>ex. 4 pg. 6</p> <p>ex. 5 pg. 6 CD 1 track 2</p>	<p>2,5´</p> <p>2,5´</p> <p>5´</p> <p>2, 5´</p> <p>5´</p> <p>5´</p> <p>5´</p> <p>5´</p>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Describir persoas e a roupa que levan.</li> <li>•Revisar o uso de presente continuo.</li> <li>•Practica usando o presente continuo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Ler as preguntas do exercicio, escoitar o audio e respondelas no caderno.</li> </ul> <p>SPEAKING</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Escoller un dos personaxes da imaxe e describilo de forma oral para que os compañeiros adiviñen de quen se trata.</li> </ul> <p>GRAMMAR- PRESENT CONTINUOUS</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Practicar a gramática co iPack.</li> <li>•Ler os exemplos do exercicio, completar as regras no caderno.</li> <li>•Practicar o uso do present continuous no iPack.</li> <li>•Escribir as frases correctamente no caderno, en parellas responder ás preguntas.</li> </ul> <p>4. <i>Optional activity: Escribir tres frases en relación coa foto do exercicio 7 utilizando o present continuous.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Reescribir o diálogo do exercicio 9 de forma correcta.</li> </ul>	<p>CL AIP</p> <p>CL SC</p>	<p>R R &amp; W</p> <p>R</p> <p>R &amp; S</p> <p>W</p> <p>W &amp; S</p>	<p>IW IW</p> <p>IW</p> <p>IW &amp; PW</p> <p>IW</p> <p>IW</p>	<p>ex. 6 pg. 6</p> <p>iPack ex. 7 pg. 7</p> <p>iPack ex. 8 pg. 7</p> <p>ex. 9 pg. 7</p> <p>ex. 10 pg. 7</p>	<p>2,5' 5'</p> <p>2,5'</p> <p>5'</p> <p>2,5'</p> <p>5'</p>
--	--	--	------------------------------------	--	---	---	--



		<p>SPEAKING</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Escoller unha hora do día, escribir un pequeno texto sobre o que se realiza nese momento. Ler o texto en voz alta para que os compañeiros adiviñen a hora.</li> </ul>					
[3]	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Practicar o uso de like+ -ing/noun.</li> <li>•Preguntar e responder cuestións acerca dos gustos persoais.</li> <li>•Escoitar unha conversa na que distintas persoas suxiren cousas que facer.</li> <li>•Responder preguntas nunha conversa.</li> </ul>	<p>SPEAKING, LISTENING AND VOCABULARY</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Contestar preguntas que realiza o profesor/a acerca das actividades que se realizan no tempo libre.</li> <li>•Observar as imaxes e conversar sobre o que se observa. Ler o recadro do exercicio e por parellas realizar preguntas.</li> <li>•Practica usando como + ing en iPack.</li> <li>•Escoitar unha conversa entre dúas persoas e completar o exercicio.</li> <li>•Ler o exercicio, completar as frases no caderno en relación co audio.</li> </ul> <p>5. <i>Optional activity: Escribir dúas frases sobre un mesmo.</i></p> <p>PRACTICAL ENGLISH</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Ordenar un diálogo no iPack.</li> </ul>	<p>CL SC AIP</p>	<p>S</p> <p>S</p> <p>R</p> <p>L</p> <p>L &amp; W</p>	<p>T-SS</p> <p>PW</p> <p>IW</p> <p>IW</p> <p>IW</p> <p>IW</p>	<p>pg. 8</p> <p>ex. 1 pg. 8</p> <p>iPack</p> <p>ex. 2 pg. 8 CD 1 track 3</p> <p>ex. 3 pg. 8 Cd 1 track 3</p> <p>iPack</p>	<p>10´</p> <p>10´</p> <p>5´</p> <p>5´</p> <p>5´</p> <p>5´</p> <p>10´</p>

<p>expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñíbeis.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Intentar sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada"). etc.).</li> </ul> <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.</p> <p>Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.</li> <li>- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</li> <li>- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.</li> <li>- Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</li> <li>- Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.</li> <li>- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</li> <li>- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.</li> <li>- Formulación de suxestións, desexos, condicións e</li> </ul>	<p>e sociolingüísticos adquiridos relativos a estruturas sociais, relacións interpersoais, patróns de actuación, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.</p> <p>Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns das citadas funcións e os patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto escrito, de xeito sinxelo, coa suficiente cohesión interna e coherencia con respecto ao contexto de comunicación.</p> <p>Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso habitual, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipses, deixis persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos frecuentes).</p> <p>Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes e sobre temas menos coñecidos haxa que adaptar a mensaxe.</p> <p>Coñecer e aplicar, de modo adecuado para facerse comprensible case</p>	<p>información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos académico e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.</p> <p>5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e se mantén o contacto social (p. e. con amigos), intercámbiase información, descríbense en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (p. e. a vitoria nunha competición); danse instrucións, fanse e acéptanse ofrecementos e suxestións (p. e. dan instrucións de como chegar a un lugar, poñen ou aceptan queixas ou dan consello), e exprésanse opinións de modo sinxelo.</p> <p>6. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de xeito sinxelo e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos.</p>
--	--	--

<p>hipóteses. - Estabelecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso. Estruturas sintáctico-discursivas.* Léxico escrito de uso común (producción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorno; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e contorno natural; e Tecnoloxías da información e da comunicación. Patróns gráficos e convencións ortográficas.</p>	<p>sempre, os signos de puntuación elementais (p. e. punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. e. orde dos adxectivos, ou separación de palabras ao final de liña), así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico (p. e. SMS, WhatsApp).</p>	
---	--	--

\*Estruturas sintáctico-discursivas do inglés :

- *Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and, too, also); disxunción (or); oposición (but); causa (because (of); due to); finalidade (to- infinitive; for); comparación (too..., (not) ... enough); the fastest); resultado (so...); condición (if, unless); estilo indirecto (statements, questions, commands, suggestions and offers); pronomes relativos (who, that, which, where, when, whose, Defining relative clauses).*
- *Relacións temporais (as soon as; while).*
- *Afirmación (affirmative sentences; tags).*
- *Exclamación (What + (Adj. +) noun, e. g. What a journey!; How + Adj., e. g. How difficult!; oracións exclamativas; e. g. I didn't know that! Great idea! That's cool!).*

- Negación: oracións negativas con *not*, *never*, *no* (Noun, e. g. *no problem*), *nobody*, *nothing*, *negative tags*).
- Interrogación (*Wh- questions*; *Yes / No Questions*; *What is it?*; *tags*).
- 22 Expresión do tempo: pasado (*Past Simple, used to e Past Continuous*; *Present Perfect, Past Perfect e Past Simple*); presente (*Present Simple and Present Continuous*); futuro (*going to; will; Present Continuous con valor de futuro e Present Continuous + Adv.*); futuro continuo.
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*Present Simple e Past Simple/Perfect; e Future Continuous*); habitual (*simple tenses (+ Adv ., e. g. usually); used to*); incoativo (*start -ing*); terminativo (*stop -ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can, be able*); posibilidade/ probabilidade (*may; might; should, perhaps*); necesidade (*must; need, have (got) to*); obriga (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*could; allow*); consello (*should*), intención (*Present Continuous*); condicional (*First, Second and Third Conditional*), voz pasiva (*Present Simple Passive, Past Simple Passive*).
- Estilo indirecto: *statements, questions, orders, requests and suggestions*.
- Expresión da existencia (e. g. *There is / are; There was / were*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronoun (relative, reflexive/enphatic); determiners*); a cualidade (e. g. *good at jumping*).
- Expresión da cantidade (*singular/plural ; cardinal and ordinal numerals*).  
Quantity: e. g. *all (the), most, both, none*. Degree: e. g. *really; quite, so; a little*.  
Comparative and superlative adjectives.
- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*points (e.g. five to (ten)); dvisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of time; duration (from... to; during; untill; since); anteriority (already; (noy) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually)*).
- Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post*).

## 5.1. TEMPORALIZACIÓN

Todo o anterior aparece recollido nas diferentes unidades do material que imos utilizar este curso

Serán traballadas:

1º trimestre:  
Unidade de introducción  
unit 1  
Unit 2  
unit 3

2º trimestre:

unit 4  
unit 5  
unit 6

3º trimestre:

unit 7  
unit 8  
unit 9

## **Secuencia das unidades didácticas**

### **UNIDADE 1: What a Journey!**

#### a) Obxectivos

Aprender vocabulario relacionado coas viaxes e cos sentimentos.  
Ler de forma comprensiva e autónoma a entrada dun blog e a biografía do explorador inglés Sir Walter Raleigh.  
Utilizar correctamente o Past Simple.  
Contrastar o uso do Past Simple co do Past Continuous.  
Escoitar e comprender unha conversa sobre a información publicada nun artigo dun xornal e outra sobre unha viaxe.  
Falar de exploradores e das súas expedicións.  
Describir feitos pasados.  
Informar sobre unha viaxe.  
Escribir un texto sobre algo estraño que lles pasara, prestando atención ao uso das comiñas á hora de citar as palabras exactas que dixo unha persoa.  
Identificar a sílaba en que recae o acento nas palabras e producir a entoación correcta.

#### b) Contidos didácticos

Vocabulary  
Vocabulario relacionado coas viaxes.  
Comprensión e expresión escrita dun cómic.  
Identificación de expresións que se utilizan para referirse a situacións que se dan nas viaxes.

Word Power: breve explicación sobre a formación dos phrasal verbs; en concreto dos formados con set e run, e o seu significado.

#### Grammar

Estrutura e uso do Past Simple.

Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.

English in Use: breve explicación do uso das preposicións in e at co verbo arrive.

#### Speaking

Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.

Práctica oral sobre exploradores co emprego da gramática e do vocabulario vistos.

Interacción oral co compañeiro/a para describir e adiviñar un explorador/a utilizando as expresións dadas.

#### Reading

Lectura dun blog para realizar diferentes tipos de exercicios.

Comprensión da información clave do texto.

Did You Know?: breve información sobre a Illa do Nadal.

#### Grammar

Expresión de accións pasadas: o Past Simple e o Past Continuous.

Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.

#### Speaking

Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.

Práctica oral para describir un evento pasado co emprego da gramática e o vocabulario vistos.

Interacción oral co compañeiro/a para describir unha anécdota utilizando as expresións aprendidas.

Gaining time: uso de expresións para gañar tempo ao falar.

#### Skills in Use

##### Vocabulary

Os sentimentos.

Comprensión e expresión oral de diferentes sentimentos a través da lectura dun blog.

Realización de diferentes exercicios para practicar o vocabulario aprendido.

Word Power: os sufixos -ful, -ed e -able.

#### Listening

Comprensión oral dunha conversa sobre unha viaxe.

Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre o contido da conversa.

### Pronunciation

Pronuncia correcta das sílabas das palabras.

Entoación correcta das oracións tendo en conta en que palabra recae o acento.

English in Use: pronuncia dun trabalinguas.

### Focus on Functional Language

Repaso da linguaxe utilizada para describir sentimentos.

### Speaking

Interacción oral con compañeiro/a para completar un cadro sobre unha viaxe utilizando o vocabulario aprendido.

Showing Interest: expresións para demostrar interese polo que a un lle contan.

### Writing

Getting Ready to Write: análise da estrutura dos contidos dun texto narrativo anecdótico.

Análise da ortografía, a gramática e a linguaxe típica empregada á hora de narrar unha anécdota: comiñas para citar, o Past Simple e o Past Continuous, e os conectores de secuencia first of all, next, then after that, later, eventually, finally e in the end.

Preparación antes de escribir un texto narrativo practicando a estrutura e a linguaxe típicas mediante a realización de varios exercicios.

Writing Task: produción dun texto narrativo seguindo os pasos facilitados no apartado Getting Ready to Write e coa axuda do cadro English in Use.

Everyday English: Booking a flight e Hotel accomodation.

Repaso do vocabulario e expresións típicas das conversas entre un/ha axente de viaxes e un/ha cliente/a ao reservar un voo nun aeroporto.

Práctica oral de conversas relacionadas coas viaxes en aeroportos empregando a linguaxe vista anteriormente.

Interacción oral co compañeiro/a para practicar conversas relacionadas coas viaxes utilizando as expresións dadas.

English in Use: diferenza entre book e order, que se empregan para reservar e pedir, respectivamente.

### Extra reading: Sir Walter Raleigh

Comprensión oral dunha conversa entre dous homes británicos do século XVI.

Comprensión dun texto escrito sobre a biografía do explorador inglés Sir Walter Raleigh.

Realización de varios exercicios para demostrar que se comprenderon os contidos.

TASK: Buscar información sobre outros exploradores e elaborar unha liña de tempo con datas e datos importantes das súas vidas.

### CLIL: History

Comprensión oral e escrita dun texto sobre a historia da aviación.

Realización de exercicios para demostrar a comprensión dos textos.

### Language Summary

Resumo a modo de repaso do vocabulario, da linguaxe funcional e da gramática vistos ao longo de toda a unidade.

### c) Competencias clave

#### Comunicación lingüística:

- Vocabulary, SB, páxs. 10, 14 e 20; Language Builder, WB, páxs. 6-7: vocabulario relacionado coas viaxes e cos sentimentos. Word Power, SB, páxs. 11 e 14: phrasal verbs cos verbos set e run, e os sufixos -ful, -ed e -able para formar adxectivos.
- Listening, SB, páxs. 11 e 14; CLIL, WB, páx. 11, exs. 3-4: comprensión oral dunha conversa sobre a información publicada nun artigo dun xornal, outra conversa en que un rapaz conta as súas experiencias nunha viaxe a París e Roma, outra que tería lugar entre dous homes británicos no século XVI e unha conversa telefónica entre unha nai e unha filla.
- Grammar, SB, páxs. 11, 13 e 20; English in Use, SB, páx. 11: verbos con preposición, arrive in e arrive at.
- Speaking, SB, páxs. 11, 13 e 15; Everyday English, SB, páx. 18-19: uso da lingua inglesa para falar de exploradores e as súas expedicións, falar de acontecementos pasados e informar sobre viaxes, e para simular conversas entre un/ha cliente/a e un/ha axente de viaxes para reservar un billete de avión. English in Use, SB, páxs. 10, 15 e 18: uso de expresións para gañar tempo para pensar mentres se fala e para mostrar interese ao interlocutor/a nunha conversa; diferenza entre os verbos book e order.
- Reading, SB, páxs. 12-13; CLIL, SB, páxs. 17; Extra reading, SB, páxs 130; Reading, WB, páx. 11, exs. 1-2: comprensión escrita dunha entrada dun blog onde se atopa a viaxe que realizan millóns de carangexos vermellos na Illa de Nadal dende a selva á costa, a biografía do explorador inglés Sir Walter Raleigh, a cronoloxía da historia da aviación, un texto sobre o mito grego de Dédalo e Ícaro e outro sobre os primeiros exploradores que chegaron ao Polo Norte.
- Pronunciation, SB, páx. 15: as sílabas tónicas das palabras e produción da entoación correcta. English in Use, páx. 27: pronuncia dun trabalinguas.
- Writing, SB, páx. 16; Extra reading, SB, páxs 130 TASK; WB, páxs. 21 e 114 (Writing Plan): expresión escrita dun texto sobre algo estraño que lles pasara e outro sobre algún acontecemento que lles pareza emocionante e elaboración dun póster con información sobre o "helicóptero" que inventou Leonardo da Vinci utilizando as expresións e vocabulario axeitados.

#### Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

- Grammar, SB, páx. 11, exs. 5, 7 e 8; Extra reading, SB, páxs 130: realización de viaxes e descubrimentos por distintas partes do mundo.
- Reading, SB, páxs. 12-13: interese por coñecer datos sobre o desprazamento de millóns de carangexos vermellos na Illa de Nadal (Australia).
- Listening, SB, páx. 13: interese por coñecer datos sobre a aparición dun pingüín emperador nunha praia de Nova Zelandia.

#### Competencia dixital:



- - IS Interactive Student [www.burlingtonbooks.es/IS](http://www.burlingtonbooks.es/IS). Práctica das actividades interactivas de vocabulario, gramática, formación de diálogos e comprensión oral e escrita correspondentes á unidade 1.
- WordApp: Práctica e consolidación de vocabulario a través de listaxes léxicas interactivas no teléfono móbil do alumno.
- Digital Teacher's Resources:
  - + Burlington ESO 3 Grammar Factory. Práctica dos puntos gramaticais tratados nesta unidade.
  - + Burlington ESO 3 Culture Bank. Coñecemento e valoración de aspectos culturais relevantes mediante preguntas interculturais.
  - + Interactive Whiteboard Materials. Práctica das actividades interactivas correspondentes á unidade 1.
  - + Test Factory and Other Resources. Realización do exame correspondente á unidade 1.
- Everything English Video. Reprodución do capítulo 1. Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.

#### Aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos a través das seccións Check Your Progress e Self-Evaluation correspondentes á unidade (páxs. 14-15 e 128), Language Builder (páxs. 6-7) situadas no Workbook.

#### Competencias sociais e cívicas:

- Grammar, SB, páx. 11, exs. 7-8: o importante papel que desenvolveron os nativos americanos nas expedicións a novos territorios de Norteamérica.
- Everyday English, SB, páx. 18-19: aprendizaxe e práctica das fórmulas para reservar un billete de avión.
- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións que se dan na aula.

#### Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- Speaking, SB, páxs. 11, 13 e 15; Everyday English, SB, páx. 18-19: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados.
- Grammar, SB, páxs. 11 e 13; Reading, SB, páxs. 12-13; CLIL, SB, páxs. 17; Extra reading, SB, páxs 130: mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
- Writing, SB, páx. 16 (Getting Ready to Write e Writing Task); Extra reading, SB, páx. 130 TASK; Writing, WB, páxs. 13 e 114 (Writing Plan): uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos que se dan. Desenvolvemento organizativo para presentar un traballo escrito.
- Self-Evaluation, WB, páx. 128: mostra de autonomía á hora de valorar o nivel de logro dos obxectivos da unidade.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

#### Conciencia e expresións culturais:

- Grammar, SB, páx. 11, exs. 5, 7 e 8: acontecementos históricos e a súa repercusión no presente (o primeiro home que viaxou ao espazo, o descubrimento do río Nilo, o

descubrimiento de América, a compra de territorios a Francia por parte de Estados Unidos, etc.).

- Did You Know?, SB, páx. 12: coñecemento e aprendizaxe de datos curiosos e útiles.

- Listening, SB, páx. 13: datos sobre o achado dun pingüín emperador nas praias de Nova Zelandia.

- Speaking, SB, páx. 13; Extra reading, SB, páxs 130: información sobre os exploradores e as súas viaxes.

- CLIL, SB, páx. 17: un cuestionario para valorar os coñecementos de aviación e a cronoloxía da historia da aviación.

#### d) Temas interdisciplinarios

Bioloxía e Xeoloxía:

- A migración dos carangexos vermellos na Illa de Nadal (Australia).

- Os pingüíns emperadores.

Xeografía e Historia:

- Acontecementos históricos (o primeiro home que viaxou ao espazo, o descubrimento do río Nilo, o descubrimento de América, etc.).

- O importante papel que desenvolveron algúns nativos americanos como guías e intérpretes nas expedicións a novos territorios nos Estados Unidos.

- Información sobre os exploradores: Fernando de Magallanes, Sir Walter Raleigh, Robert Peary e Matthew Henson.

- Historia da aviación.

Valores éticos:

- Respecto polos animais e o seu hábitat.

- Aprendizaxe das fórmulas correctas para reservar un billete de avión.

Lingua e Literatura:

- O Past Simple e o seu contraste co Past Continuous.

- Verbos con preposición: arrive at e arrive in.

- Phrasal verbs: set e run.

- Os sufixos -ful, -ed e -able para formar adxectivos.

- Uso das comiñas para citar as palabras exactas de alguén.

- Tradución galego-inglés no Workbook e inglés-galego no Language Builder.

Tecnoloxía:

- Blogs.

## **UNIDADE 2: Achievements**

### a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado cos logros dunha persoa e as actividades.
- Ler de forma comprensiva e autónoma unha páxina web dun club de siareiros dun grupo musical e un texto sobre a orixe dos Scouts.

- Utilizar correctamente o Present Perfect Simple.
- Contrastar o uso do Present Perfect Simple co do Past Simple.
- Contrastar o uso de used to co do Past Simple.
- escoitar e comprender unha presentación dun traballo na clase e unha entrevista de traballo.
- Falar sobre personaxes famosos, experiencias no pasado e os seus intereses.
- Escribir un artigo sobre un acontecemento, prestando atención ao uso de adxectivos e adverbios de modo, e ao grao superlativo en adxectivos e adverbios.
- Pronunciar correctamente a terminación -ed dos verbos regulares en pasado: /d/, /t/ e /ɪd/ e as palabras que conteñen letras mudas.

## b) Contidos didácticos

### Vocabulary

Vocabulario relacionado cos logros persoais.

Comprensión oral e escrita dos logros persoais mediante a lectura e audición dun texto escrito.

Realización de exercicios para practicar o vocabulario aprendido.

### Listening

Comprensión oral e escrita dunha conversa entre un profesor e un alumno.

Comprensión oral e escrita dunha presentación que fai un alumno na clase.

### Grammar

Expresión de accións que comezan no pasado e teñen unha continuidade no presente: o Present Perfect Simple. Uso e formación da afirmativa, da negativa e da interrogativa.

Expresión de hábitos no pasado: used to.

Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.

English in Use: for e since.

### Speaking

Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.

Práctica oral para falar de persoas famosas co emprego da gramática e do vocabulario vistos.

Interacción oral co compañeiro/a para falar dos logros persoais dunha persoa famosa utilizando as expresións dadas.

Getting information: fórmulas lingüísticas para adquirir información sobre algo.

### Reading

Comprensión oral e escrita dunha páxina web de siareiros dun grupo musical.

Realización de diferentes tipos de exercicios para demostrar a comprensión do texto.

Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.

Did you know?: datos curiosos e interesantes sobre as primeiras estrelas virtuais no Xapón.

## Grammar

Expresión de experiencias no pasado: o Present Perfect Simple e o Past Simple. Uso e formación da afirmativa.

Expresión de rutinas no pasado: used to.

Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.

Comprensión oral dun audio para comprobar as respostas correctas.

English in Use: as expresións de tempo so far e over the years.

## Speaking

Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.

Práctica oral para facer preguntas sobre experiencias pasadas co emprego da gramática e o vocabulario vistos.

Interacción oral co compañeiro/a para facer e contestar preguntas utilizando as expresións aprendidas.

Showing surprise: uso de expresións utilizadas para mostrar sorpresa ante unha información.

## Skills in Use

### Vocabulary

Expresións relacionadas con diferentes tipos de actividades.

Comprensión e expresión oral de diferentes actividades nun campamento educativo de verán.

Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario aprendido.

Word Power: breve explicación e exercicio sobre as collocations cos verbos go, do e make.

## Listening

Comprensión oral dunha entrevista de traballo.

Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión do audio.

## Pronunciation

Pronuncia correcta das letras mudas e dos verbos coa terminación -ed.

English in Use: breve explicación sobre a pronuncia correcta da terminación -ed tra os sons /d/ e /t/.

## Focus on Functional Language

Repaso da linguaxe utilizada para falar dos intereses persoais.

English in Use: breve explicación sobre algúns adxectivos e as preposicións que os acompañan.

## Speaking

Interacción oral co compañeiro/a para falar sobre os intereses persoais de cada un/ha utilizando as expresións dadas.

Presentación oral na clase dos intereses do compañeiro/a.

Comparing: fórmulas lingüísticas para comparar intereses.

#### Writing

Getting Ready to Write: análise da estrutura dos contidos dun artigo xornalístico. Análise da linguaxe típica empregada á hora de describir un evento nun artigo xornalístico: os adxectivos e adverbios de modo, e o grao superlativo en adxectivos e adverbios.

Preparación antes de escribir un artigo xornalístico practicando a estrutura e a linguaxe típicas mediante a realización de varios exercicios.

Writing Task: produción dun artigo xornalístico para describir un evento seguindo os pasos facilitados no apartado Getting Ready to Write e coa axuda do cadro English in Use.

Everyday English: Tell me about yourself. A questionnaire.

Comprensión oral e escrita dunha entrevista.

Repaso do vocabulario e expresións típicas das conversas entre un/ha entrevistador/a e un/ha entrevistado/a.

Práctica oral de entrevistas empregando a linguaxe vista anteriormente.

Interacción oral co compañeiro/a para practicar diálogos sobre as situacións dadas utilizando as expresións vistas.

Word Power: a familia de palabras interview, interviewer e interviewee.

#### Extra reading: THE SCOUTS

Comprensión oral e escrita dun artigo sobre os Scouts co fin de contestar preguntas.

Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario clave do texto e demostrar que se comprenderon os contidos.

Did you know?: datos curiosos e interesantes sobre os Scouts e o aventureiro Scout Bear Grylls.

TASK: Escribir un parágrafo sobre os Scouts no país propio.

#### Culture

Lectura sobre as actividades que fixeron tres adolescentes británicos durante o verán.

Comprensión oral e escrita das actividades descritas nos textos para realizar varios exercicios.

#### Language Summary

Resumo a modo de repaso do vocabulario, a linguaxe funcional e a gramática vistos ao longo de toda a unidade.

#### c) Competencias clave

##### Comunicación lingüística:

- Vocabulary, SB, páxs. 22, 26 e 32; Putting Language Builder, WB, páxs. 8-9: vocabulario relacionado cos logros dunha persoa e actividades. Word Power, SB, páx. 26: collocations cos verbos go, do e make.

- Listening, SB, páxs. 22, 26 e 27; Listening, WB, páx. 19, exs. 3-4: comprensión oral dunha presentación dun traballo na clase, unha entrevista de traballo para ser monitora dun campamento, un anuncio sobre un espectáculo organizado polos Scouts e unha conversa sobre unha persoa interesante.
- Grammar, SB, páxs. 23, 25 e 32; English in Use, SB, páx. 23: uso de for, since, so far e over the years co Present Perfect Simple.
- Speaking, SB, páxs. 23, 25 e 27; Focus on Functional Language, SB, páx. 27; Everyday English, SB, páx. 30-31: uso da lingua inglesa para falar de personaxes famosos, experiencias pasadas e intereses e para simular conversas entre un/ha profesor/a e un/ha estudante e entre un monitor/a dun campamento e un campista/a. English in Use, SB, páxs. 23, 25 e 27: uso de expresións para pedir ao interlocutor/a máis información sobre o tema do que se está a falar, mostrar sorpresa durante a conversa, facer comparacións coa persoa coa que se está a falar, así como adxectivos con preposición. Word Power, páx. 30: palabras que pertencen á mesma familia: interview, interviewer e interviewee.
- Reading, SB, páx. 24; CLIL, SB, páxs. 29; Extra reading, SB, páxs. 131; Reading, WB, páx. 19, exs. 1-2: comprensión escrita dunha páxina web do club de fans dun grupo musical xaponés, un texto sobre a orixe do movemento Scout, tres textos sobre as actividades que realizan uns adolescentes británicos durante o verán e outro texto sobre a organización benéfica Songs of Love.
- Pronunciation, SB, páx. 27; English in Use, páx. 27: pronuncia das palabras que conteñen letras mudas e da terminación -ed dos verbos regulares en pasado: /d/, /t/ e /ɪd/.
- Writing, SB, páx. 28; Extra reading, SB, páxs. 131, TASK; Writing, WB, páxs. 19 e 115 (Writing Plan): expresión escrita dun artigo sobre un acontecemento, outro sobre un acontecemento que tivera lugar no colexio e un texto sobre algunha actividade de verán que lles gustaría facer.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

- Reading, SB, páx. 24: actitude crítica ante a información sobre unha cantante virtual que forma parte dun grupo xaponés.
- Culture culture, SB, páxs. 29: valoración da importancia da práctica de actividades físicas, coñecemento do espazo e do Sistema Solar.

Competencia dixital:

- IS Interactive Student: [www.burlingtonbooks.es/IS](http://www.burlingtonbooks.es/IS). Práctica das actividades interactivas de vocabulario, gramática, formación de diálogos e comprensión oral e escrita correspondentes á unidade 2.
- WordApp: Práctica e consolidación de vocabulario a través de listaxes léxicas interactivas no teléfono móbil do alumno.
- Digital Teacher's Resources:
  - + Burlington ESO 3 Grammar Factory. Práctica dos puntos gramaticais tratados nesta unidade.
  - + Burlington ESO 3 Culture Bank. Coñecemento e valoración de aspectos culturais relevantes mediante preguntas interculturais.
  - + Interactive Whiteboard Materials. Práctica das actividades interactivas correspondentes á unidade 2
  - + Test Factory and Other Resources. Realización do exame correspondente á unidade 2.

- Everything English Video. Reproducción do capítulo 3. Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.

Aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos a través das seccións Check Your Progress e Self-Evaluation correspondentes á unidade (páxs. 22-23 e 128), Language Builder (páxs. 8-9) situadas no Workbook.

Competencias sociais e cívicas:

- Vocabulary, Listening, SB, páx. 22; Grammar, SB, páxs. 23 e 25; Speaking, SB, páx. 23: valoración do traballo realizado por algúns personaxes famosos que lles levou a ter grande éxito nas súas carreiras profesionais.

- Everyday English, SB, páx. 30-31: aprendizaxe e práctica das fórmulas para realizar entrevistas.

- Culture, SB, páxs. 29: respecto polas actividades que realizan as persoas no seu tempo libre.

- Reading, WB, páx. 19: información sobre a organización benéfica Songs of Love.

- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións que se dan na aula.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- Speaking, SB, páxs. 23, 25 e 27; Everyday English, SB, páx. 30-31: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados.

- Listening, SB, páx. 22; Grammar, SB, páxs. 23 e 25; Reading, SB, páx. 24; CLIL, SB, páxs. 28; Extra reading, SB, páxs. 131: mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.

- Writing, SB, páx. 28 (Getting Ready to Write e Writing Task); Extra reading, SB, páxs. 131 TASK; Writing, WB, páxs. 21 e 115 (Writing Plan): uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos que se dan. Desenvolvemento organizativo para presentar un traballo escrito.

- Self-Evaluation, WB, páx. 128: mostra de autonomía á hora de valorar o nivel de logro dos obxectivos da unidade.

- Fomento do traballo cooperativo na aula.

Conciencia e expresións culturais:

- Extra reading, SB, páxs. 131: interese por coñecer a orixe do movemento Scout.

- Did You Know?, SB, páxs. 24 e 131: coñecemento e aprendizaxe de datos curiosos e útiles.

d) Temas interdisciplinarios

Bioloxía e Xeoloxía:

- Aproveitamento dos espazos naturais para realizar distintas actividades.

Xeografía e Historia:

- Orixe do movemento Scout.

Valores éticos:

- Reflexión sobre a achega que cada persoa pode facer para axudar aos demais.
- Aprendizaxe das fórmulas correctas para facer entrevistas.

Lingua e Literatura:

- O Present Perfect Simple e o seu contraste co Past Simple.
- Used to para expresar rutinas no pasado
- Uso de for e since para indicar a duración dunha acción.
- Uso de expresións temporais so far e over the years co Present Perfect Simple.
- Collocations cos verbos go, do e make.
- Adxectivos con preposición.
- Adxectivos e adverbios de modo, e o grao superlativo en adxectivos e adverbios.
- Tradución galego-inglés no Workbook e inglés-galego no Language Builder.

Tecnoloxía:

- Artistas creados de forma virtual mediante holografías.

### **UNIDADE 3: Holiday Time**

a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado coas viaxes e cos seus preparativos.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo sobre as festas peculiares que se celebran noutros países e un texto sobre os labores de conservación no monte Kenya.
- Utilizar os tempos de futuro correctamente.
- escoitar e comprender unha conversa telefónica sobre os preparativos para unha viaxe e outra conversa sobre os plans para as vacacións.
- Falar sobre que levar de equipaxe a unha viaxe.
- Expressar plans futuros.
- Falar sobre plans para viaxar.
- Escribir un correo electrónico a un/ha amigo/a que vai visitalo para contarlle os seus plans, prestando atención ao uso de puntuación informal.
- Pronunciar correctamente a terminación en consoante das palabras e producir o ritmo e a entoación correcta.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

A equipaxe para unha viaxe.

Identificación de diferentes preparativos para as viaxes.

Comprensión e expresión oral e escrita dos diferentes preparativos para as viaxes.

Elaboración dunha lista de roupa e accesorios de moda.

Grammar

Expresión de plans futuros con be going to, e de decisións espontáneas e predicións con will. Uso e formación.

Future Continuous.



Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.

#### Listening

Comprensión oral dunha conversa telefónica sobre plans de viaxe.

Expresión escrita dos datos que se piden relacionados coa conversa sobre os plans da viaxe que se escoitou anteriormente.

#### Speaking

Aplicación do vocabulario e a gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.

Práctica oral de conversas sobre a elección dos utensilios para viaxar co emprego da gramática e o vocabulario vistos.

Interacción oral co compañeiro/a para falar da viaxe ideal do alumno/a e dos cinco utensilios imprescindíbeis para esa viaxe utilizando as expresións dadas.

Disagreeing: fórmulas lingüísticas frecuentes para expresar que non se está de acordo co que di outra persoa.

#### Reading

Lectura dun artigo dunha revista de viaxes para realizar diferentes tipos de exercicios.

Comprensión da información clave do texto.

English in Use: nomes de comidas de orixe animal.

Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.

#### Grammar

Expresión de plans futuros con be going to, e de decisións espontáneas e predicións con will. Uso e formación.

Future Continuous.

Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.

English in Use: o Present Continuous con valor de futuro.

#### Speaking

Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.

Práctica oral para falar do futuro co emprego da gramática e do vocabulario vistos.

Interacción oral co compañeiro/a para expresar accións futuras dependendo das situacións dadas utilizando as expresións aprendidas.

Showing approval: expresións para mostrar aprobación.

#### Skills in Use

##### Vocabulary

As viaxes.

Comprensión e expresión oral de diferentes expresións relacionadas coas viaxes.

Realización de diferentes exercicios para practicar o vocabulario aprendido.

Word Power: collocations co verbo take.

### Listening

Comprensión oral dunha conversa sobre plans de viaxe.

Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre uns plans de viaxe.

Did You Know?: datos curiosos e interesantes sobre Yorkshire.

### Pronunciation

Pronuncia correcta de consoantes finais.

A entoación e o ritmo das oracións.

English in Use: pronuncia dun trabalinguas.

### Focus on Functional Language

Repaso da linguaxe utilizada para falar de plans de viaxe.

### Speaking

Interacción oral co compañeiro/a para planear a viaxe ideal utilizando as expresións aprendidas e apoiándose nas imaxes dos pósters que aparecen no exercicio.

### Writing

Getting Ready to Write: análise da estrutura dos contidos dun correo electrónico que fala sobre plans de viaxe.

Análise da linguaxe típica empregada á hora de describir plans de viaxe (be going to) e facer predicións futuras (will), e uso da puntuación típica da linguaxe informal (raias, puntos suspensivos, parénteses e signos de exclamación).

Preparación antes de escribir un correo electrónico descritivo sobre plans de viaxe practicando a estrutura e a linguaxe típicas mediante a realización de varios exercicios.

Writing Task: produción dun correo electrónico para describir plans de viaxe seguindo os pasos facilitados no apartado Getting Ready to Write e coa axuda do cadro English in Use.

### Everyday English: Getting Information. Travel updates.

Repaso do vocabulario e expresións típicas das conversas en que se fala de plans de viaxe.

Práctica oral de conversas relacionadas cos plans de viaxe empregando a linguaxe vista anteriormente.

English in Use: asking for more information.

Interacción oral co compañeiro/a para practicar conversas sobre plans de viaxe coas expresións vistas e coa información que se dá.

### Extra reading: Cleaning up Mount Kenya

Comprensión dun texto sobre os labores de conservación no monte Kenya.

Realización de exercicios para demostrar que se comprenderon os contidos.

Did you know?: datos curiosos e interesantes sobre os nomes dalgunhas sendas dos Andes peruanos.

TASK: Elaborar un póster sobre algún labor de conservación levada a cabo na túa cidade.

CLIL Geography: Unusual Journeys

Lectura de textos que falan sobre diferentes tipos de viaxes extraordinarias.

Compresión oral e escrita de varios textos escritos sobre viaxes extraordinarias.

Demostración de que se entenderon os contidos do texto contestando varias preguntas.

TASK: escribir un parágrafo sobre unha viaxe que fixeran ou que lles gustaría facer.

Language Summary

Resumo a modo de repaso do vocabulario, a linguaxe funcional e a gramática vistos ao longo de toda a unidade.

### c) Competencias clave

Comunicación lingüística:

- Vocabulary, SB, páxs. 34, 38 e 44;; Language Builder, WB, páxs. 10-11: uso de vocabulario relacionado coas viaxes e os seus preparativos. Word Power, SB, páx. 38: collocations co verbo take.

- Listening, SB, páxs. 35 e 38; CLIL, SB, páx. 41; Listening, WB, páx. 27, exs. 3-4: comprensión oral dunha conversa telefónica en que dous amigos falan sobre os preparativos para unha viaxe, unha conversa sobre os plans para as vacacións, outra en que dous amigos falan sobre o proxecto de xeografía dun deles e outra sobre unha viaxe a Londres.

- Grammar, SB, páxs. 35, 37 e 44; Future tenses. English in Use, SB, páxs. 35 : o Present Continuous con valor de futuro.

- Speaking, SB, páxs. 35, 37 e 39; Everyday English, SB, páx. 42-43: participación en conversas e simulacións co compañeiro/a para falar sobre que levar na equipaxe para unha viaxe, plans para o futuro e plans para unha viaxe, e contratar unha excursión. English in Use, SB, páxs. 35 e 37: uso de frases para expresar desacordo con algo concreto que di outra persoa e mostrar que algo lles parece aceptábel.

- Reading, SB, páxs. 36-37; CLIL, SB, páxs. 41; Extra reading, SB, páxs. 132; Reading, WB, páx. 27, exs. 1-2: comprensión escrita dun artigo sobre as festas peculiares que se celebran noutros países, un texto sobre as tarefas de conservación do monte Kenya, varios textos sobre viaxes pouco convencionais e sobre a autora británica Agatha Christie e un artigo en que varios adolescentes contan as actividades que realizaron durante as súas vacacións e fan algunhas recomendacións. English in Use, páx. 36: diferenza entre o nome do animal e o nome que recibe a carne procedente deste.

- Pronunciation, SB, páx. 39: pronuncia da terminación en consoante das palabras e produción do ritmo e a entoación correcta. English in Use, páx. 39: pronuncia dun trabalinguas.

- Writing, SB, páx. 40; Extra reading, SB, páx. 132 TASK; Writing, WB, páxs. 29 e 115 (Writing Plan): expresión escrita dun correo electrónico a un amigo/a que vai visitalo para contarlle os seus plans e outro para contarlle os seus plans para facer unha

viaxe a Bristol (Inglaterra), e un texto sobre unha viaxe que fixeran ou que lles gustaría facer.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

- Grammar, SB, páx. 35, exs. 5 e 7: información sobre diversas cidades e países do mundo; información sobre lugares para ver no Perú.
- Reading, SB, páx. 37; CLIL, SB, páx. 41: localización de países nun mapa.
- Extra reading, SB, páxs. 132: respecto polo medio natural.
- CLIL, SB, páxs. 41: información sobre viaxes no antigo Orient Express, viaxes inspiradas nas rutas dos exploradores que chegaron á Antártida, ás Cataratas Vitoria, etc., rutas en caravana de camelos polo deserto do Sáhara e o turismo espacial.

Competencia dixital:

- IS Interactive Student: [www.burlingtonbooks.es/IS](http://www.burlingtonbooks.es/IS). Práctica das actividades interactivas de vocabulario, gramática, formación de diálogos e comprensión oral e escrita correspondentes á unidade 3.
- WordApp: Práctica e consolidación de vocabulario a través de listas léxicas interactivas no teléfono móbil do alumno.
- Digital Teacher's Resources:
  - + Burlington ESO 3 Grammar Factory. Práctica dos puntos gramaticais tratados nesta unidade.
  - + Burlington ESO 3 Culture Bank. Coñecemento e valoración de aspectos culturais relevantes mediante preguntas interculturais.
  - + Interactive Whiteboard Materials. Práctica das actividades interactivas correspondentes á unidade 3.
  - + Test Factory and Other Resources. Realización do exame correspondente á unidade 3
- Everything English Video. Reprodución do capítulo 3. Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.

Aprender a aprender:

- Uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos a través das seccións Check Your Progress e Self-Evaluation correspondentes á unidade (páxs. 30-31 e 128), Language Builder (páxs. 14-15) situadas no Workbook.

Competencias sociais e cívicas:

- Listening, SB, páxs. 35 e 38; Speaking, SB, páxs. 37 e 39: tolerancia e respecto polas intencións e plans dos demais.
- English in Use, SB, páxs. 35 e 37: aprendizaxe e práctica de frases para expresar desacordo con algo concreto que di outra persoa e mostrar que algo lles parece aceptábel.
- Reading, SB, páxs. 36-37: respecto por actividades propias doutras culturas ou que poidan resultar inusitadas.
- Everyday English, SB, páx. 42-43: aprendizaxe e práctica das fórmulas para contratar unha excursión.
- Extra reading, SB, páxs. 132: consideración da axuda a coidar do medio natural como unha experiencia gratificante.

- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións que se dan na aula.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- Speaking, SB, páxs. 35, 37 e 39; Everyday English, SB, páx. 42-43: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados.
- Grammar, SB, páx. 35; Reading, SB, páxs. 36-37; CLIL, SB, páxs. 41; Extra reading, SB, páxs. 132: mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
- Writing, SB, páx. 40 (Getting Ready to Write e Writing Task); Extra reading, SB, páx. 132, TASK; Writing, WB, páxs. 29 115 (Writing Plan): uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos que se dan. Desenvolvemento organizativo para presentar un traballo escrito.
- Self-Evaluation, WB, páx. 128: mostra de autonomía á hora de valorar o nivel de logro dos obxectivos da unidade.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.

Conciencia y expresións culturais:

- Grammar, SB, páx. 35, exs. 5 e 7: información sobre diversas cidades e países do mundo; información sobre lugares para ver no Perú.
- Reading, SB, páx. 36: información sobre as festas peculiares que se celebran en países como Tailandia, Francia e Estados Unidos.
- Did You Know?, SB, páxs. 38 e 132: coñecemento e aprendizaxe de datos curiosos e útiles.
- Listening, SB, páx. 38: información sobre York (Inglaterra).
- Everyday English, SB, páx.42-43: ofertas de excursións para visitar unha cidade que ofrecen algunhas empresas.
- CLIL, SB, páxs. 41: información sobre destinos pouco convencionais para viaxar; información sobre a autora británica Agatha Christie.

#### d) Temas interdisciplinares

Bioloxía e Xeoloxía:

- O medio natural.

Xeografía e Historia:

- Destinos turísticos de interese: Perú, Bután e a Antártida.
- Localización de Tailandia, Francia, Estados Unidos e Kenya nun mapa.
- Viaxes a lugares pouco convencionais.

Valores éticos:

- A importancia de manter unha actitude de respecto tanto cara ao profesor/a como cara aos compañeiros/as da clase.
- Respecto polas tradicións e polos costumes doutras culturas.
- Respecto cara aos estilos de vida doutras persoas e cara a outras formas de viaxar.
- Respecto cara aos espazos naturais para evitar a súa deterioración.
- O voluntariado; axudar aos demais visto coma unha experiencia gratificante.
- Aprendizaxe e respecto cara ás quendas de palabra dentro e fóra da aula.

- Aprendizaxe das fórmulas correctas para contratar unha excursión.

Lingua e Literatura:

- O futuro con will.
- A forma be going to.
- O Present Continuous con valor de futuro.
- O Present Simple para falar dun horario fixo.
- Collocations co verbo take.
- Phrasal verbs coa preposición up.
- Uso dunha puntuación informal á hora de redactar un correo electrónico informal.
- Información sobre Agatha Christie.
- Tradución galego-inglés no Workbook e inglés-galego no Language Builder.

Tecnoloxía:

- O correo electrónico.

#### **UNIDADE 4: Home and Away**

##### a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado con lugares da cidade e elementos urbanos.
- Ler de forma comprensiva e autónoma unha páxina web en que dous estudantes de intercambio narran as súas experiencias no estranxeiro e un texto sobre a Ponte da Baía de Sidney.
- Contrastar o uso das frases condicionais: First, Second and Third Conditional.
- escoitar e comprender varias conversas telefónicas e unha conversa onde se dan indicacións para chegar a un lugar.
- Falar sobre lugares da cidade.
- Preguntar por lugares da cidade.
- Dar indicacións para chegar a un lugar.
- Escribir a descrición dun lugar, prestando atención ao uso de palabras e expresións para incluír exemplos.
- Identificar e producir sons de especial dificultade, como en “turn”, “corner” e “theatre” e pronunciar correctamente os cognates.

##### b) Contidos didácticos

Vocabulary

Lugares da cidade e os elementos urbanos.

Comprensión oral de conversas telefónicas.

Word Power: nomes compostos.

Listening

Comprensión oral dunha conversa telefónica relacionada cos lugares da cidade.

Grammar

Frases condicionais formación e uso.

Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.

#### Speaking

Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.

Práctica oral do vocabulario relacionado coas cidades e cos elementos urbanos mediante o emprego da gramática e do vocabulario vistos.

Interacción oral co compañeiro/a para describir os distintos sitios da cidade e adiviñar de cal se trata.

#### Reading

Familiarizarse con cidades do estranxeiro a través da información que se dá nunha páxina web.

Lectura dun texto para obter información e relacionar entre si os datos que se piden.

Comprensión da información clave do texto.

Word Power: recoñecemento de cognates e false friends no texto.

Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.

#### Grammar

Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.

Comprensión oral sobre cidades e os seus elementos urbanos.

English in Use: Expresións de apoio fronte a unha situación irreal.

#### Speaking

Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.

Práctica oral para falar das cidades e dos elementos urbanos utilizando a gramática e o vocabulario vistos.

Interacción oral co compañeiro/a para falar dos distintos elementos urbanos utilizando as expresións aprendidas.

Responding: uso de expresións lingüísticas para expresar respostas.

#### Skills in Use

##### Vocabulary

Adxectivos para describir os lugares da cidade.

Comprensión e expresión oral dos lugares da cidade.

Práctica do uso correcto do vocabulario aprendido.

Did You Know?: breve explicación sobre o uso de palabras diferentes nos distintos países para designar unha mesma cousa.

#### Listening

Comprensión oral e escrita dunha conversa en que se pregunta por un enderezo.

Resposta a varias preguntas sobre o contido da conversa.

#### Pronunciation

Pronuncia correcta de sons de especial dificultade, como os que se dan en “turn”, “corner” e “theatre”.

Uso correcto do acento nas palabras.

English in Use: breve explicación sobre que son os cognates.

Focus on Functional Language

Uso da linguaxe utilizada para indicar enderezos.

Speaking

Práctica oral para indicar enderezos.

- Práctica oral de entrevistas típicas cun orientador empregando a linguaxe vista anteriormente.
- Interacción oral co compañeiro/a para practicar entrevistas típicas cun orientador utilizando as expresións vistas e a información que se dá.
- *IC: Communication Video*: visión dun vídeo e realización de exercicios sobre o seu contido.

### **Everyday English: A Questionnaire**

- Lectura e comprensión escrita de anuncios para facer un voluntariado.
- Comprensión oral dun diálogo sobre un voluntariado.
- Completar un cuestionario para facer un voluntariado.

### **Language Summary**

- Resumo a modo de repaso do vocabulario, a linguaxe funcional e a gramática vistos ao longo de toda a unidade.

### **Culture Magazine**

- Comprensión oral e escrita dun texto sobre a gastronomía de Londres.

- Demostración de que se entenderon os contidos do texto contestando varias preguntas.
- *TASK*: escribir sobre un prato favorito.

### c) Competencias clave

- Comunicación lingüística:
  - *Vocabulary*, SB, páxs. 50, 54 e 60; *Language Builder*, WB, páxs. 12-13: vocabulario relacionado coas interaccións sociais e a vida na cidade; *Word Power*, páx. 50: *idioms* relacionados coas interaccións sociais; *Word Power*, SB, páx. 54: familias de palabras con **employ**.
  - *Listening*, SB, páxs. 53 e 54; *Everyday English*, SB, páx. 58; *Listening*, WB, páx. 35, exs. 3-4: comprensión oral dun quiz sobre animais, un programa de radio sobre problemas na cidade e unha entrevista de traballo.
  - *Grammar*, SB, páxs. 51, 53 e 60: o primeiro, segundo e terceiro condicional, o condicional cero e as oracións temporais.
  - *Speaking*, SB, páxs. 51, 53 e 55; *Everyday English*, SB, páx. 58: participación en conversas e simulacións co compañeiro/a para comparar comportamentos, pedir desculpas, falar sobre problemas e solucións, e facer unha entrevista de traballo.
  - *Reading*, SB, páx. 52; *CLIL*, SB, páx. 57; *Culture Magazine*, SB, páx. 135; *Reading*, WB, páx. 35, exs. 1-2: comprensión escrita dunha infografía sobre as formigas, un texto sobre organizacións que loitan contra o acoso escolar e uns textos sobre a gastronomía de Londres.
  - *Pronunciation*, SB, páx. 55: pronuncia da letra **g** en palabras como **charge** ou **big**, e da letra **j** en palabras como **jam**. Palabras con letras mudas.
  - *Writing*, SB, páx. 56; *Everyday English*, SB, páx. 59, *English in Use*; *Culture Magazine*, SB, páx. 135, *TASK*; *Writing*, WB, páxs. 37 e 119 (*Writing Plan*): expresión escrita dun correo electrónico sobre algún problema e dun texto sobre algún dos teus pratos favoritos utilizando as expresións e vocabulario axeitados e completar un cuestionario.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:
  - *Vocabulary*, SB, páxs. 50, 54 e 60; *Language Builder*, WB, páxs. 12-13: vocabulario relacionado coas interaccións sociais e a vida na cidade; *Word Power*, páx. 50: *idioms* relacionados coas interaccións sociais.
  - *Speaking*, SB, páxs. 51, 53 e 55; *Everyday English*, SB, páx. 57: comparar comportamentos, pedir desculpas e falar sobre problemas e solucións.
- Competencia dixital:
  - *Reading*, SB, páx. 52; *CLIL*, SB, páx. 57; *Culture Magazine*, SB, páx. 135; *Reading*, WB, páx. 35, exs. 1-2: manter unha actitude crítica e reflexiva ao valorar, seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes.
  - *Speaking*, SB, páxs. 51, 53 e 55; *Everyday English*, SB, páx. 58: respecto polas normas de conduta en interaccións na clase co profesor/a ou cos compañeiros/as ao usar a información e as súas fontes.
  - *Writing*, SB, páx. 56; *Culture Magazine*, SB, páx. 135, *TASK*; *Writing*, WB, páxs. 37 e 119 (*Writing Plan*): mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e as súas fontes.
  - *Everyday English*, SB, páx. 58: actitude crítica ante a información sobre

como facer unha entrevista de traballo.

- *English in Use Interactive*: [www.burlingtonbooks.es/eiu4interactive](http://www.burlingtonbooks.es/eiu4interactive).

Práctica das actividades interactivas de vocabulario, gramática, formación de diálogos e comprensión oral e escrita correspondentes á unidade 4.

- *Digital Teacher's Resources*:

+ *Burlington ESO Grammar Factory*. Práctica dos puntos gramaticais tratados nesta unidade.

+ *Burlington ESO Culture Bank*. Coñecemento e valoración de aspectos culturais relevantes mediante preguntas interculturais.

+ *Interactive Whiteboard Materials*. Práctica das actividades interactivas correspondentes á unidade 4 e uso das novas ferramentas *Grammar Animation, Wordlists and Dictations, Slideshows e Team Games*.

+ *Test Factory and Other Editable Resources*. Realización dos exames correspondentes á unidade 4.

- *Everything English Video*. Reprodución do capítulo 4. Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.

• Aprender a aprender:

- *Check Your Progress*, WB, páxs. 38-39; *Self-Evaluation*, WB, páxs. 39 e 130; *Language Builder*, WB, páxs. 12-13: uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.

• Competencias sociais e cívicas:

- *Vocabulary*, SB, páx. 50: respecto polas diferentes formas de interacción social.

- *Culture Magazine*, SB, páx. 135: respecto polos hábitos alimentarios doutras culturas.

- *English in Use*, SB, páxs. 53 e 55: aprendizaxe e práctica de expresións para pedir desculpas e expresar esperanza.

- *Everyday English*, SB, páx. 57: aprendizaxe e práctica das fórmulas para realizar unha entrevista de traballo.

- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións que se dan na aula.

• Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- *Speaking*, SB, páxs. 51, 53 e 55; *Everyday English*, SB, páx. 58: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados.

- *Grammar*, SB, páx. 51; *Reading*, SB, páx. 52; *CLIL*, SB, páx. 57; *Culture Magazine*, SB, páx. 135: mostra de sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.

- *Writing*, SB, páx. 56 (*Getting Ready to Write e Writing Task*); *Culture Magazine*, SB, páx. 135, *TASK*; *Writing*, WB, páxs. 37 e 119 (*Writing Plan*): uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos que se dan. Desenvolvemento organizativo para presentar un traballo escrito.

- *Self-Evaluation*, WB, páxs. 39 e 130: mostra de autonomía á hora de valorar o nivel de logro dos obxectivos da unidade.

- Fomento do traballo cooperativo na aula.

- Conciencia e expresións culturais:
  - *Vocabulary*, páxs. 50 e 54: interese por coñecer como é a vida na cidade en diferentes países e como se interactúa.
  - *Culture Magazine*, SB, páx. 135: interese por coñecer datos relacionados coa gastronomía doutras cidades.
  - *Grammar*, SB, páx. 51, exs. 6 e 7: datos interesantes sobre os sentineleses, unha tribo da illa Sentinel do Norte.
  - *Reading*, WB, páx. 35: forma de vida das formigas.
  - *Did You Know?*, SB, páx. 52: coñecemento e aprendizaxe de datos curiosos e útiles.

#### **d) Temas interdisciplinarios**

- Bioloxía e Xeoloxía
  - Forma de vida das formigas e outros animais.
- Xeografía e Historia:
  - A tribo dos sentineleses.
- Valores Éticos:
  - Interaccións sociais e vida na cidade.
  - O voluntariado.
  - A importancia de manter unha actitude de respecto tanto cara ao profesor/a como cara aos compañeiros/as de clase.
  - Aprendizaxe e respecto cara ás quendas de palabra dentro e fóra da aula.
- Tecnoloxías da Información e a Comunicación:
  - Material dixital e interactivo para complementar o uso dos libros.
- Lingua e Literatura:
  - O primeiro, segundo e terceiro condicional.
  - O condicional cero.
  - As oracións temporais.
  - A linguaxe formal.
  - Tradución galego-inglés no *Workbook* e inglés-galego no *Language Builder*.
- Lingua Estranxeira:
  - Tradución de *idioms*.

### **UNIDADE 5: Made for You**

#### **a) Obxectivos**

- Aprender vocabulario relacionado co *marketing* e coas compras.
- Utilizar a pasiva en presente, pasado e futuro.
- Ler de forma comprensiva e autónoma unha páxina web con información para consumidores e un texto sobre a historia do diñeiro.
- escoitar e comprender unha nova sobre o Día do Solteiro e unha conversa nunha tenda.

- Describir un produto, falar sobre o futuro e tomar unha decisión.
- Falar sobre algo para comprar ou vender.
- Escribir un artigo de opinión sobre as compras online ou en tenda, prestando atención ao uso da pasiva.
- Identificar e producir o son das letras **ch** en palabras como **charge**, **sh** en palabras como **shopping** e **ge** ou **j** en palabras como **range** o **job**.

## b) Contidos didácticos

### Vocabulary

- Vocabulario sobre mercadotecnia.
- Comprensión das diferentes opinións escritas expresadas.
- Exercicios para practicar o vocabulario presentado.
- *English in Use*: diferenzas de vocabulario entre o inglés británico e americano.

### Grammar

- Uso da pasiva en presente e pasado para centrarse na acción e non na persoa que actúa en situacións de compravenda.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.
- Comprensión oral dun audio para comprobar as respostas correctas dun exercicio.

### Speaking

- Aplicación do vocabulario e a gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Práctica oral de conversas para describir un produto visto nun anuncio mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- *English in Use, Responding to guesses*: fórmulas lingüísticas frecuentes para responder a intentos de acerto.

### Reading

- Lectura dun artigo dixital que alerta aos consumidores sobre varios aspectos.
- Realización de diferentes tipos de exercicios para demostrar a comprensión do texto.
- Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.
- *Did You Know?*: información curiosa sobre os hábitos de compras dos xoves.
- *Word Power*: información sobre as familias de palabras.

### Listening

- Comprensión oral dunha nova sobre o Día do Solteiro.

- Realización de exercicios sobre o contido da nova.

### **Grammar**

- Uso da pasiva en futuro para falar de compras en futuro e centrarse na acción.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.

### **Speaking**

- Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Práctica oral de conversas para expresar accións futuras mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.

### **Skills in Use**

#### *Vocabulary*

- Vocabulario sobre compras.
- Realización de diferentes exercicios para practicar o vocabulario aprendido.
- *Word Power: collocations* coa palabra **price**.

#### *Listening*

- Comprensión oral dunha conversa nunha tenda.
- Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre o contido da conversa.

#### *Pronunciation*

- Pronuncia correcta dos sons /tʃ/, /ʃ/ e /dʒ/, e diferenciación de pronuncia dunha mesma palabra segundo actúe como substantivo ou verbo.
- *English in Use*: diferenciación de pronunciación dunha mesma palabra segundo actúe como substantivo ou verbo.

#### *Focus on Functional Language*

- Diálogo con expresións relacionadas coas compras.

#### *Speaking*

- Práctica oral de conversas actuando como cliente/a e persoal dunha tenda mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- *English in Use, Responding to thanks*: fórmulas para responder un agradecemento.

#### *Writing*

- *Getting Ready to Write*: análise da estrutura dos contidos dun texto en que se expresa unha opinión.
- Análise da linguaxe típica empregada á hora de escribir un

texto en que se expresa unha opinión: a pasiva e expresións para ofrecer unha opinión, como **in my opinion**, etc.

- Preparación antes de escribir un texto en que se expresa unha opinión practicando a estrutura e linguaxe típicas mediante a realización de varios exercicios.
- *Writing Task*: produción dun texto para expresar unha opinión seguindo os pasos facilitados no apartado *Getting Ready to Write* e coa axuda do cadro *English in Use*.

### **CLIL: The Money in Our Pocket**

- Comprensión dun texto sobre a historia do diñeiro.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario clave do texto e demostrar que se comprenderon os contidos.
- *IC: Culture Video*: visión dun vídeo e realización de exercicios sobre o seu contido.

### **Everyday English: Buying and Selling**

- Repaso do vocabulario e expresións típicas das conversas sobre a mercadotecnia e as compras.
- Práctica oral de conversas relacionadas coa mercadotecnia e as compras empregando a linguaxe vista anteriormente.
- Interacción oral co compañeiro/a para practicar conversas sobre mercadotecnia e compras coas expresións vistas e a información que se dá.
- *IC: Communication Video*: visión dun vídeo e realización de exercicios sobre o seu contido.

### **Everyday English: Messaging**

- Lectura e comprensión de SMS en que se anuncian diferentes produtos.
- Exercicio sobre as abreviaturas utilizadas nos anuncios publicitarios.
- Redacción dun SMS con contido publicitario.

### **Language Summary**

- Resumo a xeito de repaso do vocabulario, a linguaxe funcional e a gramática vistos ao longo de toda a unidade.

### **Culture Magazine**

- Comprensión oral e escrita dun texto sobre o *Black Friday*.
- Demostración de que se entenderon os contidos do texto contestando varias preguntas.
- *TASK*: redacción dun parágrafo sobre hábitos de compra.

### **c) Competencias clave**

- Comunicación lingüística:



- *Vocabulary*, SB, páxs. 62, 66 e 72; *Language Builder*, WB, páxs. 14-15: uso de vocabulario relacionado coa mercadotecnia e as compras. *English in Use*, SB, páx. 62: diferenzas entre as palabras **ad** e **advert**. *Word Power*, SB, páx. 64: familias de palabras con **attract**, **product** e **tempt**. *Word Power*, SB, páx. 66: *collocations* coa palabra **price**.
- *Listening*, SB, páxs. 65 e 66; *CLIL*, SB, páx. 69; *Listening*, WB, páx. 43, exs. 3-4: comprensión oral de unha nova sobre o Día do Solteiro, unha conversa nunha tenda e un programa de radio en que se fala sobre como gastan o diñeiro os británicos.
- *Grammar*, SB, páxs. 63, 65 e 72: uso da pasiva en presente, pasado e futuro.
- *Speaking*, SB, páxs. 63, 65 e 67; *Everyday English*, SB, páx. 70: participación en conversas e simulacións co compañeiro/a para describir un produto, falar sobre o futuro, tomar decisións, e vender ou comprar un produto. *English in Use*, SB, páxs. 63 e 67: uso de frases para responder a conxecturas e agradecementos.
- *Reading*, SB, páx. 64; *CLIL*, SB, páx. 69; *Culture Magazine*, SB, páx. 136; *Reading*, WB, páx. 43, exs. 1-2: comprensión escrita dunha páxina web para consumidores, un texto sobre a historia do diñeiro, un texto sobre o *Black Friday* e unha páxina web sobre o tipo de mercado *car boot sale*.
- *Pronunciation*, SB, páx. 67: pronuncia do son das letras **ch** en palabras como **charge**, **sh** en palabras como **shopping**, e **ge** ou **j** en palabras como **range** o **job**. *English in Use*, páx. 67: diferenza de pronuncia de algunhas palabras segundo se son substantivos ou verbos.
- *Writing*, SB, páx. 68; *Everyday English*, SB, páx. 71, *English in Use*; *Culture Magazine*, SB, páx. 136, *TASK*; *Writing*, WB, páxs. 45 e 120 (*Writing Plan*): expresión escrita dun artigo de opinión sobre as compras online e outro sobre a venda de snacks pouco saudábeis nos supermercados, dun parágrafo sobre as súas preferencias á hora de comprar e dun SMS con contido publicitario.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:
  - *CLIL*, SB, páx. 69: historia do diñeiro.
  - *Vocabulary*, SB, páx. 62: a mercadotecnia e a publicidade, e como afectan á nosa economía.
  - *Reading*, SB, páx. 64: publicidade enganosa e alertas a consumidores.
  - *Vocabulary*, SB, páx. 66; *Listening*, SB, páx. 66; *Everyday English*, SB, páx. 70: diferentes métodos de compra e venda de produtos, tanto online como en tenda.
  - *Culture Magazine*, SB, páx. 136: obsesión polas compras.
- Competencia dixital:
  - *Speaking*, SB, páxs. 63, 65 e 67; *Everyday English*, SB, páx. 70:

respecto polas normas de conduta en interaccións na clase co profesor/a ou cos compañeiros/as ao usar a información e as súas fontes.

- *Reading*, SB, páx. 64; *CLIL*, SB, páx. 69; *Culture Magazine*, SB, páx. 136; *Reading*, WB, páx. 43, exs. 1-2: manter unha actitude crítica e reflexiva ao valorar, seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes.

- *Reading*, SB, páx. 64: lectura e uso de páxinas web.

- *Writing*, SB, páx. 68; *Culture Magazine*, SB, páx. 136, *TASK*; *Writing*, WB, páxs. 45 e 120 (*Writing Plan*): mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e as súas fontes.

- *English in Use Interactive*: [www.burlingtonbooks.es/eiu4interactive](http://www.burlingtonbooks.es/eiu4interactive). Práctica das actividades interactivas de vocabulario, gramática, formación de diálogos e comprensión oral e escrita correspondentes á unidade 5.

- *Digital Teacher's Resources*:

+ *Burlington ESO Grammar Factory*. Práctica dos puntos gramaticais tratados nesta unidade.

+ *Burlington ESO Culture Bank*. Coñecemento e valoración de aspectos culturais relevantes mediante preguntas interculturais.

+ *Interactive Whiteboard Materials*. Práctica das actividades interactivas correspondentes á unidade 5 e uso das novas ferramentas *Grammar Animation*, *Wordlists and Dictations*, *Slideshows* e *Team Games*.

+ *Test Factory and Other Editable Resources*. Realización dos exames correspondentes á unidade 5.

- *Everything English Video*. Reprodución do capítulo 5. Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.

• Aprender a aprender:

- *Check Your Progress*, WB, páxs. 46-47; *Self-Evaluation*, WB, páxs. 47 e 131; *Language Builder*, WB, páxs. 14-15: uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.

• Competencias sociais e cívicas:

- *Listening*, SB, páxs. 63 e 66; *Speaking*, SB, páxs. 65 e 67: tolerancia e respecto polas intencións e plans dos demais.

- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións que se dan na aula.

• Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- *Speaking*, SB, páxs. 63, 65 e 67; *Everyday English*, SB, páx. 70: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados.

- *Grammar*, SB, páx. 63; *Reading*, SB, páx. 64; *CLIL*, SB, páx. 69; *Culture Magazine*, SB, páx. 136: mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
  - *Writing*, SB, páx. 68 (*Getting Ready to Write* e *Writing Task*); *Culture Magazine*, SB, páx. 136, *TASK*; *Writing*, WB, páxs. 45 e 120 (*Writing Plan*): uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos que se dan. Desenvolvemento organizativo para presentar un traballo escrito.
  - *Self-Evaluation*, WB, páxs. 47 e 131: mostra de autonomía á hora de valorar o nivel de logro dos obxectivos da unidade.
  - Fomento do traballo cooperativo na aula.
- Conciencia e expresións culturais:
    - *Vocabulary*, SB, páx. 62; *Grammar*, SB, páx. 63, ex. 5: a mercadotecnia e o deseño de anuncios e de todo tipo de publicidade.
    - *CLIL*, SB, páx. 69: a historia do diñeiro.
    - *Culture Magazine*, SB, páx. 136: outras formas e costumes de consumo, como o *Black Friday*.

#### **d) Temas interdisciplinarios**

- Xeografía e Historia:
  - Historia do diñeiro.
- Valores Éticos:
  - A publicidade enganosa e subliminar.
  - Fórmulas axeitadas para comprar nunha tenda.
  - A importancia de manter unha actitude de respecto tanto cara ao profesor/a como cara os compañeiros/as de clase.
  - Aprendizaxe e respecto cara ás quendas de palabra dentro e fóra da aula.
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual:
  - A creación de publicidade e anuncios.
- Tecnoloxías da Información e a Comunicación:
  - Internet como ferramenta para o comercio e a mercadotecnia
  - Material dixital e interactivo para complementar o uso dos libros.
- Lingua e Literatura:
  - A pasiva en presente, pasado e futuro.
  - Diferenzas entre as palabras **ad** e **advert**.
  - Familias de palabras.
  - Tradución galego-inglés no *Workbook* e inglés-galego no *Language Builder*.

- Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas:
  - Economía e diñeiro.
  
- Lingua Estranxeira:
  - Diferencias entre o inglés británico e o americano.
  
- Tecnoloxía:
  - A compra e venda online a través do ordenador ou outros dispositivos.

## UNIDADE 6: Saving Our Planet

### a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado co medio ambiente e a reciclaxe.
- Utilizar correctamente o estilo indirecto e os verbos declarativos.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un informe sobre a limpeza do mar e un texto sobre as illas Galápagos.
- escoitar e comprender unha entrevista radiofónica e unha enquisa sobre a reciclaxe.
- Dizer o que dixo outra persoa, falar sobre unha conversa e facer unha enquisa.
- Frases que se utilizan ao chegar a un hotel.
- Escribir un post sobre unha viaxe, incluíndo conectores copulativos.
- Identificar e producir o son de **th** en palabras como **think** ou **they**. Identificar e producir o son do **u** curto ou longo en palabras como **look** ou **too**.

### b) Contidos didácticos

#### Vocabulary

- Vocabulario relacionado co medio natural.
- Realización de diferentes exercicios para practicar o vocabulario aprendido.
- Relación de palabras clave do texto coas súas definicións.
- *Word Power*: prefixos e sufixos: **re-** e **-able**.

#### Grammar

- Uso do estilo indirecto para reproducir o dito por outra persoa.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.
- *English in Use*: a conxunción **that** e os verbos **say**, **tell** e **think**.

#### Speaking

- Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Práctica oral de conversas utilizando o estilo indirecto mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.

#### Reading

- Lectura dun texto sobre a contaminación marítima.
- Realización de diferentes exercicios sobre o contido do texto.
- Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.
- *English in Use*: uso de **about**, **approximately** e **around**.

- *Did You Know?*: información sobre TED.

### **Listening**

- Comprensión oral dunha entrevista na radio.
- Diferentes exercicios para demostrar a comprensión da información clave da entrevista na radio.

### **Grammar**

- Verbos declarativos: **promise** e **enquire**.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.
- Comprensión oral dun audio para comprobar as respostas correctas dun exercicio.

### **Speaking**

- Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Práctica oral de conversas para reproducir unha conversa mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- *English in Use, Sequencing*: conectores de secuencia.

### **Skills in Use**

#### *Vocabulary*

- Vocabulario relacionado coa reciclaxe.
- Realización de diferentes exercicios para practicar o vocabulario aprendido.
- Relación de palabras del texto coas súas definicións
- *English in Use*: uso das palabras **tin** e **can** no inglés británico e americano.

#### *Listening*

- Comprensión oral dunha enquisa.
- Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre a enquisa.

#### *Pronunciation*

- Pronuncia correcta dos sons /θ/, /ð/, /v/ e /u:/.
- *English in Use*: trabalinguas.

#### *Focus on Functional Language*

- Repaso da linguaxe utilizada sobre a reciclaxe.
- *Did You Know?*: información curiosa sobre a reciclaxe e o lixo na Suíza.

#### *Speaking*

- Práctica oral de conversas realizando unha enquisa mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.

- *English in Use, Assessing our actions*: fórmulas para avaliar accións.

#### *Writing*

- *Getting Ready to Write*: análise da estrutura dos contidos dun comentario para expresar unha opinión sobre un lugar.
- Análise da linguaxe típica empregado á hora de escribir un comentario para expresar unha opinión sobre un lugar: estilo indirecto para reproducir o que outros dixeron sobre o lugar e conectores copulativos.
- Preparación antes de escribir un comentario para expresar unha opinión practicando a estrutura e a linguaxe típicas mediante a realización de varios exercicios.
- *Writing Task*: produción dun comentario para expresar unha opinión seguindo os pasos facilitados no apartado *Getting Ready to Write* e coa axuda do cadro *English in Use*.

#### **CLIL: Galápagos – A Remote Paradise**

- Lectura dun texto sobre as illas Galápagos.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario clave do texto e demostrar que se comprenderan os contidos.
- *IC: Culture Video*: visión dun vídeo e realización de exercicios sobre o seu contido.

#### **Everyday English: Checking In at a Hotel**

- Vocabulario e expresións típicas na recepción dun hotel.
- Práctica oral de conversas entre un hóspede e un recepcionista.
- Interacción oral co compañeiro/a para practicar conversas entre un hóspede e un recepcionista coas expresións vistas.
- *IC: Communication Video*: visión dun vídeo e realización de exercicios sobre o seu contido.

#### **Everyday English: Adverts**

- Exercicios sobre anuncios de turismo ecolóxico escritos en medios dixitais.
- Redacción dun anuncio sobre turismo ecolóxico nunha páxina web.

#### **Language Summary**

- Resumo a xeito de repaso do vocabulario, a linguaxe funcional e a gramática vistos ao longo de toda a unidade.

#### **Culture Magazine**

- Comprensión oral e escrita duns textos sobre enerxías renovábeis.
- Demostración de que se entenderon os contidos do texto

contestando varias preguntas.

- *Did You Know?*: datos curiosos sobre a enerxía eólica.
- *TASK*: redacción dun parágrafo sobre unha fonte de enerxía renovábel distinta das amentadas.

### c) Competencias clave

- Comunicación lingüística:
  - *Vocabulary*, SB, páxs. 74, 78 e 84; *Language Builder*, WB, páxs. 16-17: vocabulario relacionado co medio natural e a reciclaxe.
  - *Listening*, SB, páxs. 77 e 78; *Listening*, WB, páx. 51, exs. 3-4: comprensión oral dunha entrevista radiofónica sobre Islandia, unha enquisa sobre a reciclaxe e unha presentación sobre os efectos do quecemento global.
  - *Grammar*, SB, páxs. 75, 77 e 84: uso do estilo indirecto e os verbos declarativos.
  - *Speaking*, SB, páxs. 75, 77 e 79; *Everyday English*, SB, páx. 82: participación en conversas e simulacións co compañeiro/a para contar o que dixo outra persoa, falar sobre unha conversa, facer unha enquisa e interactuar cando se chega a un hotel. *English in Use*, SB, páxs. 77 e 79: uso de palabras ou expresións para organizar o discurso nunha secuencia de feitos e para valorar as nosas accións.
  - *Reading*, SB, páx. 76; *CLIL*, SB, páx. 81; *Culture Magazine*, SB, páx. 137; *Reading*, WB, páx. 51, exs. 1-2: comprensión escrita dun informe sobre a polución da auga e a limpeza do mar, un texto sobre as illas Galápagos, uns textos sobre ls enerxías renovábeis, e unha entrada de blog sobre a enerxía solar.
  - *Pronunciation*, SB, páx. 79: a pronuncia de **th** en palabras como **think** ou **they**; pronuncia do son **u** curto ou longo en palabras como **look** ou **too**.
  - *Writing*, SB, páx. 80; *Everyday English*, SB, páx. 83, *English in Use*; *Culture Magazine*, SB, páx. 137, *TASK*; *Writing*, WB, páxs. 53 e 121 (*Writing Plan*): expresión escrita dun post sobre unha viaxe, un parágrafo sobre un tipo de enerxía renovábel, un post sobre unha viaxe a Berlín e un anuncio sobre turismo ecolóxico nunha páxina web.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:
  - *Grammar*, SB, páx. 75, ex. 7: reconto e análise das respostas dadas nunha enquisa ou sondaxe.
  - *Vocabulary*, SB, páx. 74; *Reading*, SB, páx. 76; *CLIL*, SB, páx. 81: o medio natural e o seu coidado.
  - *Vocabulary*, SB, páx. 78; *Speaking*, SB, páx. 79: importancia da reciclaxe.
  - *Culture Magazine*, SB, páx. 137: as enerxías renovábeis.



- Competencia dixital:
  - *Reading*, SB, páx. 76; *CLIL*, SB, páx. 81; *Culture Magazine*, SB, páx. 137, *Reading*, WB, páx. 51, exs. 1-2: manter unha actitude crítica e reflexiva ao valorar, seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes.
  - *Speaking*, SB, páxs. 75, 77 e 79; *Everyday English*, SB, páx. 82: respecto polas normas de conduta en interaccións na clase co profesor/a ou cos compañeiros/as ao usar a información e as súas fontes.
  - *Writing*, SB, páx. 80; *Culture Magazine*, SB, páx. 137, *TASK; Writing*, WB, páxs. 53 e 121 (*Writing Plan*): mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e as súas fontes.
  - *English in Use Interactive*: [www.burlingtonbooks.es/eiu4interactive](http://www.burlingtonbooks.es/eiu4interactive). Práctica das actividades interactivas de vocabulario, gramática, formación de diálogos e comprensión oral e escrita correspondentes á unidade 6.
  - *Digital Teacher's Resources*:
    - + *Burlington ESO Grammar Factory*. Práctica dos puntos gramaticais tratados nesta unidade.
    - + *Burlington ESO Culture Bank*. Coñecemento e valoración de aspectos culturais relevantes mediante preguntas interculturais.
    - + *Interactive Whiteboard Materials*. Práctica das actividades interactivas correspondentes á unidade 6 e uso das novas ferramentas *Grammar Animation*, *Wordlists and Dictations*, *Slideshows* e *Team Games*.
    - + *Test Factory and Other Editable Resources*. Realización dos exames correspondentes á unidade 6.
  - *Everything English Video*. Reprodución do capítulo 6. Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.
- Aprender a aprender:
  - *Check Your Progress*, WB, páxs. 54-55; *Self-Evaluation*, WB, páxs. 55 e 131; *Language Builder*, WB, páxs. 16-17: uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.
- Competencias sociais e cívicas:
  - *Vocabulary*, SB, páxs. 74 e 78; *Grammar*, SB, páx. 75; *Reading*, SB, páx. 76; *CLIL*, SB, páx. 81: reflexión sobre a importancia de coidar o medio ambiente e de reciclar.
  - *English in Use*, SB, páxs. 77 e 79: aprendizaxe e práctica de palabras ou expresións para organizar varios feitos nunha secuencia e para valorar as nosas accións.
  - *Everyday English*, SB, páx. 82: aprendizaxe e práctica de fórmulas utilizadas cando se chega a un hotel.
  - Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a

información que se presenta e ante as interaccións que se dan na aula.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:
  - *Speaking*, SB, páxs. 75, 77 e 79; *Everyday English*, SB, páx. 82: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados.
  - *Reading*, SB, páx. 76; *Grammar*, SB, páx. 77; *CLIL*, SB, páx. 81; *Culture Magazine*, SB, páx. 137: mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
  - *Writing*, SB, páx. 80 (*Getting Ready to Write* e *Writing Task*); *Culture Magazine*, SB, páx. 137, *TASK*; *Writing*, WB, páxs. 53 e 121 (*Writing Plan*): uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos que se dan. Desenvolvemento organizativo para presentar un traballo escrito.
  - *Self-Evaluation*, WB, páxs. 55 e 131: mostra de autonomía á hora de valorar o nivel de logro de los obxectivos da unidade.
  - Fomento do traballo cooperativo na aula.
  
- Conciencia e expresións culturais:
  - *Writing*, SB, páx. 80: interese por coñecer información sobre outros países.
  - *Did You Know?*, SB, páxs. 76 e 137: coñecemento e aprendizaxe de datos curiosos e útiles.

#### **d) Temas interdisciplinarios**

- Bioloxía e Xeoloxía:
  - O medio natural.
  - A contaminación.
  - A reciclaxe.
  - O quecemento global.
  - As enerxías renovábeis.
  
- Xeografía e Historia:
  - Os océanos e o seu coidado.
  - Islandia.
  - As illas Galápagos.
  
- Valores Éticos:
  - Celebración de *Earth Day*.
  - Coidado do medio natural.
  - Formulación e resolución de problemas do medio naturais.
  - A importancia de manter unha actitude de respecto tanto cara ao profesor/a como cara aos compañeiros/as da clase.
  - Aprendizaxe e respecto cara ás quendas de palabra dentro e fóra da aula.

- Física e Química:
- As enerxías renovábeis.
  
- Tecnoloxías da Información e a Comunicación
- Material dixital e interactivo para complementar o uso dos libros.
  
- Lingua Castelá e Literatura:
- O estilo indirecto.
- Os verbos declarativos.
- Prefixos: **re-**.
- Sufixos: **-able**.
- Tradución galego-inglés no *Workbook* e inglés-galego no *Language Builder*.
  
- Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas:
- Reconto de respostas nunha enquisa ou sondaxe.
  
- Lingua Estranxeira:
- Diferenzas de significado entre algunhas palabras en inglés británico e americano.
  
- Tecnoloxía:
- Uso dos blogs para encontrar ou compartir información sobre viaxes.

## **UNIDADE 7: Be Healthy!**

### **a) Obxectivos**

- Aprender vocabulario relacionado coas partes do corpo e cos problemas de saúde.
- Utilizar correctamente os verbos modais.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo online sobre un mozo que quedou en coma tras un accidente de tráfico e un texto sobre as fobias.
- escoitar e comprender unha conversa sobre tres atletas e outra sobre problemas de saúde.
- Especular, falar sobre a saúde e sobre imaxes.
- Falar co médico.
- Escribir un correo electrónico informal, prestando atención ás fórmulas ou expresións de apertura e de peche.
- Identificar e producir o son do **i** longo en palabras como **sneeze** ou **be**, e do son /ai/ en palabras como **like** ou **by**. A acentuación dos modais na oración.

### **b) Contidos didácticos**

### **Vocabulary**

- Vocabulario relacionado co corpo humano.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario clave do texto e demostrar que se comprenderon os contidos.
- *Word Power: idioms* e partes do corpo.

### **Listening**

- Comprensión oral dunha conversa de tres atletas na radio.
- Realización de varios exercicios para demostrar que se comprenderon o contido da conversa.

### **Grammar**

- Uso dos modais **may** e **might** para falar de posibilidade e de **can, could** e **be able to** para expresar capacidade e posibilidade.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.
- *English in Use*: o verbo **allow** para dar permiso.
- Comprensión oral dun audio para comprobar as respostas correctas dun exercicio.

### **Speaking**

- Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Práctica oral de conversas para especular sobre problemas de saúde mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.

### **Reading**

- Lectura dun artigo dixital sobre música e saúde.
- Exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.
- *Did You Know?*: información curiosa sobre a capacidade de aprender e esquecer linguas tras un coma.
- *English in Use*: uso de **did** en oracións afirmativas para mostrar énfase.

### **Grammar**

- Uso dos modais **should** para prestar consello, **must, have to** e **need to** para falar sobre unha obriga ou necesidade e **mustn't** para expresar prohibición.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.
- *English in Use*: uso de **needn't** na linguaxe formal.

## Speaking

- Aplicación do vocabulario e a gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Práctica oral de conversas para comentar problemas de saúde e prestar consellos mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- *English in Use, Showing concern*: fórmulas lingüísticas para expresar preocupación.

## Skills in Use

### Vocabulary

- Vocabulario relacionado con problemas de saúde.
- *English in Use*: diferenzas de vocabulario entre o inglés británico e americano.
- Realización de diferentes exercicios para practicar o vocabulario aprendido.

### Listening

- Comprensión oral de diálogos nun colexio sobre problemas de saúde.
- Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre os diálogos.

### Pronunciation

- Pronunciación correcta dos sons /i:/ e /aɪ/.
- Entoación correcta de oracións con modais.
- *English in Use*: pronuncia enfática dos modais.

### Focus on Functional Language

- Repaso da linguaxe utilizada para falar de problemas de saúde.

### Speaking

- Práctica oral de conversas para conxectar sobre o acontecido nas imaxes mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- *English in Use, Agreeing / Disagreeing*: fórmulas lingüísticas para expresar que se está de acordo ou non con algo.

### Writing

- *Getting Ready to Write*: análise da estrutura dun correo electrónico informal.
- Análise da linguaxe típica empregada á hora de escribir un correo electrónico informal: modais e fórmulas informais de saúde e despedida.
- Preparación antes de escribir correo electrónico mediante a realización de varios exercicios.

- *Writing Task*: produción dun correo electrónico seguindo os pasos facilitados no apartado *Getting Ready to Write* e coa axuda do cadro *English in Use*.

### **CLIL: An App for Phobias**

- Comprensión escrita dun texto sobre una aplicación para combater fobias.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario clave o texto e demostrar que se comprenderon os contidos.
- *IC: Culture Video*: visión dun vídeo e realización de exercicios sobre o seu contido.

### **Everyday English: Going to the Doctor**

- Comprensión oral e vocabulario e expresións típicas do médico e o paciente nunha consulta.
- Práctica oral a modo de médico e paciente empregando a linguaxe vista anteriormente.
- Interacción oral co compañeiro/a para practicar unha conversa entre un médico e un paciente nunha consulta.
- *IC: Communication Video*: visión dun vídeo e realización de exercicios sobre o seu contido.

### **Everyday English: An E-mail**

- Exercicios relacionados co envío e a solicitude de información a través dun correo electrónico.
- Redacción dun correo electrónico solicitando maior información.

### **Language Summary**

- Resumo a xeito de repaso do vocabulario, a linguaxe funcional e a gramática vistos ao longo de toda a unidade.

### **Culture Magazine**

- Comprensión oral e escrita dun texto sobre os animais e a saúde.
- Demostración de que se entenderon os contidos do texto contestando varias preguntas.
- *Did You Know?*: datos curiosos sobre as melloras que causan nos nenos nadar con golfiños.
- *TASK*: redacción de un parágrafo sobre o uso dos cabalos en tratamentos.

### **c) Competencias clave**

- Comunicación lingüística:  
- *Vocabulary*, SB, páxs. 90, 94 e 100; *Language Builder*, WB, páxs. 18-19: vocabulario relacionado coas partes do corpo e os problemas de

saúde.

- *Listening*, SB, páxs. 90 e 94; *Listening*, WB, páx. 59, exs. 3-4:

comprensión oral dunha conversa sobre tres atletas, outra sobre problemas de saúde e outra sobre a medicina tradicional chinesa.

- *Grammar*, SB, páxs. 91, 93 e 100: os verbos modais **may, might, can, could, be able to, should, must / have to / need to** e **mustn't**.

- *Speaking*, SB, páxs. 91, 93 e 95; *Everyday English*, SB, páx. 98:

participación en conversas e simulacións co compañeiro/a para facer especulacións, falar sobre a saúde, comentar fotografías e falar na consulta do médico. *English in Use*, SB, páxs. 93 e 95: uso de expresións para mostrar preocupación e para mostrar acordo ou desacordo.

- *Reading*, SB, páx. 92; *CLIL*, SB, páx. 97; *Culture Magazine*, SB, páx.

138; *Reading*, WB, páx. 59, exs. 1-2: comprensión escrita dun artigo online sobre a recuperación dun mozo tras un accidente de tráfico, un texto sobre fobias, uns textos sobre as terapias con animais, e un artigo sobre a homeopatía e a ciencia.

- *Pronunciation*, SB, páx. 95: pronuncia do son do **i** longo en palabras como **sneeze** ou **be**. Pronuncia do son /ai/ en palabras como **like** ou **by**. A acentuación das palabras (e dos modais, en particular) na frase.

- *Writing*, SB, páx. 96; *Everyday English*, SB, páx. 99, *English in Use*;

*Culture Magazine*, SB, páx. 138, *TASK*; *Writing*, WB, páxs. 61 e 122 (*Writing Plan*): expresión escrita dun correo electrónico a un amigo/a para contarlle algunha novidade, outro para solicitar maior información, un parágrafo sobre as terapias con cabalos, e un correo electrónico a un amigo/a para contarlle a túa visita ao médico, utilizando as expresións e vocabulario axeitados.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

- *Vocabulary*, SB, páxs. 90 e 94: coñecemento das partes do corpo e os problemas de saúde.

- *Speaking*, SB, páxs. 91 e 93; *English in Use*, SB, páx. 93: aprendizaxe de fórmulas e expresións para facer especulacións sobre posibles problemas de saúde, preocuparse por eles e dar consellos para mellorar.

- *Everyday English*, SB, páx. 98: frases útiles que se usan nas visitas ao médico.

- *Reading*, SB, páx. 97: interese por coñecer algunhas fobias.

- *Culture Magazine*, SB, páx. 138: interese por coñecer as terapias con animais.

- Competencia dixital:

- *Reading*, SB, páx. 92; *CLIL*, SB, páx. 97; *Culture Magazine*, SB, páx. 138, *Reading*, WB, páx. 59, exs. 1-2: manter unha actitude crítica e reflexiva ao valorar, seleccionar, tratar e utilizar a información e as

súas fontes.

- *Speaking*, SB, páxs. 91, 93 e 95; *Everyday English*, SB, páx. 98: respecto polas normas de conduta en interaccións na clase co profesor/a ou cos compañeiros/as ao usar a información e as súas fontes.
- *Writing*, SB, páx. 96; *Culture Magazine*, SB, páx. 138, *TASK; Writing*, WB, páxs. 61 e 122 (*Writing Plan*): mostra de autonomía, eficacia, responsabilidade e reflexión ao seleccionar e facer uso da información e das súas fontes.
- *Reading*, SB, páx. 92: uso responsábel e seguro de Internet á hora de ler artigos e buscar informacións.
- *English in Use Interactive*: [www.burlingtonbooks.es/eiu4interactive](http://www.burlingtonbooks.es/eiu4interactive). Práctica das actividades interactivas de vocabulario, gramática, formación de diálogos e comprensión oral e escrita correspondentes á unidade 7.
- *Digital Teacher's Resources*:
  - + *Burlington ESO Grammar Factory*. Práctica dos puntos gramaticais tratados nesta unidade.
  - + *Burlington ESO Culture Bank*. Coñecemento e valoración de aspectos culturais relevantes mediante preguntas interculturais.
  - + *Interactive Whiteboard Materials*. Práctica das actividades interactivas correspondentes á unidade 7 e o uso das novas ferramentas *Grammar Animation*, *Wordlists and Dictations*, *Slideshows* e *Team Games*.
  - + *Test Factory and Other Editable Resources*. Realización dos exames correspondentes á unidade 7.
- *Everything English Video*. Reprodución do capítulo 7. Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.

- Aprender a aprender:

- *Check Your Progress*, WB, páxs. 62-63; *Self-Evaluation*, WB, páxs. 63 e 131; *Language Builder*, WB, páxs. 18-19: uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.

- Competencias sociais e cívicas:

- *Vocabulary*, SB, páx. 94; *Listening*, SB, páx. 94: responsabilidade á hora de coidar da propia saúde, por un mesmo e tamén polos demais.
- *English in Use*, páxs. 93 e 95: aprendizaxe e práctica de expresións para mostrar preocupación e tamén acordo ou desacordo.
- *Everyday English*, SB, páx. 98: aprendizaxe e práctica de fórmulas que se usan na visita ao médico.
- *CLIL*, SB, páx. 97: respecto polas fobias e polas persoas que as sofren.
- Mantemento dunha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta e ante as interaccións que se dan na



aula.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:
  - *Speaking*, SB, páxs. 91, 93 e 95; *Everyday English*, SB, páx. 98: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados.
  - *Vocabulary*, SB, páxs. 90 e 94; *Reading*, SB, páx. 92; *CLIL*, SB, páx. 97; *Culture Magazine*, SB, páx. 138: mostra do sentido crítico ante as informacións culturais que se presentan.
  - *Writing*, SB, páx. 96 (*Getting Ready to Write* e *Writing Task*); *Culture Magazine*, SB, páx. 138, *TASK*; *Writing*, WB, páxs. 61 e 122 (*Writing Plan*): uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos que se dan. Desenvolvemento organizativo para presentar un traballo escrito.
  - *Self-Evaluation*, WB, páxs. 63 e 131: mostra de autonomía á hora de valorar o nivel de logro dos obxectivos da unidade.
  - Fomento do traballo cooperativo na aula.
- Conciencia e expresións culturais:
  - *Listening*, SB, páx. 90: curiosidade por coñecer información sobre varios atletas.
  - *Reading*, SB, páx. 92: importancia da música como terapia alternativa para recuperarse tras un coma.
  - *Did You Know?*, SB, páxs. 92 e 138: coñecemento e aprendizaxe de datos curiosos e útiles.

#### **d) Temas interdisciplinarios**

- Bioloxía e Xeoloxía:
  - As partes do corpo.
  - A saúde.
- Valores Éticos:
  - A importancia de coidar da propia saúde.
  - A doazón de órganos.
  - As terapias alternativas (música, animais...).
  - A importancia de manter unha actitude de respecto tanto cara ao profesor/a como cara aos compañeiros/as da clase.
  - Aprendizaxe e respecto cara ás quendas de palabra dentro e fóra da aula.
- Educación Física:
  - Atletas que se recuperaron dalgún problema de saúde.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación:
  - Uso das novas tecnoloxías para facer tratamentos de saúde.
  - Material dixital e interactivo para complementar o uso dos libros.

- Lingua e Literatura:
  - Os verbos modais: **may, might, can, could, be able to, should, must / have to / need to** e **mustn't**.
  - *Idioms* relacionados coas partes do corpo.
  - Uso do verbo auxiliar **did** para enfatizar unha acción.
  - Tradución galego-inglés no *Workbook* e inglés-galego no *Language Builder*.
  
- Música:
  - A música como terapia para recuperarse dun coma.
  
- Lingua Estranxeira:
  - Diferenza de significado dalgunhas expresións en inglés británico e americano.
  
- Tecnoloxía:
  - Envío de correos electrónicos informais.
  - Lectura de artigos online.

## UNIDADE 8: Making Sense

### a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado cos sentidos e os adxectivos descritivos.
- O uso do xerundio e o infinitivo.
- Ler de forma comprensiva e autónoma unha entrada de blog sobre viaxes especiais que se organizan para persoas cegas e un texto sobre a multiculturalidade de Londres.
- escoitar de xeito comprensivo unha conversa sobre un experimento e un diálogo sobre unha experiencia.
- Falar sobre os sentidos, sobre un mesmo e comentar unha experiencia.
- Pedir indicacións no metro.
- Escribir una descripción sobre unha experiencia, prestando atención ao uso de adxectivos e adverbios.
- Identificar e producir sons de especial dificultade en palabras como **sudden**, **blat** e **smooth**. A acentuación dos adverbios de cantidade na oración.

### b) Contidos didácticos

#### Vocabulary

- Vocabulario relacionado cos sentidos.
- Exercicios para practicar o vocabulario dos sentidos.
- *Word Power*: expresións coa palabra **sight**.

#### Grammar

- Uso do xerundio como suxeito da oración e tras certos verbos, preposicións e expresións, e do infinitivo tras certos verbos e adxectivos.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.
- Comprensión oral dun audio para comprobar as respostas correctas dun exercicio.
- *English in Use*: verbos que poden ir seguidos tanto de infinitivo como de xerundio.

#### Speaking

- Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral.
- Práctica oral de conversas para falar sobre os sentidos mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- *English in Use, Asking for clarification*: expresións para pedir unha aclaración.

### **Reading**

- Lectura dunha entrada de blog sobre unha empresa turística para cegos.
- Exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións.
- *Did You Know?:* información sobre o sistema de escritura braille.

### **Listening**

- Comprensión oral dunha exposición sobre un experimento.
- Exercicios para demostrar a comprensión da información clave da exposición.

### **Grammar**

- Cambio de significado de certos verbos cando van seguidos de xerundio ou infinitivo.
- Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.

### **Speaking**

- Práctica oral de conversas para falar dun mesmo mediante o emprego da gramática e o vocabulario vistos.
- *English in Use, Reacting:* expresións empregadas para expresar reaccións.

### **Skills in Use**

#### *Vocabulary*

- Adxectivos descritivos.
- Realización de diferentes exercicios para practicar o vocabulario aprendido.
- *Word Power:* palabras que se confunden facilmente con outras.

#### *Listening*

Estándares de aprendizaxe	Instrumento para avaliar				Nivel de adquisición			
	Proba escrita	Proba oral	Portfolio	Outros	Conséguo	Non o consegue	Conséguo con	Non o consegue
<b>BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo</li> </ul>								

<p>o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.</p>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países).</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por</li> </ul>								

<p>exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional).</p>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos</li> </ul>								

<p>a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.</p>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade).</li> </ul>								
<b>BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua</li> </ul>								

<p>estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e</li> </ul>								

<p>facen unha reclamación 2ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.</p>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira</li> </ul>								

<p>sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.</p>								
<p><b>BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b></p>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.).</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica,</li> </ul>								

<p>datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material.</p>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo).</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida releer as seccións difíciles.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou</li> </ul>								



<p>imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro).</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional).</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela.</li> </ul>								

**BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina</li> </ul>								

<p>web ou unha revista xuvenís, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía.</p>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa).</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con</li> </ul>								

información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese.								
<ul style="list-style-type: none"> <li>PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</li> </ul>								
<b>BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL</b>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estada noutros países por motivos persoais, educativos ou</li> </ul>								

<p>ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.</p>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta.</li> </ul>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego</li> </ul>								

de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul>								

## 6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

Os principios metodolóxicos na ensinanza dunha lingua estranxeira son os que se derivan da aportación da área aos obxectivos educativos xerais:

- A capacidade de comunicarse nunha lingua estranxeira e o coñecemento da mesma axudan á comprensión e dominio da lingua propia.
- Entrar en contacto con outras culturas favorece a comprensión e o respecto hacia outras formas de pensar e actuar, á vez que amplía e enriquece a visión da realidade.

A finalidade curricular da área non é só ensinar unha lingua estranxeira, senón ensinar a comunicarse nela. O enfoque comunicativo/funcional está orientado á adquisición dunha competencia comunicativa nas súas vertentes receptiva e productiva:

"dicir algo para algo".

O proceso de adquisición dunha lingua caracterízase como de "construcción creativa", polo que hai que ter en conta os coñecementos sociolingüísticos anteriormente adquiridos.

Así o alumno poderá organizar a lingua de forma comprensible e significativa ao basearse nesa experiencia previa de aprendizaxe para a formulación de hipóteses e adecuación ao entorno ante novas situacións de comunicación.

O proceso de construcción creativo da lingua farase a través de:

a) Exposición sistemática á lingua, o máis variada e rica posible: discursode aula, material auténtico, material didáctico...

b) Reflexión sobre a lingua a través de actividades de elaboración e verificación de hipóteses

que permitirán construír a súa representación da lingua de maneira cada vez máis sistemática.

c) Actividades de reflexión sobre cómo se aprende.

Funcionalidade das aprendizaxes.

O alumno/a ten que experimentar por si mesmo a utilidade do aprendido. Para iso hai que tener en conta:

a) ao alumno/a: trátanse aspectos relacionados cos seus intereses e motivacións.

b) a aula: utilización sistemática da lingua estranxera para comunicarse na aula.

c) o mundo: proporciona unha referencia do tipo de situacións que se utilizarán na aula.

Contextualización da aprendizaxe.

Os contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais), xunto coas destrezas de comprensión e produción de mensaxes orais e escritas integran de forma horizontal todas as situacións de comunicación, quedando así contextualizadas.

Estableceranse as actividades de modo que as catro destrezas queden integradas no maior grado posible, xa que en situacións de comunicación real se movilizan destrezas distintas.

Partirase de situacións de comunicación oral que darán paso a actividades escritas e viceversa. Hai que facer un esforzo por desenvolver todo o posible destrezas expresivas - produción de mensaxes orais e escritas - xa que normalmente se desenvolven máis as destrezas receptivas de comprensión.

Os aspectos socioculturais impregnarán todas as actividades xa que sen eles é imposible unha comunicación completa.

Este tratamento propicia a inmersión do alumno nun marco sociocultural cheo de sentido, contextualizando e facendo significativa a súa aprendizaxe.

É obxectivo prioritario conseguir que os alumnos se comuniquen na lingua estudiada, polo que ademais das situacións ordinarias de comunicación entre alumnos e con profesor se teñen que crear situacións de comunicación o máis auténticas posible que recollan aspectos sociolingüísticos asociados ao propósito comunicativo: simulacións, dramatizacións, xogos de rol...

O coñecemento e a reflexión sobre o funcionamento da lingua será elemento aglutinador e marco de referencia dos coñecementos lingüísticos, un medio para conseguir un maior grao de competencia comunicativa, nunca un fin en si mesma.

Para que o alumno sexa autónomo e responsable do seu propio proceso de aprendizaxe hai que ofrecerlle participar en decisións relativas ao tratamento de contidos e á avaliación da propia aprendizaxe.

Para iso a programación ha de ser flexible e globalizadora, de modo que poida modificarse ao longo ou ao final do curso.

Favorecerase a autocorrección e a corrección mutua. O profesor colaborará na súa detección e corrección esperando que o alumno acabe se se está expresando oralmente e cando o erro dificulte a comunicación. A corrección escrita orientarase cara a autocorrección posterior (sinalando os elementos que teñen que ser corrixis).

Tratamento metodolóxico variado que teña en conta a diversidade dos alumnos.

Para iso plantearanse distintas actividades comunicativas que teñan en conta aspectos verbais e non verbais, así como o uso de materiais que permitan a súa graduación.

Este tratamento vese especialmente favorecido polas actividades en parellas e grupos, instrumento esencial de traballo que proporciona un clima de colaboración, respecto e aceptación mutua.

Relación da lingua estranxeira con outras áreas do currículo.

a) coa lingua materna: uso de diccionario, reflexión sobre a lingua, transferencia de significados...

b) outras áreas: utilización da lingua estranxeira como vehículo de coñecemento e expresión de outras áreas de interese.

## 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto: New English in Use 4. Ed. Burlington
- Workbook
- Libro de lectura (o título decidírase despois da avaliación inicial)
- Student's MultiRom (CD con actividades para o alumnado)
- Diccionario (en todas as aulas haberá un diccionario bilingüe)
- Recursos didácticos de diferentes páxinas web como:

[www.burlingtonbooks.com](http://www.burlingtonbooks.com)

[www.oup.com/elt/spotlight](http://www.oup.com/elt/spotlight)

[www.agendaweb.com](http://www.agendaweb.com)

[www.oupe.es](http://www.oupe.es)

[www.englishexercises.org](http://www.englishexercises.org)

[learnenglish.britishcouncil.org](http://learnenglish.britishcouncil.org)

[www.teachingenglish.org.uk](http://www.teachingenglish.org.uk)

[www.bbc.co.uk](http://www.bbc.co.uk)

[http://www.learn-english-today.com/lessons/lessons\\_list.html](http://www.learn-english-today.com/lessons/lessons_list.html)

<http://www.eslgold.com/>

<http://www.englishgrammar.org/lessons/>

<http://www.esl-galaxy.com/>

<http://www.esltower.com/index.html>

<http://www.isabelperez.com/default.htm>

[www.slideshare.com](http://www.slideshare.com)

[www.busyteacher.com](http://www.busyteacher.com)



Para Listenings:

<http://www.esl-lab.com/>

<http://www.ello.org/>

[http://learnenglish.britishcouncil.org/en/britain-great?utm\\_source=learnenglish&utm\\_medium=homepage-advert&utm\\_campaign=le-adverts](http://learnenglish.britishcouncil.org/en/britain-great?utm_source=learnenglish&utm_medium=homepage-advert&utm_campaign=le-adverts)

<http://www.world-english.org/listening.htm>

- Acceso á aula dixital da páxina web do centro a través da plataforma Moodle nos cursos dos diferentes profesores.
- Materiais elaborados polo profesorado e calquer outro material ou recurso que o profesorado considere pertinente.

## 8. CRITERIOS PARA A AVALIACION, CUALIFICACIÓN E PROMOCION 4º ESO

Os criterios de cualificación baséanse na consecución e superación dos contidos mínimos esixibles.

A nota necesaria para obter aprobado é 5 .

As porcentaxes para a nota da 1ª, 2ª e 3ª avaliación son:

<b>Tarefas</b>	<b>10 %</b>
<b>Oral (Listening &amp; Speaking)</b>	<b>20 %</b>
<b>Grammar &amp; Vocabulary</b>	<b>40 %</b>
<b>Reading (10 %) &amp; Writing (20 %)</b>	<b>30 %</b>

A non realización dalgunha das partes condicionará o aprobado na materia.

É necesario un mínimo de 3´5 de nota nas partes de Grammar/ Vocabulary e Reading / Writing para poder facer media.

O libro de lectura obrigatorio estará valorado no apartado de reading e writing cun valor dun 20%. Os alumnos que suspendan o exame do libro de lectura obrigatoria terán que presentan feitas as actividades da novela. Os alumnos ACI non terán libro de lectura.

Os verbos irregulares estarán incluídos no apartado de grammar e vocabulario e terá unha porcentaxe do 10%.

Estas probas realizaranse na avaliación que cada profesor considere conveniente.

A materia de inglés é de avaliación continua. Iso significa que cada avaliación incluírá toda a materia dada anteriormente. Polo tanto non se realizarán probas de recuperación ao longo do curso.

**A proba extraordinaria de setembro** será sobre os contidos mínimos do curso. Incluírá o libro de lectura obrigatoria. Non se avaliará ningún traballo adicional e a cualificación será a da proba realizada. No caso de ter o libro de lectura aprobado, o alumno non realizará a parte de novela da proba, e a porcentaxe pasará ao apartado de reading and writing. Non haberá proba de Listening ou Speaking.

As porcentaxes da proba serán:

<b>Grammar &amp; Vocabulary</b>	<b>50 %</b>
---------------------------------	-------------

<b>Reading &amp; Writing</b>	<b>40 %</b>
<b>Libro de lectura</b>	<b>10 %</b>

### **Criterios de avaliación de ACIs:**

Os alumnos con NEEs serán avaliados do material de primaria ou secundaria do nivel de adaptación correspondente, seguindo sempre o tipo de exercicios feitos na clase.

As porcentaxes para a nota da 1ª, 2ª e 3ª avaliación destes alumnos son:

<b>Actitude. Tarefas na casa e na clase.</b>	<b>20 %</b>
<b>Caderno de traballo de Inglés</b>	<b>20 %</b>
<b>Probos obxectivos. Exames por escrito.</b>	<b>60 %</b>

**20% ACTITUDE.** O alumno deberá amosar unha conduta axeitada en todo momento, respetuosa cara a materia, os compañeiros e o/a profesor(a). A puntualidade, a entrega das tarefas diarias en prazo e forma, a presentación do material de traballo (libro, fichas e caderno) e o interese amosado pola lingua estranxeira a través do seu traballo serán os factores a ter en conta neste apartado. (10% Esfuerzo e interese + 10% Tarefas de casa e traballo na clase)

**20% CADERNO DE TRABALLO DE INGLÉS.** O alumno deberá levar un caderno de traballo para a materia na que se recollerán e organizarán todos os contidos e os exercicios feitos a diario. Orde, organización e limpeza serán tidos en conta neste apartado. Esta libreta deberá presentarse o día indicado cada trimestre para a súa valoración.

**60% PROBAS OBXECTIVAS.** O alumno realizará varias probas escritas cada trimestre. As probas estarán extraídas do seu libro, das fichas, ou do seu caderno de inglés. En caso de suspender as probas poderánse recuperar na seguinte avaliación. Aínda que a avaliación é continua na materia de Inglés, en cada avaliación farase fincapé nos contidos específicos de cada trimestre.

### **Proba extraordinaria de Setembro:**

Non farán a parte lo libro de lectura e a proba estará baseada no seu caderno de traballo do curso ou en outro material traballado na clase.

## Contidos mínimos

### Bloque 1. Comprensión de textos orais

#### Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e de tema.
  - Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.
  - Distinción de tipos de comprensión (sentido xerado, información esencial, puntos principais, detalles relevantes).
  - Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.
  - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
  - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal .

#### Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.
- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados, puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos advertencias e avisos.

- Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.

- Expresión da vontade, a

#### Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e de tema.
  - Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.
  - Distinción de tipos de comprensión (sentido xerado, información esencial, puntos principais, detalles relevantes).
  - Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.
  - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
  - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal .

#### Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.
- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados, puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos advertencias e avisos.

- Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa e os seus contrarios.
- Fórmula de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.
- Estabelecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.

Estruturas sintáctico-discursivas.\*

Léxico oral de uso común (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorno; actividades da vida cotiá; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e contorno natural; e Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.

## Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

Estratexias de produción:

Planificación

- Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto ao destinatario, contexto e canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso.

Execución

- Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, no seu caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñíbeis.
- Apoiarse e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou paratextuais:

Lingüísticos

- Modificar palabras de significado parecido.
- Definir ou parafrasear un termo ou expresión.

Paralingüísticos e paratextuais

- Pedir axuda.
- Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.
- Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica).
- Usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.

Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.
- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.
- Estabelecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.

Estruturas sintáctico-discursivas.\*

Léxico oral de uso común (produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorno; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e contorno natural; e Tecnoloxías da información e da comunicación.

Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.

### Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais).
- Formulación de hipótese sobre contido e contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.

Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.
- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a

autorización e a prohibición.

- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.
- Estabelecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.

Estruturas sintáctico-discursivas.\*

Léxico escrito de uso común (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorno; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e contorno natural; e Tecnoloxías da información e da comunicación. Patróns gráficos e convencións ortográficas.

#### Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

Estratexias de produción: Planificación

- Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repassar o que se sabe sobre o tema, que se pode ou se quere dicir, etc.).
- Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda, etc.).

Execución

- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñíbeis.
- Intentar sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada"). etc.).

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.

Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.
- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.
- Estabelecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.

Estruturas sintáctico-discursivas:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*not only...but also; both...and*); disxunción (*or*); oposición/concesión (*(not...) but; ..., though*); causa (*because (of); due to; as; since*); finalidade (*to- infinitive; for*); comparación (*as/not so Adj. as; less/more + Adj./Adv. (than); better and better; the highest in the world*); resultado (*so; so that*); condición (*if; unless*); estilo indirecto (*reported information, offers, suggestions and commands*).
- Relacións temporais (*the moment (she left); while*).
- Afirmación (*affirmative sentences; tags; Me too; Think/Hope so*).
- Exclamación (*What + (Adj. +) noun, e. g. What beautiful horses!; How + Adv. + Adj., e. g. How very nice!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!, You don't say!, That's terrible!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, no (Noun, e. g. no chance), nobody, nothing; negative tags; me neither*).
- Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is the book about?; Are you alright;? tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect; past perfect*); presente (*simple and continuous present*); futuro (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect; and future continuous*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e. g. every Sunday morning); used to*); incoativo (*be about to*); terminativo (*stop -ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able*); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*may; could; allow*); intención (*present continuous*).
- Expresión da existencia (e. g. *there could be*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic, one(s); determiners*); a calidade (e. g. *pretty good; much too expensive*).
- Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. lots/plenty (of). Degree: e. g. absolutely; a (little) bit*).
- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*points (e. g. at midnight), divisions (e. g. term), and indications (ago; early; late; by the time) of time; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, second, after that, finally); simultaneousness (just when); frequency (e. g. twice/four times a week; daily)*).



- Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. carefully; in a hurry*).

**Writing Rubric:**

	Excellent 8-10	Good 6-8	Acceptable 4-6	Poor 0-4
<b>Writing Structure</b>	Writes clear, well-linked paragraphs, with topic sentences, details and conclusion. Uses connectors properly, suitable to the level.	Can write a few short, linked paragraphs, with a topic sentence and details. Makes some errors and lacks transitions. Not many connectors.	Can write a single paragraph or multiple short paragraphs but the ideas are not organized and paragraphs not well-linked. Few connectors.	Can write one paragraph, which may or may not have a good structure with introduction, body and conclusion. No connectors at all.
<b>Mechanics</b>	No mistakes in punctuation, spelling or capitalization.	A few mistakes that may interfere with meaning. No spelling mistakes with high frequency words.	Some mistakes that sometimes interfere with meaning.	Many mistakes, that interfere with meaning.
<b>Vocabulary &amp; Expression</b>	High frequency and new words used accurately.	High frequency and new words used accurately, with little interference with meaning.	Uses familiar and high frequency words with little difficulty. Occasional use of new words.	Uses familiar words with some difficulty. Doesn't use new words related to the topic.
<b>Content</b>	Ideas are well supported and explained. Fit to the length of the activity; relevant content and register.	Ideas are supported and explained. Some hesitation in the register used.	Ideas need more explanation/ support or logic is simple. Occasionally not relevant content and hesitation in register used.	Ideas not really explained or supported or illogical. Length not suitable for the task. Not adequate register or content.
<b>Grammar</b>	<u>Frequently and correctly</u> uses the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Verbs + Infinitives / Gerunds.</li> <li>• Passive Voice.</li> <li>• Different verb forms.</li> <li>• Conditionals.</li> <li>• Adverbs.</li> </ul>	<u>Often</u> able to use the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Modal verbs.</li> <li>• Possessives.</li> <li>• Prepositions.</li> <li>• Adjectives.</li> </ul>	<u>Sometimes</u> able to use the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pronouns.</li> <li>• Count / non-count nouns.</li> <li>• Articles.</li> </ul>	<u>Rarely</u> able to use the structures before.

- Comparatives / Superlatives.
- Relative Clauses.
- Reported Speech.

	Excellent 8-10	Good 6-8	Acceptable 4-6	Poor 0-4
<b>Vocabulary</b>	Uses suitable vocabulary all the time, without repeating words.	Uses suitable vocabulary most of the time.	Proper vocabulary sometimes.	Limited vocabulary and repeats words.
<b>Grammar</b>	Uses adequate grammar structures, seen in class, all the time.	Uses them most of the time.	Uses them properly sometimes.	Uses them incorrectly.
<b>Pronunciation / Intonation</b>	Speaks clearly and has good pronunciation all the time.	Speaks clearly and uses accurate pronunciation most of the time.	Understandable pronunciation, but not very clear.	Hard to understand.
<b>Fluency</b>	Expresses ideas fluently all the time.	Speaking with some hesitation, but it doesn't interfere with communication.	Speaking with some hesitation, which interferes with communication.	Too much hesitation, which interferes with communication.
<b>Content</b>	Suitable content for their level, seen in class.	Suitable theme, seen in class mostly.	Suitable only in some parts.	Not adequate at all.

<b>Creativity</b>	Very original presentation of material.	Some originality apparent.	Material presented with little originality.	Repetitive. No variety. Insufficient use of materials.
-------------------	---	----------------------------	---	--

### Speaking Rubric

## 9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRACTICA DOCENTE

### TABOA DE INDICADORES PARA AVALIAR A PRACTICA DOCENTE

	SI/NON. Por que?
Os obxectivos marcados son axeitados ás capacidades e intereses do alumnado	
O alumnado ten claros os obxectivos	
As competencias foron traballadas, gradadas e desenvolvidas	
Os contidos foron adaptados ás peculiaridades do alumnado	
A metodoloxía é estimulante para o alumnado e eles a consideran axeitada	
Os materiais e recursos son axeitados	
Motivouse o alumnado	
Logramos a implicación das familias	
O equipo docente traballou coordinadamente e asumindo pautas compartidas	
As actividades foron axeitadas ás capacidades do alumnado	
Traballáronse os estándares de aprendizaxe	
A axuda prestada foi axustada ás necesidades do alumnado	
Temos dado a posibilidade de interactuar entre iguais	
Tiveron cabida as iniciativas persoais do alumnado	
O desenvolvemento das actividades axustouse ao que se programou	
A organización dos espazos da aula favorece o traballo tanto individual como colectivo, así como o desenvolvemento de tarefas e metodoloxías diversas	

O uso das novas tecnoloxías foi axeitado tanto para o alumnado como para as explicacións e usos de recursos por parte do profesorado

## **INSTRUMENTOS PARA LEVAR A CABO ESTA AVALIACIÓN**

- Autorreflexión do profesorado sobre a súa práctica docente
- Análise do cumprimento dos diversos aspectos da programación
- Análise dos resultados académicos
- Reunións de departamento, equipo docente e CCP

Enquisas persoais ou anónimas ao alumnado sobre diferentes aspectos

## **10. ORGANIZACION DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACION E AVALIACION DAS MATERIAS PENDENTES**

Os contidos mínimos exixibles para que este alumnado supere a materia pendente son os mesmos expresados no apartado referido á programación xeral para 3º da E.S.O e seguirase para acadalos o libro de texto que se utilizou o ano anterior en dito nivel , *New English in Use 3 da editorial Burlington.*

Ó alumno con 3º pendente se lle exixirá como condición necesaria para acadar a superación da materia pendente, o traballo regular durante o curso e a realización satisfactoria das probas. Asemesmo o alumnado coa materia pendente deberá presentar uns exercicios que suporán **un punto** na nota de pendentes.

### **Probas:**

En febreiro haberá unha proba parcial. En maio/ xuño haberá unha proba final. As probas serán de Grammar / Vocabulary. Non haberá probas de Listening ou Speaking nin de libro de lectura. O alumno que non aprobe en maio terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro.

**Se o alumno supera o inglés do curso actual quedará aprobado automaticamente de inglés do curso anterior , coa condición de terse presentado aos exames e acadar unha nota mínima de 4.**

## **11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR**

Segundo a lexislación ao longo do mes de setembro farase unha avaliación inicial do alumnado de 4º ESO. Para iso, se fará unha proba de diagnóstico na

que se avaliarán contidos (vocabulario e gramática) . Esta proba incluírá actividades para avaliar as habilidades orais (listening and speaking) do alumnado así como unha proba de writing.

Unha vez realizada a proba o profesorado saberá o punto de partida de cada alumno e se é necesario adoptará medidas de reforzo para que o alumnado acadese os obxectivos do curso.

## **12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

O material que imos utilizar ten unha metodoloxía ecléctica, xa que se esperan varios estilos de aprendizaxe por parte dos alumnos/as e, así mesmo, diversos estilos de ensino por parte dos profesores/as. Por iso, estes materiais prestan máis atención á diversidade.

Como punto de partida tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:

### **A capacidade para aprender a aprender**

Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e para retelas, sen que iso sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos os alumnos poden alcanzar un nivel mínimo, independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada quen. Tales son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso.

Así o reflicten as actividades do *Student's Book* e do *Workbook*, xa que, a través dunha reciclaxe continua de estruturas e de vocabulario, por unha banda ofrecen amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e por outra facilitan a ampliación da materia para os que teñen máis nivel.

### **A motivación para aprender**

A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, xa que depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que teña ata ese momento e, por outra banda, do proceso de aprendizaxe seguido. Isto influirá notabelmente, tanto no nivel de motivacións individuais, coma na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

Para levar a cabo a selección dos temas incluídos neste curso realizamos unha ampla investigación, abarcando o punto de vista do profesor/a a través de cuestionarios, pero tamén o dos alumnos/as, para así adaptalos ás súas idades, experiencias e contorno.

### **Os estilos de aprendizaxe**

Existen moitos tipos de investigacións sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.

Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Algúns alumnos poden reaccionar moi rapidamente e non obstante necesitar varios intentos para asimilaren unha idea, mentres que outros poden traballar máis a conciencia e aprender máis amodo, conseguindo o mesmo resultado. Este factor foi tido en conta dun modo sistemático. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, incluíronse no *Student's Book* breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios, para poñer en práctica a gramática aprendida. Isto complétase con táboas gramaticais, a sección *Grammar Charts and Basics* (ao final do *Student's Book*) e o apéndice gramatical do *Workbook*, que lles axudan a aprender e a repasar o presentado paso a paso, en especial a aqueles que non usen tanto o estilo sintético ao aprender. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, tivéronse en conta, en todas as unidades, os distintos modos de aprendizaxe.

Tamén se prestou unha atención especial á “modalidade sensorial preferente” dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), é dicir, ás posíbeis formas de levar á práctica o aprendido.

### **Os intereses dos alumnos/as**

O esforzo por aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control, tanto no *Student's Book* coma no *Workbook*. Ao final do *Student's Book* incluímos un apéndice con táboas gramaticais e exercicios, un apéndice de pronunciación con exercicios adicionais e unha lista de verbos irregulares, e ao final do *Workbook* un glosario, así como un apéndice gramatical e unha guía de escritura na lingua propia dos alumnos/as, para os que necesiten apoiarse máis na presentación teórica.

No *Workbook* inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis intensamente a gramática e o vocabulario, ademais dun ditado, unha sección de comprensión, un exercicio de tradución inversa, e expresión escrita e actividades para que os alumnos/as máis avanzados practiquen cada punto nun nivel máis elevado. Para rematar, tamén se inclúen dúas páxinas de repaso por unidade (*Check Your Progress*) que permiten atender á diversidade. Ao final deste compoñente atópase o caderno *Language Builder*, que proporciona xogos e divertidas actividades para consolidar o vocabulario. Ademais, os alumnos/as poderán atopar na web [www.burlingtonbooks.es/englishinuse4](http://www.burlingtonbooks.es/englishinuse4) as gravacións en formato mp3 dos textos do *Student's Book*, xunto cos exercicios de comprensión oral coas súas transcripcións e os ditados do *Workbook*.

Presentamos con este método un novo recurso lingüístico chamado *English in Use Interactive*, que inclúe diversas ferramentas interactivas para facilitar a aprendizaxe dos alumnos/as: *Interactive Wordlist*, cun glosario interactivo,

exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario; *Interactive Grammar*, que contén exercicios gramaticais con autocorrección; *Dialogue Builders*, desde onde se practica a linguaxe funcional mediante diálogos; e *Techno Help*, que ofrece axuda e recursos para realizar as actividades *Techno Option*. A través do sistema de xestión da aprendizaxe (LMS), o profesor/a pode levar un seguimento do traballo realizado por cada alumno/a en *English in Use Interactive*, e así poder avaliar o progreso dos alumnos/as en xeral e as necesidades específicas dalgún alumno/a en particular.

O *Teacher's Manual* ofrece tamén actividades opcionais de reforzo e ampliación, outras de ditado, comprensión oral, corrección de erros e información sociocultural e interdisciplinar adicional, ademais de continuas suxestións ao profesor/a sobre como dividir a súa axuda, segundo as distintas necesidades da clase.

O *Teacher's All-in-One Pack* ofrece un exame de diagnóstico que se recomenda facer ao comezo do curso para ver o nivel dos alumnos/as, así como exercicios de repaso para que revisen os puntos nos que atoparon maior dificultade. Ademais ofrece nove exames (un por unidade) en tres niveis de dificultade, tres exames trimestrais en dous niveis de dificultade, dous finais e tres exames de competencias básicas, para poder elixir o máis adecuado segundo a capacidade de cada alumno/a. Tamén proporciona un exercicio adicional por unidade de expresión oral, para realizar en parella ou en grupo. E ademais inclúe follas de traballo, que se dividiron do seguinte xeito:

- *Extra Practice*: proporcionan práctica adicional co mesmo nivel que o presentado na unidade
- *Extension*: enfocadas a que os alumnos/as máis avanzados poidan ampliar os coñecementos adquiridos dun xeito máis significativo e motivador.

O profesor/a tamén dispón de *English in Use Digital Teacher's Resources*, que inclúe: *Interactive Whiteboard Materials*, coas versións dixitais, totalmente interactivas, do *Student's Book*, o *Workbook* e o *Language Builder* para facilitar as clases e a corrección; *Test Factory and Other Resources*, con todo o material do *Teacher's All-in-One Pack* en formato editábel; *Burlington ESO Grammar Factory*, para xerar automaticamente exames de práctica gramatical, ou para preparalos persoalmente; e *Burlington ESO Culture Bank*, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos estudantes.

No caso de haber alumnado con necesidades educativas especiais traballarase en colaboración co Departamento de Orientación (adaptacións curriculares o calquera outra medida de apoio)

### **13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

#### **Comprensión lectora**



Dentro das actividades programadas para o curso de 4º ESO o alumnado fará a lectura obrigatoria dun libro de lectura adaptado ao seu nivel.

Asemesmo fomentárase que o alumnado acuda á biblioteca do centro onde poderá escoller outras lecturas adaptadas ao seu nivel.

Na aula, dentro das unidades farase lectura comprensiva de textos en inglés.

### **A expresión oral e escrita**

Tratándose dunha lingua o traballo na expresión oral e escrita será cotiá e estará incluído en cada unha das unidades da programación.

### **As Tecnoloxías da Información e da Comunicación**

No curso de 4º ESO haberá soporte dixital do libro de texto. Os alumnos terán acceso a diferentes actividades na web

### **A educación cívica e constitucional**

Ao igual que no resto dos cursos, o alumnado de 4º ESO estará en coñecemento do Plan de Convivencia e fomentárase o uso do Departamento de Mediación en funcionamento no centro.

## **14. PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

- Quedan suspendidas as actividades extraescolares durante o actual curso.
- Esperamos contar coa xornada de animación cultural ofertada pola editorial, algo todavía por concretar.
- Se é posible tamén asistirá a proxección dunha película en versión orixinal en inglés.
- No segundo trimestre o profesor poderá incluír a realización dun **vídeo** por parte do alumnado sobre algún aspecto da programación de aula que suporá **un punto** na media final da avaliación.

## **15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

A programación didáctica da materia é un documento en continua revisión. Para avaliar a adecuación da programación á consecución dos obxectivos educativos propostos se valorarán:

Os resultados das avaliacións e o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe propostos na programación.

Asemesmo nas reunións de departamento valorarase a programación segundo o desenvolvemento das clases e as necesidades do alumnado facéndose as correccións que sexan necesarias de cara ao curso que vén.

## **16. INFORMACIÓN AO ALUMNADO.**

En todas as aulas de 4º ESO estarán expostos no taboleiro un documento no que se especifica o grao mínimo de consecución para superar a materia e os criterios de avaliación da materia.

Así mesmo, esta programación queda á disposición da comunidade educativa a través da páxina web do noso centro.

**PROGRAMACIÓN DE INGLÉS  
1º BACHARELATO  
CURSO 2020-2021**

**IES ISIDRO PARGA PONDAL (CARBALLO)**

**XEFA DO DEPARTAMENTO: María del Rosario Patiño Eirín**



<b>2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>3</b>
<b>3. CONTRIBUCIÓN DA AREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>	<b>5</b>
<b>4. OBXECTIVOS DA LINGUA ESTRANXEIRA EN BACHARELATO</b>	<b>8</b>
<b>5. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>9</b>
<b>5.1. TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>16</b>
<b>5.2. GRAO MINIMO DE CONSECUCION PARA SUPERAR A MATERIA</b>	<b>46</b>
<b>5.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>63</b>
<b>6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS</b>	<b>64</b>
<b>7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	<b>66</b>
<b>8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN. Contidos Mínimos. Rúbricas Writing / Speaking.</b>	<b>68</b>
<b>9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRACTICA DOCENTE</b>	<b>75</b>
<b>10. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES</b>	<b>76</b>
<b>11. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	<b>76</b>
<b>12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>76</b>
<b>13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS</b>	<b>76</b>
<b>14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>78</b>
<b>15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACION COS RESULTADOS ACADÉMICOS E OS PROCESOS DE MELLORA</b>	<b>78</b>
<b>16. INFORMACIÓN AO ALUMNADO</b>	<b>78</b>

## 2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación (LOE), modificada pola Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), as particularidades do currículo desenvolvido para a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturais da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco común europeo de referencia para as linguas, son tres claves significativas que quedan reflectidas no proxecto Key to Bacharelato.

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe onde os alumnos aprenden inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permita de forma inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira non só como unha materia máis senón como o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable, promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa de Bacharelato.

A finalidadee do noso proxecto é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira todas as competencias marcadas pola LOMCE centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística e facendo especial fincapé nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorporar o conxunto de elementos transversais, recollidos tamén pola LOMCE, ao proceso de aprendizaxe. Como é de esperar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, traballaranse intensamente ao longo de todo o proceso, pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Este proxecto ten en conta cambios tan significativos e evidentes como a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de realizar unha tarefa. Elementos que se converteron nunha prioridade e nunha ferramenta clave

respectivamente no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ao longo de toda a vida.

Neste proxecto, o profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento deste; coordinará accións; impulsando actitudes positivas cara ao idioma e a cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ao novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os erros como signos de progreso.

Pola súa banda, o alumnado debe participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

### **As Competencias clave Integradas**

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de forma creativa e autónoma.

Dende a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continua, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, ha de ser capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe salientar o carácter combinado da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que sabe, debe demostrar que o sabe aplicar, pero ademais que sabe ser e estar. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos a recoñecer que a institución escolar non só prepara o alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto aos demais, responsabilidade e cooperación.

O noso proxecto recolle e integra os diferentes elementos curriculares -obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias- para o ensino da lingua estranxeira,

así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia.

### **3. CONTRIBUCIÓN DA AREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, como complemento á aprendizaxe de contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, encontrámonos cos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe entre os que se encontran as Competencias clave. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo polo que respecta ás Competencias clave que se consideran prioritarias de cara ao desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción, baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que haberán de ser demostrados polos alumnos (é algo máis que unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De forma moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os coñecementos en acción, é dicir, mobilizar os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta daquela en que se aprendeu), activar recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse, formar en competencias permite a aprendizaxe ao longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial dixital, por exemplo, permitirá acceder a este instrumento para solicitar a información que en cada momento se precise (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se

ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade todos os contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesa competencia, a de aprender a aprender.

- **Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símboos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas Competencias clave o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

- **Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

- **Competencia para aprender a aprender**



A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada alumno identifique como aprende mellor e que estratexias lle fan máis eficaces. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

- **2Competencias sociais e cívicas**

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta. Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

- **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

#### 4. OBXECTIVOS DA LINGUA ESTRANXEIRA EN BACHARELATO

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no ámbito escolar, preparando os alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe á vez que tecnoloxicamente máis avanzado. O noso país encóntrase comprometido como membro da Unión Europea no fomento do coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da Estratexia de Lisboa. Pola súa banda, o Consello de Europa no marco de Referencia Común Europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, establece directrices tanto para a aprendizaxe de linguas como para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do currículo da área.

O currículo básico establece que o Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con minusvalidez.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.
- f) ExPresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade vial.

## 5. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os estándares de aprendizaxe neste curso están organizados en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural. Recollemos a continuación o lexislado:

### • **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

♣ PLEB1.1. Nas actividades de aula, reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo e mellorándoo se é o caso, sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala; deducindo intencións a partir do volume da voz do falante; facendo anticipacións do que segue (pala- bra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.

PLEB1.2. Comprende instrucións técnicas, dadas cara a cara ou ♣ por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade no ámbito persoal (por exemplo, nunha instalación deportiva), público (por exemplo, nunha situación de emerxencia), educativo ou ocupacional (por

exemplo, unha visita guiada a unha pinacoteca, ou sobre o uso de máquinas, dispositivos electrónicos ou programas informáticos).

PLEB♣ 1.3. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a actividades e procedementos cotiáns e menos habituais, sempre que poida expor preguntas para comprobar que comprendeu o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles

PLEB1.4.♣ Comprende as ideas principais e detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e en lingua estándar (por exemplo, unha presentación sobre a organización da universidade noutros países).

PLEB1.5. Comprende os puntos principais e detalles relevantes na♣ maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade (por exemplo, entrevistas, documentais, series e películas), cando se articulan de forma relativamente lenta e cunha pronuncia clara e estándar, e que traten temas coñecidos ou do seu interese

♣ PLEB1.6. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.

♣ PLEB1.7. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.

♣ PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que as persoas interlocutoras eviten un uso moi idiomático da lingua e se non haxa interferencias acústicas.

♣ PLEB1.9. Entende, en transaccións e xestións cotiáns e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (por

exemplo, no caso dunha reclamación), sempre que poida pedir confirmación sobre algúns detalles.

- **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

- ♣ PLEB.2.1. Participa con eficacia en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; ofrece e interésase por opinións persoais sobre temas do seu interese; fai comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas; expresa con amabilidade creencias, acordos e desacordos, e explica e xustifica as súas opinións e os seus proxectos.

- ♣ PLEB.2.2. Desenvólvese con eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo (por exemplo, para facer reclamacións), expondo os seus razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico

PLEB.2.3. Segue unha entrevista cun patrón estruturado de ♣ preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro ámbito predicible da interacción

- ♣ PLEB.2.4. Compensa as carencias lingüísticas con certa naturalidade e pedíndolle axuda ao seu interlocutor, e mediante procedementos lingüísticos, como a paráfrase ou a explicación, e paralingüísticos.

PLEB.2.5. Fai presentacións ben estruturadas e de certa duración ♣ sobre un tema educativo (por exemplo, o deseño dun aparello ou dispositivo, ou sobre unha obra artística ou literaria), coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e responde a preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal.

- ♣ PLEB.2.6. Inicia, mantén e finaliza espontaneamente con certa seguridade conversas e discusións cara a cara sobre temas cotiáns de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico

sinxelo, aínda que ás veces precise facer pausas para pensar o que quere dicir.

♣ PLEB.2.7. Toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de maneira coherente as súas opinións, os seus plans e as súas suxestións sobre futuras actuacións.

♣ PLEB.2.8. Coopera na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.

### • **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

♣ PLB3.1. Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados ou o apoio na organización da información e no tipo de texto.

PLEB3.2. Comprende o sentido xeral, os puntos principais e os ♣ detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese, redactados nunha variante estándar da lingua.

♣ PLEB3.3. Entende, en manuais, enciclopedias e libros de texto, en soporte tanto impreso como dixital, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese educativo ou ocupacional, en páxinas web e outros textos informativos oficiais, institucionais, ou corporativos.

PLEB3.4. Comprende instrucións dunha certa extensión e ♣ complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre cómo redactar un traballo educativo seguindo as convencións internacionais).

PLEB3.5. Comprende información relevante en ♣ correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos (por exemplo, carta de admisión a un curso).

♣ PLEB3.6. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo (por exemplo, folle tos, prospectos, programas de estudos universitarios).

♣ PLEB3.7. Segue sen dificultade a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar da lingua, e comprende o carácter dos personaxes e as súas relacións, cando uns e outras están descritos claramente e co suficiente detalle. ▀

- PLEB3.8. Comprende correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nas que se transmiten información e ideas, se pregunta sobre problemas e se explican con razoable precisión, e se describen de maneira clara e detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos como concretos de temas do seu interese

- **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

PLEB4.1. ♣ Escribe, en calquera soporte, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema educativo, ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un problema xurdido durante unha viaxe), describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación.

♣ PLEB4.2. Nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, na orde das palabras e na presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, etc.)

♣ PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para tomar parte nun concurso internacional, ou para solicitar unhas prácticas en empresas).

PLEB4.4.♣ Escribe, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e o destinatario específicos

♣ PLEB4.5. Toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un breve resumo coa información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.

PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes que transmite e ♣ solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais, educativos u ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.

♣ PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal e participa en foros e blogs nos que

transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información e pregunta sobre problemas e explícaos con razoable precisión, e describe, de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e

unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade.

PLEB4.8.♣ Escribe, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia,

no ámbito público, educativo ou laboral, respectando as convencións formais e de

cortesía propias deste tipo de textos.

## • **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

♣ PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira; reflexiona sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transfere á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas



PLEB5.2. Utiliza as normas ortográficas sen erros moi♣ significativos e para estruturar o texto, ordenar as ideas e xerarquizalas en principais e secundarias, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.

♣ PLEB5.3. Utiliza a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información procedente de diversas fontes (biblioteca, internet, etc.) e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, e, durante as actividades de aula, en situacións de comunicación reais ou simuladas, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

♣ PLEB5.4. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros de outra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.

♣ PLEB5.5. Coñece algúns aspectos significativos históricos xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.

PLEB5.6. Produce textos orais e escritos en diferentes soportes♣ suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo.

PLEB5.7. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes♣ soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.

PLEB5.8. Realiza actividades de mediación lingüística♣ (reformula o sentido dun texto, oral ou escrito para facelo comprensible a persoas interlocutoras que descoñecen a lingua en que se produce, escribe o resumo dun debate oral ou un artigo lido noutra lingua, fai unha exposición oral a partir de notas, cambia de modalidade semiótica, como do texto ao esquema, etc.).

PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais♣ multime- dia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias lin guas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

### 5.1. TEMPORALIZACIÓN

Os contidos expostos no apartado anterior serán temporalizados da seguinte maneira:

UNIDAD	Aprox. N° Sesiones	Aprox. Temporalización (50 mins por sesión)*	Notas y observaciones
<b>Starter Unit</b>	8	7-8 horas*	
<b>1 Experiences</b>	11	10-11 horas*	
<b>2 Tomorrow's world</b>	11	10-11 horas*	
<b>3 Entertainment</b>	12	10-12 horas*	
<b>4 Relationships</b>	11	10-11 horas*	
<b>5 Behaviour</b>	12	10-12 horas**	
<b>6 Design and technology</b>	12	10-12 horas*	
<b>7 Change the world</b>	12	10-12 horas*	
<b>8 Travel and tourism</b>	12	10-12 horas*	
<b>TOTAL</b>	101 e.g	90- 105 horas*	

1º avaliación:

- Unit 1
- Unit 2
- Unit 3

2º avaliación:

- Unit 4
- Unit 5
- Unit 6

3º avaliación: - Unit 7 - Unit 8

## STARTER

### **Bloque 1- escoitar, comprender, falar e conversar**

#### PROCEDEMENTOS

##### Listening

- Identificación de información xeral e específica nunha entrevista de traballo.
- Nun intercambio oral comprensión das preguntas formuladas e expresión axeitada de respostas.

##### Speaking

- Resposta a preguntas e comparación das respostas en parellas ou grupos.
- Intercambio de preguntas e contraste das respostas dadas. (**Speaking option**,
- Práctica oral formulando preguntas a partir das palabras dadas e respondéndoas.
- Realización dunha entrevista (**Speaking & writing option**, )
- Intercambio oral e decisión sobre a veracidade das frases formuladas polo compañeiro. (**Speaking option**, SB p. 7)
- Descrición dunha fotografía e comentario cun compañeiro usando as expresións presentadas no cadro **key phrases**. (SB p. 8)
- Descrición e contraste entre dúas fotografías, usando as **key phrases** presentadas. (SB p. 8)

### **Bloque 2 - Ler e escribir**

#### PROCEDEMENTOS

##### Reading

- Lectura de diversos textos e asociación cos titulares. (SB p. 4)
- Formulación de preguntas sobre textos a partir da lectura e as respostas. (SB p. 5)
- Lectura e completión de dous textos descriptivos cas palabras propostas. (SB p. 8)

##### Writing

- Elaboración dun texto descriptivo a partir das respostas ás preguntas formuladas. (SB p. 6)
- Reformulación de frases. (SB p. 7)
- Elaboración de frases verdadeiras o falsas sobre un mesmo. (SB, p. 7)
- Descrición dunha fotografía a partir da resposta a preguntas. (SB p. 8)
- Elaboración dun texto comparando dúas fotografías, establecendo as similitudes e as diferenzas. (SB p. 8)

### **Bloque 3 – Coñecemento da lingua**

#### CONCEPTOS

#### FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Falar de feitos presentes
- Falar de feitos pasados
- Falar de feitos ou accións do pasado pero que continúan no presente

#### ESTRUCTURAS-GRAMATICA

Present simple

Present continuous

Past simple

Past continuous

Present Perfect

Present perfect continuous

*Ever, never, for, since, still, yet, already*

*None, both, all, neither*

Indefinite pronouns

Comparatives and superlatives

#### VOCABULARIO

**Tema:** People talking, About you, People together

#### **Léxico:**

- Topic vocabulary.
  - **Habits and routines**
  - **Past events**
  - **Experiences**
- Language focus / Useful language:
  - Verb / Adjective + preposition
  - present, past and perfect tenses
  - *Ever, never, for, since, still, yet, already*
  - subject / object questions
  - *None, both, all, neither*
  - Indefinite pronouns

- Comparatives and superlatives

## PROCEDEMENTOS

### Grammar

- Observación e interiorización das normas de uso dos tempos de presente e pasado. Diferenciación entre as formas *simple* y *continuous* dos tempos de presente pasado. (SB p. 5)
- Interiorización das normas de uso dos *stative verbs*. (SB p. 5)
- Interiorización das normas de uso de *never, ever, for, since, still, yet* y *already* cos perfect tenses. (SB p. 7)
- Diferenciación entre as *subject questions* e as *object questions*. (SB p. 5)
- Revisión dalguns aspectos gramaticais: *none, both, all, neither*; indefinite pronouns; comparatives and superlatives. (SB p. 9)
- Realización dos exercicios propostos e corxilos de forma conxunta na clase. (SB pp. 5, 7, 9)
- Corrección de erros a partir do cadro key errors. (SB p. 7)
- Consulta do *Grammar Workshop*, se é necesario. (SB pp.114-118)
- Práctica dos ítems gramaticais presentados mediante a realización de exercicios do *Workbook*. (WB pp. 4-6)

### Vocabulary

- Revisión de vocabulario básico a partir da lectura de textos. (SB, p. 4)
- Práctica de colocacións habituais: *verb / adjective + preposition*. (SB p. 5)
- Interiorización e uso da linguaxe descriptiva. (SB p. 8)
- Interiorización dalgunhas expresións útiles para describir e/ou contrastar fotografías. (SB p. 8)

### Pronunciation

- Atención ás normas de pronunciación, acentuación e entoación nas actividades de expresión oral. (SB pp. 5, 6, 7, 8)

## **Bloque 4 – Aspectos socio-culturais e consciencia intercultural**

### CONCEPTOS

- Experiencias persoais (*People talking*).
- Información persoal (*About you*).
- Relacións persoais (*People together*).

## UNIT 1 – EXPERIENCES

### **Bloque 1 - escoitar, comprender, falar e conversar**

#### PROCEDEMENTOS

##### Listening

- Audición dun texto ou visionado un vídeo sobre preferencias. (SB p. 11)
- Audición dunha historia e anotación da información requerida. (SB p. 15)
- Audición de tres diálogos sobre experiencias persoais e realización das actividades de comprensión. (SB p. 16)
- Audición dunha conversación e identificación da información requerida. (SB p. 17)
- Audición dunha historia versionada e identificación das diferencias. (SB p. 18)
- Audición dun programa e resposta a preguntas de elección múltiple. (SB p. 20)
- Visionado, audición e comprensión dun vídeo sobre unha situación de emerxencia. (SB p. 21)

##### Speaking

- Realización de intercambios comunicativos en parella ou grupo para anticipar e/ou practicar o vocabulario da unidade. (SB pp. 10, 11, 16)
- Expresión de preferencias. (SB p. 11) y opiniónes. (SB p. 12)
- Intercambio comunicativo sobre unha experiencia. (SB pp. 15, 17)
- Realización dun roleplay. (SB p. 21)

### **Bloque 2 - Ler e escribir**

#### PROCEDIEMENTOS

## Reading

- Comprensión dun texto sobre unha mala experiencia, seguindo os consellos da key skill para identificar información xeral. (SB p. 12)
- Identificación de información específica nun texto sobre unha mala experiencia. (SB p. 12)
- Identificación das características e expresións habituais nun texto narrativo. (SB p. 18)
- Comprensión de pequenos textos como actividade previa para a práctica de aspectos diversos. (SB p. 17, 20)

## Writing

- Elaboración de frases ou textos para practicar o vocabulario aprendido. (SB p. 10, 16)
- Preparación de presentacións ou intercambios orais e roleplays. (SB p. 15, 17, 21)
- Elaboración dun texto narrativo sobre unha boa ou mala experiencia seguindo a guía de redacción e utilizando expresións temporais e as expresións presentadas no cadro *key phrases*. (SB p. 19)

## **Bloque 3 – Coñecemento da lingua**

### CONCEPTOS

#### FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Falar sobre feitos pasados
- Expresar opinións e preferencias
- Falar de experiencias vividas

#### ESTRUCTURAS-GRAMÁTICA

*Past simple & continuous*

*Past simple & Present Perfect*

*Past simple & Past perfect*

*Past simple, used to & would*

#### VOCABULARIO

**Tema:** Experiencias

**Léxico:**

- Topic vocabulary.
  - **Experiencias:** *-ed / -ing adjectives, secuenciadores, phrasal verbs*
  - **Preferencias:** *I like / don't like the idea of ...; I'd like / I'd love to ...; I wouldn't like to ...; I'd prefer to / I'd rather ...*

- *get, go, make & do*
- Language focus / Useful language:
  - *-ed / -ing adjectives*
  - Uso de secuenciadores e expresiones temporais
  - tiempos de pasado

## PROCEDEMENTOS

### Grammar

- Observación e interiorización das normas de uso dos tempos de pasado. Diferenciar entre os diferentes tempos (*past simple & continuous, present perfect, past perfect, would y used to*) e interiorizar súa combinación según o que queremos expresar. (SB p. 14)
- Realización dos exercicios propostos e corrección de forma conxunta na clase. (SB pp. 14, 15)
- Consulta do *Grammar Workshop*, se é necesario. (SB pp.118-121)
- Práctica dos ítems gramaticais presentados mediante a realización de exercicios do *Workbook*. (WB pp. 10-11)
- Aplicación das normas de uso dos tempos de pasado na redacción de textos narrativos. (SB p. 19)

### Vocabulary

- Anticipación do vocabulario da unidade mediante unha chuvia de ideas. (SB p. 10)
- Asociación de palabras cos verbos *get, go, make y do* para formar expresións de uso común. (SB p.11)
- Interiorización de expresións para expresar preferencias (SB p. 11)
- Uso de expresións axeitadas para reaccionar á narración dunha historia (SB p. 17)
- Interiorización do uso dos *-ed / -ing adjectives*. (SB p.16)
- Asociación de *phrasal verbs* co seu significado e localización nun texto. (SB p.12)
- Interiorización de correspondencias entre palabras en inglés británico e inglés americano. (SB p.13)

### Pronunciation

- Audición de palabras e identificación da sílaba tónica. (SB p. 17)



## **Bloque 4 – Aspectos socio-culturais e consciencia intercultural**

### CONCEPTOS

- Diferencias de léxico entre o inglés británico e o inglés americano.
- Estilos de vida: 'The man who sold his life'.

## **UNIT 2 – TOMORROW'S WORLD**

### **Bloque 1 - escoitar, comprender, falar e conversar**

#### PROCEDEMENTOS

##### Listening

- Audición de extractos de películas de ciencia-ficción. (SB p. 22)
- Audición de varias prediccions e anotación da información requerida. (SB p. 27)
- Visionado, audición e comprensión dun video mostrando dúas conversacións. (SB p. 29)
- Audición de catro opinións sobre libros e películas e completión de frases. (SB p. 30)
- Audición de dous extractos de conversacións sobre a tecnoloxía 3D e resposta a preguntas de elección múltiple. (SB p. 32)
- Visionado, audición e comprensión dun video sobre *The Nazca Lines*. (SB p. 33)

##### Speaking

- Debate e/ou expresión de opinións sobre os temas presentados para anticipar e/ou practicar o vocabulario da unidade. (SB pp. 22, 24)
- Expresión de prediccions (SB p. 23).
- Intercambio comunicativo sobre o futuro. (SB pp. 27)
- Realización dun roleplay. (SB p. 29)

### **Bloque 2 - Ler e escribir**

#### PROCEDEMENTOS

## Reading

- Comprensión de textos sobre películas de ciencia-ficción. (SB p. 23)
- Identificación de información xeral e específica nun texto sobre o movemento *Survivalist*. (SB p. 25)
- Comprensión de pequenos textos como actividade previa para a práctica de aspectos diversos. (SB p. 28, 30)
- Identificación das características e expresións habituais nunha reseña literaria ou cinematográfica. (SB p. 30)

## Writing

<b>Writing Structure</b>	Writes clear, well-linked paragraphs, with topic sentences, details and conclusion. Uses connectors properly, suitable to the level.	Can write a few short, linked paragraphs, with a topic sentence and details. Makes some errors and lacks transitions. Not many connectors.	Can write a single paragraph or multiple short paragraphs but the ideas are not organized and paragraphs not well-linked. Few connectors.	Can write one paragraph, which may or may not have a good structure with introduction, body and conclusion. No connectors at all.
<b>Mechanics</b>	No mistakes in punctuation, spelling or capitalization.	A few mistakes that may interfere with meaning. No spelling mistakes with high frequency words.	Some mistakes that sometimes interfere with meaning.	Many mistakes, that interfere with meaning.
<b>Vocabulary &amp; Expression</b>	High frequency and new words used accurately.	High frequency and new words used accurately, with little interference with meaning.	Uses familiar and high frequency words with little difficulty. Occasional use of new words.	Uses familiar words with some difficulty. Doesn't use new words related to the topic.
<b>Content</b>	Ideas are well supported and explained. Fit to the length of the activity; relevant content and register.	Ideas are supported and explained. Some hesitation in the register used.	Ideas need more explanation/ support or logic is simple. Occasionally not relevant content and hesitation in register used.	Ideas not really explained or supported or illogical. Length not suitable for the task. Not adequate register or content.
<b>Grammar</b>	<u>Frequently and correctly</u> uses the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Verbs + Infinitives / Gerunds.</li> <li>• Passive Voice.</li> <li>• Different verb forms.</li> <li>• Conditionals.</li> <li>• Adverbs.</li> <li>• Comparatives / Superlatives.</li> <li>• Relative Clauses.</li> <li>• Reported Speech.</li> </ul>	<u>Often</u> able to use the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Modal verbs.</li> <li>• Possessives.</li> <li>• Prepositions.</li> <li>• Adjectives.</li> </ul>	<u>Sometimes</u> able to use the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pronouns.</li> <li>• Count / non-count nouns.</li> <li>• Articles.</li> </ul>	<u>Rarely</u> able to use the structures before.

	Excellent 8-10	Good 6-8	Acceptable 4-6	Poor 0-4
<b>Vocabulary</b>	Uses suitable vocabulary all the time, without repeating words.	Uses suitable vocabulary most of the time.	Proper vocabulary sometimes.	Limited vocabulary and repeats words.
<b>Grammar</b>	Uses adequate grammar structures, seen in class, all the time.	Uses them most of the time.	Uses them properly sometimes.	Uses them incorrectly.
<b>Pronunciation / Intonation</b>	Speaks clearly and has good pronunciation all the time.	Speaks clearly and uses accurate pronunciation most of the time.	Understandable pronunciation, but not very clear.	Hard to understand.
<b>Fluency</b>	Expresses ideas fluently all the time.	Speaking with some hesitation, but it doesn't interfere with communication.	Speaking with some hesitation, which interferes with communication.	Too much hesitation, which interferes with communication.
<b>Content</b>	Suitable content for their level,	Suitable theme, seen	Suitable only in some parts.	Not adequate at all.

	seen in class.	in class mostly.		
<b>Creativity</b>	Very original presentation of material.	Some originality apparent.	Material presented with little originality.	Repetitive. No variety. Insufficient use of materials.

### Speaking Rubric

## 9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRACTICA DOCENTE

TABOA DE INDICADORES PARA AVALIAR A PRACTICA DOCENTE

	SI/NON. Por que?
Os obxectivos marcados son axeitados ás capacidades e intereses do alumnado	
20 alumnado ten claros os obxectivos	
As competencias foron traballadas, gradadas e desenvolvidas	
Os contidos foron adaptados ás peculiaridades do alumnado	
A metodoloxía é estimulante para o alumnado e eles a consideran axeitada	
Os materiais e recursos son axeitados	
Motivouse o alumnado	
Logramos a implicación das familias	
O equipo docente traballou coordinadamente e asumindo pautas compartidas	
As actividades foron axeitadas ás capacidades do alumnado	
Traballaronse os 75na75ría75es de aprendizaxe	
A axuda prestada foi axustada ás necesidades do alumnado	
Temos dado a posibilidade de interactuar entre iguais	
Tiveron cabida as iniciativas persoais do alumnado	
O desenvolvemento das actividades axustouse ao que se programou	
A organización dos espazos da aula favorece o traballo tanto individual como colectivo, así como o desenvolvemento de tarefas e metodoloxías diversas	

---

**O uso das novas tecnoloxías foi axeitado tanto para o alumnado como para as explicacións e usos de recursos por parte do profesorado**

---

### **INSTRUMENTOS PARA LEVAR A CABO ESTA AVALIACIÓN**

- Autorreflexión do profesorado sobre a súa práctica docente
  - Análise do cumprimento dos diversos aspectos da programación
  - Análise dos resultados académicos
  - Reunións de departamento, equipo docente e CCP
- Enquisas persoais ou anónimas ao alumnado sobre diferentes aspectos

### **10. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

En 1º Bach non hai alumnado coa materia pendente.

### **11. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS**

Nos primeiros días do curso a profesora constatará os coñecementos previos do alumnado realizando diferentes actividades escritas e orais de diagnóstico. A partir dos resultados a profesora poderá entregarlle ao alumnado tarefas de repaso, se é necesario

### **12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Neste nivel atopámonos con alumnado de diferentes niveis. Hai alumnado que pasa a bacharelato co inglés aprobado con boa nota pero tamén hai alumnado que pasa con nota baixa ou incluso suspenso.

As actividades permiten dar unha atención individualizada aos alumnos, según as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe. No material utilizado para este curso están incluídas ideas en todas as leccións para que o profesor dea resposta ás diversas situacións que se plantexan na aula.

### **13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

As unidades da programación incorporan e desenvolven o conxunto de elementos transversais recollidos pola LOMCE e polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Como é de esperar, na materia da lingua inglesa trabállanse principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en todas as unidades; pero tamén se traballan a comunicación audiovisual e as TIC a través de:

- O uso opcional do iPack en todas as leccións para a presentación e práctica dos contidos tanto do Student's Book coma do Workbook.
- O Oxford Online Learning Zone e recursos na web de Oxford University Press España con artigos e podcasts, contido interactivo, actividades prácticas, documentais en video, exames de práctica, idioms, etc.
- O uso dunha aplicación, VOCApp, para practicar o vocabulario, a pronunciación, realizar traducións, etc. Nun 77na77r 77na77.
- A versión do libro dixital: Workbook.
- O uso das TIC para a busca e contraste de información relacionada coa aprendizaxe da lingua.

- **Educación cívica e constitucional:**

En todas as unidades se leva a cabo o desenvolvemento de actividades que promoven tanto o traballo cooperativo como colaborador. Exemplo do desenvolvemento das devanditas destrezas son debates sobre tema que suscitan controversia ou conversacións entre os alumnos sobre diversos temas que se formulan en cada unidade.

Debido á lealdade á realidade das actividades, os alumnos conseguen 77na comunicación máis satisfactoria e séntense máis motivados para participar.

O nivel de interacción na aula entre os alumnos é moi alto debido a que a 77na77ría das actividades dirixe os alumnos a 77na forma de traballo cooperativo no que a comunicación entre eles é esencial

- **Emprendimento:**

É outro elemento que se ten en conta dentro dos niveis de Key to Bacharelato, debido a que en todas as unidades o alumno se encontrará con actividades que lle esixirán ser asertivo á hora de dar a súa opinión, flexible e cooperativo. Todas as unidades favorecen o desenvolvemento de calidades como a imaxinación, creatividade, confianza en si mesmo ou o sentido crítico. Os alumnos adquiren autonomía a medida que avanza no coñecemento da lingua.

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- O departamento de inglés non ten programadas actividades extraescolares para o actual curso.
- A editorial implicada oferta unhas animacións para o alumnado que aínda están por concretar.
- Se é posible tamén asistirá a proxección dunha película en versión orixinal en inglés.
- No segundo trimestre o profesor poderá ofertar ó alumnado a realización dun **vídeo** presentando diferentes aspectos da contorna de Carballo que suporá **un punto** a sumar a media da 2ª avaliación.

## 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACION COS RESULTADOS ACADÉMICOS E OS PROCESOS DE MELLORA

A programación didáctica da materia é un documento en continua revisión. Para avaliar a adecuación da programación á consecución dos obxectivos educativos propostos se valorarán:

Os resultados das avaliacións e o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe propostos na programación.

Asemesmo nas reunións de departamento valorarase a programación segundo o desenvolvemento das clases e as necesidades do alumnado facéndose as correccións que sexan necesarias de cara ao curso que vén

## 16. INFORMACIÓN AO ALUMNADO

En todas as aulas de 1º de Bacharelato estarán expostos no taboleiro os contidos mínimos e os criterios de avaliación da materia.

Así mesmo, esta programación queda a disposición da comunidade educativa a través da páxina web do centro.



# **PROGRAMACIÓN DE INGLÉS 2º BACHARELATO**

**2020-2021**

**IES ISIDRO PARGA PONDAL**

**XEFA DO DEPARTAMENTO: María del Rosario Patiño Eirín**



<b>INDICE</b>	
<b>1. INDICE</b>	<b>2</b>
<b>2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>3</b>
<b>3. CONTRIBUCIÓN DA AREA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>	<b>5</b>
<b>4. CONCRECION DOS OBXECTIVOS</b>	<b>11</b>
<b>5. CONCRECION PARA CADA ESTANDAR DE APRENDIZADE</b>	<b>13</b>
<b>6. TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>19</b>
<b>7. GRAO MINIMO DE CONSECUCION PARA SUPERAR A MATERIA</b>	<b>176</b>
<b>8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>195</b>
<b>8.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>199</b>
<b>9. CONCRECTIONS METODOLOXICAS DA MATERIA</b>	<b>200</b>
<b>10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR</b>	<b>202</b>
<b>11. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO . CONTIDOS MÍNIMOS. RÚBRICAS WRITING / SPEAKING.</b>	<b>203</b>
<b>12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRACTICA DOCENTE</b>	<b>212</b>
<b>13. ORGANIZACION DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES</b>	<b>213</b>
<b>14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>214</b>
<b>15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>214</b>
<b>16. INFORMACIÓN AO ALUMNADO</b>	<b>214</b>

## 2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación (LOE), modificada pola Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), as particularidades do currículo desenvolvido para a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturais da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco común europeo de referencia para as linguas, son tres claves significativas que quedan reflectidas no proxecto *Key to Bacharelato*.

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe onde os alumnos aprenden inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permita de forma inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira non só como unha materia máis senón como o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable, promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa de Bacharelato.

A finalidade do noso proxecto é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira todas as competencias marcadas pola LOMCE centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística e facendo especial fincapé nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorporar o conxunto de elementos transversais, recollidos tamén pola LOMCE, ao proceso de aprendizaxe. Como é de esperar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, traballaranse intensamente ao longo de todo o proceso, pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Este proxecto ten en conta cambios tan significativos e evidentes como a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de realizar unha tarefa. Elementos que se converteron nunha prioridade e nunha ferramenta clave respectivamente no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ao longo de toda a vida.

Neste proxecto, o profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento deste; coordinará accións; impulsando actitudes positivas cara ao idioma e a cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ao novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os erros como signos de progreso. Pola súa banda, o alumnado debe participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

### **As Competencias clave Integradas**

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de forma creativa e autónoma.

Dende a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continua, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, ha de ser capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe salientar o carácter combinado da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que sabe, debe demostrar que o sabe aplicar, pero ademais que sabe ser e estar. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos a recoñecer que a institución escolar non só prepara o alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto aos demais, responsabilidade e cooperación.

O noso proxecto recolle e integra os diferentes elementos curriculares -obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias- para o ensino da lingua estranxeira, así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da materia.

### **3. CONTRIBUCIÓN DA AREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO LOBRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, como complemento á aprendizaxe de contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, encontrámonos cos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe entre os que se encontran as Competencias clave. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo polo que respecta ás Competencias clave que se consideran prioritarias de cara ao desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción, baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que haberán de ser demostrados polos alumnos (é algo máis que unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De forma moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os coñecementos en acción, é dicir, mobilizar os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta daquela en que se aprendeu), activar recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse, formar en competencias permite a aprendizaxe ao longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial dixital, por exemplo, permitirá acceder a este instrumento para solicitar a información que en cada momento se precise (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade todos os contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesa competencia, a de aprender a aprender.

No noso sistema educativo considérase que as Competencias clave que debe ter o alumno cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse aos retos

da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Pero que entendemos por cada unha desas competencias? De forma sucinta, e recollendo o máis significativo do que establece o currículo escolar, cada unha delas achega o seguinte á formación persoal e intelectual do alumno:

#### ▪ **Competencia en comunicación lingüística**

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidadees. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fóra da escola, e enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura como o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia.

O individuo, mediante a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto ás normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e o pluralismo, a resolución de conflitos, o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos, interese cara á aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fonte de pracer.

A competencia en comunicación lingüística está constituída por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, sociocultural, estratéxico e persoal, que se concretan en distintas dimensións na interacción comunicativa.

#### ▪ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símboos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedemental, implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor,

o respecto aos datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable nel. Contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan o individuo para identificar, formular e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxías, que se derivan, de conceptos, procesos e situacións interconectadas; así como unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e ambientais, así como a adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun ámbito natural e social.

#### ▪ **Competencia dixital**

Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Supón a adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun ámbito dixital.

Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos.

O individuo ha de ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente en torno a elas. Por outra parte, a competencia dixital

implica a participación e o traballo colaborador, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

- **Aprender a aprender**

Esta competencia supón, por un lado, iniciarse na aprendizaxe e, por outro, ser capaz de continuar aprendendo de xeito autónomo, aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.

Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento se convirten en obxecto do coñecemento e se ha de aprender a executaos axeitadamente.

As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para alcanzar as metas da aprendizaxe.

- **Competencias sociais e cívicas**

Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conduta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.

Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma construtiva en distintos ámbitos e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais: a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, a apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.

O desenvolvemento destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadáns dende unha actitude solidaria e responsable.

- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor**

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o que implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio e levar



adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendimento.

Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais; e unhas destrezas como a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderado, pensamento crítico, avaliación e auto-avaliación.

Require o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autoconhecimento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

#### ▪ **Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de disfrute e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a todos os niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e gozar das diferentes manifestacións artísticas. Supón, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

#### **Competencias clave nesta materia**

Imos expoñer os aspectos máis relevantes no noso proxecto, a expensas do que a práctica educativa diaria poida aconsellar en cada momento:

#### ▪ **Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como

instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símboos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas Competencias clave o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

- **Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

- **Competencia para aprender a aprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada alumno identifique como aprende mellor e que estratexias lle fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

- **Competencias sociais e cívicas**

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son

vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

#### ▪ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

#### ▪ **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modeos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

## **4. OBXECTIVOS DA LINGUA ESTRANXEIRA EN BACHARELATO**

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no ámbito escolar, preparando os alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe á vez que tecnoloxicamente máis avanzado. O noso país encóntrase comprometido como

membro da Unión Europea no fomento do coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da Estratexia de Lisboa. Pola súa banda, o Consello de Europa no marco de Referencia Común Europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, establece directrices tanto para a aprendizaxe de linguas como para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do currículo da área.

O currículo básico establece que o Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con minusvalidez.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a

sensibilidade e o respecto cara ao medio.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade vial.

## **5. CONCRECIÓN DOS ESTANDARES DE APRENDIZAXE**

Os estándares de aprendizaxe neste curso están organizados en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural. Recollemos a continuación o lexislado:

### **▪ Bloque 1. Comprensión de textos orais**

PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais).

PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.

PLEB1.3. Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor.

PLEB1.4. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos.

PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.

PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal.

▪ **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

PLEB2.1. Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limitada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.).

PLEB2.2. Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal.

PLEB2.3. Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos.

PLEB 2.4. Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e

convicente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións.

PLEB2.5. Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos.

PLEB2.6. Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua da súa área de interese.

### **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

PLEB3.1. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou graffiti), educativo (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais).

PLEB3.2. Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese.

PLEB3.3. Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre instrumentos de medición ou de procedementos científicos).

PLEB3.4. Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade

PLEB3.5. Entende, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais institucionais ou corporativos.

PLEB3.6. Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos.

PLEB3.7. Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, ou o motivo poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles.

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

PLEB4.1. Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estadía no estranxeiro), desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas

PLEB4.2. Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada.

PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para matricularse nunha universidade, solicitar un traballo, abrir unha conta bancaria ou tramitar un visado).

PLEB4.4. Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo).

PLEB4.5. Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben estruturado.

PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e



opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.

PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe.

PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.

▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático

PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación.

PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural

PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación.

PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas,

e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.

PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.

PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os compartan) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.

PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.

PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

## 6. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

UNIDAD	Aprox. Nº Sesiones	Aprox. Temporalización (50 mins por sesión)*	Notas y observaciones
<b>Starter Unit</b>	7	7-8 horas*	
<b>1 Connect</b>	14	14-15 horas*	
<b>2 Sport and fitness</b>	15	15-16 horas*	
<b>3 Buy, sell, waste</b>	15	15-16 horas*	
<b>4 Society</b>	15	15-16 horas*	
<b>5 Looks</b>	14	14-15 horas**	
<b>6 Learn and work</b>	16	16-17 horas*	
<b>TOTAL</b>	96 e.g	96- 103 horas*	

PLEB5.1. Comprende e faise comprender con dificultade en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático.as	PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático.as	PLEB5.1. Comprende e faise comprender habitualmente con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático.as	PLEB5.1. Comprende e faise comprender sempre sen dificultade con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático.
PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con dificultade información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou	PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros	PLEB5.2. Relaciónase habitualmente oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou	PLEB5.2. Relaciónase sempre sen dificultade oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada

<b>NIVEIS DE ADQUISICIÓN</b>			
<b>En vías de adquisición</b>	<b>Adquirido</b>	<b>Avanzado</b>	<b>Excelente</b>
outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación.	ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación.	outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación	con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación
PLEB5.3. Intervén oralmente con dificultade con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural.	PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural.	PLEB5.3. Intervén habitualmente oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural.	PLEB5.3. Intervén sempre sen dificultade oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural.
PLEB 5.4. Entende o con dificultade s detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación..	PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación..	PLEB 5.4. Entende habitualmente os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo	PLEB 5.4. Entende sempre sen dificultade os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo

<b>NIVEIS DE ADQUISICIÓN</b>			
<b>En vías de adquisición</b>	<b>Adquirido</b>	<b>Avanzado</b>	<b>Excelente</b>
		defectuoso), sempre que poida pedir confirmación..	defectuoso), sempre que poida pedir confirmación..
PLEB5.5. Desenvólvese con dificultade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.	PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.	PLEB5.5. Desenvólvese habitualmente con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.	PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade sempre sen dificultade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.
PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito con dificultade , en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e reconece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.	PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e reconece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.	PLEB5.6. Exprésase habitualmente oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e reconece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.	PLEB5.6. Exprésase sempre sen dificultade oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e reconece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.
PLEB5.7. Comprende con dificultade textos extensos	PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar	PLEB5.7. Comprende habitualmente textos	PLEB5.7. Comprende sempre sen dificultade



<b>NIVEIS DE ADQUISICIÓN</b>			
<b>En vías de adquisición</b>	<b>Adquirido</b>	<b>Avanzado</b>	<b>Excelente</b>
en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.	transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.	extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.	textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.
PLEB5.8. Explica con dificultade valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.	PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.	PLEB5.8. Explica habitualmente valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.	PLEB5.8. Explica sempre sen dificultade valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.
PLEB5.9. Participa con dificultade en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando	PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou	PLEB5.9. Participa habitualmente sen dificultade en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos	PLEB5.9. Participa sempre sen dificultade en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita

<b>NIVEIS DE ADQUISICIÓN</b>			
<b>En vías de adquisición</b>	<b>Adquirido</b>	<b>Avanzado</b>	<b>Excelente</b>
estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe..	culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

## 8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación que establece o currículo para o segundo curso de Bacharelato na área de lingua estranxeira, organizados en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural, son os seguintes:

### ▪ **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

- B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a imaxe facilita a comprensión.
- B1.3. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común segundo o contexto de comunicación (por exemplo, estrutura interrogativa para expresar admiración).
- B1.4. Comprender o esencial de conversas ou debates sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, desenvolvidos nunhalinguaxe sen usos idiomáticos, e extraer información específica relevante aínda que non se comprenda a totalidade dos textos.
- B1.5. Recoñecer os significados e intencións comunicativas expresas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo a ironía e o humor), cando a articulación é clara.
- B1.6. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade normal, que traten temas tanto concretos como abstractos, incluso se son de carácter técnico cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral/profesional, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles.
- B1.7. Comprender as ideas principais e as específicas máis relevantes de textos gravados ou audiovisuais emitidos en lingua estándar, con claridade na fala, e sen condicións externas que dificulten a comprensión

### ▪ **Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**

- B2.1. Coñecer, seleccionar con coidado e saber aplicar eficazmente e con certa naturalidade as estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando o discurso segundo o propósito, a situación, os interlocutores e a canle de comunicación; recorrendo á paráfrase ou a circunloquios cando non se atopa a expresión precisa, e identificando e corrixindo os erros que poidan provocar unha interrupción da comunicación.
- B2.2. Construír textos claros e co detalle suficiente, ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo, sobre temas diversos, xerais e máis específicos dentro do propio campo de

especialidade ou de interese, e defender un punto de vista sobre temas xerais ou relacionados coa propia especialidade, indicando os proles e os contras das opcións, así como tomar parte activa en conversas formais ou informais de certa lonxitude, desenvolvéndose cun grao de corrección e fluidez que permita manter a comunicación.

- B2.3. Utilizar correctamente, sen erros que conduzan a malentendidos, as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de coherencia e de cohesión de uso común e máis específico, seleccionándoos en función do propósito comunicativo no contexto concreto (por exemplo, o uso da voz pasiva en presentacións de carácter educativo, ou de frases de relativo para facer unha descrición detallada).
- B2.4. Ler en voz alta con énfase expresiva de xeito que poidan recoñecerse as ideas clave, utilizando o ritmo e as pautas para facer a lectura comunicativa, engadindo algún comentario persoal ao texto (aclaración de palabras, algún novo exemplo, unha alusión a experiencias compartidas, etc.) e corrixíndose con naturalidade no caso dalgunha equivocación.
- B2.5. Planificar e articular o texto oral segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal.
- B2.6. Expresarse con relativa facilidade e naturalidade, e cun grao de fluidez que permita desenvolver o discurso sen moita axuda do interlocutor, aínda que poidan darse algúns problemas de formulación que retarden algo o discurso ou que requiran expor de maneira distinta o que se quere dicir.
- B2.7. Xestionar a interacción de maneira eficaz en situacións habituais, respectando e tomando a quenda de palabra con amabilidade e cando se desexa, e axustando a propia contribución á dos interlocutores, percibindo as súas reaccións, e defenderse en situacións menos rutineiras, e mesmo difíciles (por exemplo, cando a persoa interlocutora acapara a quenda de palabra, ou cando a súa contribución é escasa e hai que encher as lagoas comunicativas ou animala a participar).

### ▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

- B3.1. Uso de diferentes estratexias de lectura como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e a organización da información e o tipo de texto.
- B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinalizadas; e matices como a

ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua, formulados de xeito claro.

- B3.3. Seguir instrucións de certa complexidade e extensión tanto do ámbito público como do propio da especialidade, aínda que sexa necesario apoiarse para a comprensión en soportes visuais como debuxos, bosquejos e outros.
- B3.4. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.
- B3.5. Recoñecer globalmente e con detalle a liña argumental no tratamento do asunto presentado en xornais, revistas, guías, páxinas web e novelas, e distinguir entre información, opinión e persuasión, así como comprender en textos literarios as relacións entre os personaxes e os motivos que os impulsan a actuar.
- B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos e relacionados cos propios intereses e as necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua e escritos sen modismos pouco frecuentes.

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

- B4.1. Utilizar estratexias que faciliten un estilo de escritura sinxelo e fluído, evitando o uso de palabras ou estruturas das que non se estea seguro e seguindo adecuadamente o proceso de escritura: planificación do texto, selección das ideas pertinentes ao propósito comunicativo, presentación das ideas segundo o tipo de texto, organización adecuada en parágrafos, e revisión da coherencia, a cohesión, a ortografía, a puntuación e as concordancias.
- B4.2. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos ben estruturados e de certa lonxitude; por exemplo, integrando de maneira apropiada información relevante procedente de fontes diversas, ou reaxustando o rexistro ou o estilo (incluíndo léxico, estruturas sintácticas e patróns discursivos) para adaptar o texto ao destinatario e ao contexto específicos.
- B4.3. Escribir, en calquera soporte, textos ben estruturados sobre unha ampla serie de temas relacionados cos propios intereses ou a especialidade, facendo descrições claras e detalladas; sintetizando información e argumentos extraídos de diversas fontes e organizándoos de maneira lóxica; e defendendo un punto de vista sobre temas xerais, ou máis específico, indicando os proles e os contras das opcións, utilizando para iso os elementos lingüísticos adecuados para dotar o texto de cohesión e coherencia, e manexando un léxico adaptado ao contexto e ao propósito comunicativo que se persegue.
- B4.4. Planificar e articular o texto escrito segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os

expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal.

- B4.5. Elaborar resumos e notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao

▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

- B5.1. Discriminar e reproducir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, axustándose debidamente a algunha variedade estándar da lingua, e seleccionalos en función das propias intencións comunicativas, incluíndo a expresión sinxela da ironía e do humor.
- B5.2. Axustarse con consistencia aos patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico.
- B5.3. Distinguir a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias do texto, como implicacións facilmente discernibles, e apreciar as diferenzas de significación de distintos expoñentes destas, así como distinguir os significados e os propósitos xerais asociados ao uso de patróns discursivos típicos polo que respecta á presentación e á organización da información (entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema; a topicalización, pondo o tema da oración ao principio, como por exemplo en "Diso non quero falar"; contraste, digresión ou recapitulación).
- B5.4. Integrar na propia competencia intercultural, para producir textos orais e escritos ben axustados ao contexto específico, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas, e superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias, e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, e evitando erros serios de formulación ou presentación textual que poidan conducir a malentendidos ou situacións potencialmente conflitivas.
- B5.5. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e expresións e modismos de uso habitual, e máis especializado segundo os propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público, educativo e laboral ou profesional, así como un reducido repertorio de palabras e expresións, e as connotacións máis discernibles, que permita un uso humorístico, poético ou estético sinxelo do idioma.
- B5.6. Coñecer coa profundidade debida e aplicar eficazmente á comprensión do texto os coñecementos sociolingüísticos relativos á estruturación social, ás relacións interpersoais en diversos contextos (desde informal ata institucional) e as convencións sociais (incluíndo crenzas e estereotipos) predominantes nas culturas en que se utiliza a lingua meta, así como os coñecementos culturais máis relevantes (por exemplo, históricos, xeográficos, literarios ou artísticos), que permitan captar as alusións máis directas sobre estes aspectos que poida conter o texto.

- B5.7. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesite desta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta.
- B5.8. Utilizar o coñecemento sociocultural sobre o modo de vida da comunidade que é obxecto de estudo e as diferenzas esenciais entre as prácticas, os valores e as crenzas desa comunidade e as propias, para facer un texto comprensible a unha persoa interlocutora que descoñece a lingua estranxeira, e resolver posibles malentendidos e conflitos interculturais.
- B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

## 8.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é unha ferramenta necesaria para que o alumno sexa consciente dos resultados do seu progreso e sexa capaz de reflectilos de xeito produtivo. Unha das maneiras máis motivadoras de comprobar o seu progreso ou o resultado do seu traballo é usando a páxina web para o alumno de *Oxford* que inclúe áreas de vocabulario, de gramática, de comprensión lectora, de *listening* e *speaking*, ... Nesta páxina web os alumnos están informados da validez das respostas que deron a unha extensa e variada gama de exercicios e actividades. En caso necesario, poden obter axuda ou probar novas respostas ata realizar correctamente a tarefa. Os alumnos poden realizar todas as actividades con total confianza e coa tranquilidade que ninguén lles está a mirar cando traballan. Ademais deste recurso, que pode ser utilizado na casa ou no centro escolar, os alumnos dispoñen das seguintes seccións para comprobar o seu progreso:

E para axudar ao profesorado na tarefa de avaliar o avance dos alumnos e axudarlles en caso de percibir algunha dificultade, *Key to Bachillerato* ofrece un paquete de ferramentas de avaliación que inclúen:

- *Photocopiable tests in the Teacher 's Resource Pack.*
- *Editable tests on the Test CD-ROM.*

A avaliación levarase a cabo a través da observación do traballo na aula (cadernos de traballo, participación activa nas actividades orais e escritas propostas para a súa realización na casa e na aula presencial ou virtual) e a través das producións dos alumnos , produccóons escritas individuais ou en grupo e tamén as orais.

Hai tres probas ao longo do curso que contarán cos apartados de gramática e vocabulario, reading e writing. O listening e o speaking será avaliado na hora de desdobre.

A proba extraordinaria de setembro constará das mesmas partes agás as partes de Listening e de Speaking.

**Trátase de avaliación continua. Iso significa que cada avaliación incluírá toda a materia dada anteriormente.**

**Para aprobar hai que obter un mínimo de 5 tanto na convocatoria de xuño como na de setembro.**

## **9. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS**

**O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos;** centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipótese para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

**A aprendizaxe competencial** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só han de adquirir uns coñecementos, senón que han de ser capaces de acceder a eles e aplicaos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizar os. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das Competencias clave.

**As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe;** por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

**Os alumnos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes;** por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e encontren actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso, que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles alumnos que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns destaquen



na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no Class Book. Están explicadas no Teacher's Guide e poden ser de grande utilidade para o quefacer diario do profesor.

**A aprendizaxe dos alumnos é maior e de máis calidade se se basea na actividade;** eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No noso proxecto o alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra o alumno/a debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os alumnos, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

**Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.** O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros se producen cando o alumno anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríranse ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe alcanzable e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrixir os falos porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

**A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade deste;** no noso proxecto existe un Caderno de Avaliación con follas de avaliación fotocopiabile para cada unidade o que permite ao profesor anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno. Tal e como está concibida, o profesor pode adaptala doadamente ás súas necesidades específicas.

**A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.** O noso proxecto toma en conta esta situación ao ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo

coñecemento do mesmo alumno e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, a Educación Artística, as Matemáticas, a Educación Física, etc.

**Unha aprendizaxe permanente.** Non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servilo para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, para estes efectos, paradigmático). Por iso, as Competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outros, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cales o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

## 10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

### Neste curso utilizaranse os seguintes materiais e recursos

- Key to Bachillerato 2, Libro del Alumno, Workbook, VocApp, Oxford Online Learning Zone
- Guía del Profesor, Class CDs, Teacher's Resource and Test CD-ROM, iPack, Oxford Premium
- Libro de lectura
  - Vídeo/ Reprodutor de DVD
  - TV
  - reprodutor de CD
  - Ordenador na aula
  - Dicionario (en todas as aulas de Bacharelato haberá un dicionario bilingüe e outro monolingüe a disposición do profesorado e do alumnado)

Outros recursos: materiais elaborados polo profesor ou recollidos nas diferentes web, por exemplo:

[www.oup.com/elt](http://www.oup.com/elt)

[www.agendaweb.com](http://www.agendaweb.com)

[www.oupe.es](http://www.oupe.es)

[www.englishexercises.org](http://www.englishexercises.org)

[learnenglish.britishcouncil.org](http://learnenglish.britishcouncil.org)

[www.teachingenglish.org.uk](http://www.teachingenglish.org.uk)

[http://www.learn-english-today.com/lessons/lessons\\_list.html](http://www.learn-english-today.com/lessons/lessons_list.html)

<http://www.eslgold.com/>  
<http://www.englishgrammar.org/lessons/>  
<http://www.esl-galaxy.com/>  
<http://www.esltower.com/index.html>  
<http://www.isabelperez.com/default.htm>  
[www.slideshare.com](http://www.slideshare.com)  
[www.busyteacher.com](http://www.busyteacher.com)

Para Listenings:

<http://www.esl-lab.com/>  
<http://www.ello.org/>  
[http://learnenglish.britishcouncil.org/en/britain-great?utm\\_source=learnenglish&utm\\_medium=homepage-advert&utm\\_campaign=le-adverts](http://learnenglish.britishcouncil.org/en/britain-great?utm_source=learnenglish&utm_medium=homepage-advert&utm_campaign=le-adverts)  
<http://www.world-english.org/listening.htm>

- Acceso á aula dixital da páxina web do centro a través da plataforma Moodle nos cursos dos diferentes profesores.
- Materiais elaborados polo profesorado e calquer outro material ou recurso que o profesorado considere pertinente.

## 11. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación baséanse na consecución e superación dos contidos mínimos.

As porcentaxes para a nota da 1ª, 2ª e 3ª avaliación son:

<b>1. GRAMMAR &amp; VOCABULARY</b>	<b>40%</b>
<b>2. READING &amp; WRITING</b>	<b>40%</b>
<b>3. ORAL SKILLS (Listening &amp; Speaking)</b>	<b>20%</b>

**Para ser avaliado positivamente hai que acadar un mínimo de 4 nos apartados 1 e 2.**

*A non realización dalgunha das partes condicionará o aprobado na materia.*

Trátase de avaliación continua e integradora. Iso significa que cada avaliación incluírá toda a materia dada anteriormente. Non se realizarán probas de recuperación ao longo do curso; cada proba de avaliación suporá en si mesma una recuperación das anteriores.

Para aprobar hai que obter unha calificación de 5.

**A proba extraordinaria de Setembro** será sobre os contidos mínimos deste curso. Non haberá proba oral de listening ou speaking. As porcentaxes serán:

<b>1. GRAMMAR &amp; VOCABULARY</b>	<b>50%</b>
<b>2. READING &amp; WRITING</b>	<b>50%</b>

## CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

### ▪ **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

#### B1.1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva, detallada, etc.).
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

B1.2. Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis comúns: verificadores, expresivos, apelativos e fáticos.

### ▪ **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

#### B2.1 Estratexias de produción:

##### *Planificación:*

- Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade e da produción ou da interacción.
- Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.
- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.

##### *Execución:*

- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Aproveitamento dos coñecementos previos sacándolle o maior partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).

- Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.
- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou paralingüísticos:

*Lingüísticos:*

- Modificación de palabras de significado parecido.
- Definición ou parafrase dun termo ou dunha expresión.
- Produción de autocorrección, falsos comezos, repeticións e circunloquios.

*Paralingüísticos.*

- Petición de axuda ou clarificación.
- Sinalización de obxectos, uso de déicticos ou realización de accións que aclaran o significado.
- Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica).
- Uso de sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais.
- Uso dos elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.

B2.2. Rutinas ou modelos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación en contextos informais e formais máis habituais

### ▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema (coñecementos previos sobre o contido de que se trate) a partir da información superficial e paratextual: procedencia do texto, imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

### ▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

B4.1. Estratexias de produción:

*Planificación:*

- Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repassar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.)
- Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.)

*Execución:*

- Elaboración dun borrador.
- Estruturación do contido do texto.
- Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
- Discriminación das propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación.
- Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Aproveitamento dos coñecementos previos sacándolles o maior partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).

*Revisión:*

- Identificación de problemas, erros e repeticións.
- Verificación da progresión e da coherencia.
- Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.
- Reescritura definitiva.
- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.).so.

▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:

- Discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas (trazos distintivos como sonoridade, nasalidade e apertura de vogais).
- Recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras).
- Recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos (acento, ritmo e entoación das oracións).
- Recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos de redución fonética.

B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.

B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Convencións sociais.
- Recoñecemento das normas e as variacións sociais, as convencións sociais e as formas, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; características básicas do sentido do humor; usos lingüísticos adecuados ao contexto; referencias relativas á identidade nacional ou cultural; linguaxe non verbal e diferenzas específicas entre a propia cultura e a cultura portada pola lingua obxecto de estudo.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

B5.4. Plurilingüismo:

- Consciencia das habilidades metalingüísticas adquiridas durante as aprendizaxes lingüísticas, e transferencia destes coñecementos e estratexias dunha lingua a outra para avanzar no seu dominio.
- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

#### B5.5. Funcións comunicativas:

- Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional.
- Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo.
- Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.
- Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.
- Establecemento e xestión da comunicación e organización do procesos.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo.
- Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.
- Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.
- Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.

#### B5.6. Léxico:

- Recoñecemento e uso de léxico oral e escrito común e máis especializado dentro das propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.

- Recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes (locucións idiomáticas, esquemas fraseolóxicos, colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade).
- Recoñecemento e uso de antónimos, sinónimos e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".

B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.

### Contidos sintáctico-discursivos:

Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*neither...nor*); disxunción (*either...or*); oposición/concesión (*only (it didn't work)*; *despite/in spite of + NP/VP/sentence*); causa *because (of)*; *due to*; *as*; *since*); finalidade (*so as to*); comparación (*as/not so Adj. as*; *far less tiresome/much more convenient (than)*; *the best by far*); resultado/correlación(*such...that*); condición (*if*; *unless*; *in case*; *supposing*); estilo indirecto (*reported information, offers, suggestions, promises, commands, wishes, warnings*).

Relacións temporais (*(just) as*; *while*; *once (we have finished)*).

Afirmación (*emphatic affirmative sentences / the dummy do*, e. g. *I do love classic music*; *tags*, e. g. *I should have*).

Exclamación (*What + noun + sentence*), e. g. *What a nuisance (he is)!*; *How + Adv. + Adj.*, e. g. *How very extraordinary!*; *exclamatory sentences and phrases*, e. g. *Gosh, it is freezing!*).

Negación (e. g. *Nope*; *Never ever*; *You needn't have*).

Interrogación (*Wh- questions*; *Aux. Questions*; *Says who?* *Why on earth did she say that?*; *tags*).

Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous*; *present perfect simple and continuous*; *past perfect simple and continuous*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*present simple and continuous + Adv.*; *will be + verb+ing*; *will + perfect tense (simple and continuous)*).

Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect*; *and future continuous*); habitual (*simple tenses (+ Adv.)*; *used to*; *would*); incoativo (*start/begin by +verb+ing*); terminativo (*cease +verb+ing*).

Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*it takes/holds/serves...*); posibilidade/probabilidade (*will*; *likely*; *should*; *ought to*); necesidade (*want*; *take*); obriga (*need/needn't*); permiso (*may*; *could*; *allow*) intención (*be thinking of +verb+ing*).

Expresión da existencia (e. g. *there must have been*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns*; *pronouns (relative, reflexive/emphatic, one(s))*; *determiners*); a cualidade (e. g. *bluish*; *nice to look at*).

Expresión da cantidade: *Number* (e. g. *some twenty people*; *thirty something*).

*Quantity*: e. g. *twice as many*; *piles of newspapers*; *mountains of things*.

*Degree*: e. g. *extremely*; *so (suddenly)*.

Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).

Expresión do tempo (*points* (e. g. *back then*; *within a month*; *whenever*), *divisions* (e. g. *fortnight*), and *indications* (e. g. *earlier/later today/in the year*) of time; *duration* (e. g. *through(out) the winter*; *over Christmas*); *anteriority* (*already*; *(not) yet*; *long/shortly before*); *posteriority* (e. g. *later (on)*; *long/shortly*).



*after*); sequence (*to begin with, besides, to conclude*); simultaneousness (*just then/as*); frequency (e. g. *rarely; on a weekly basis*).

Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. thoroughly; inside out; upside down, in a mess*).

Uso de conectores.

*Have/get causative.*

*Phrasal verbs.*

*Gerund and infinitive.*

<b>Writing Rubric:</b>	<b>Excellent 8-10</b>	<b>Good 6-8</b>	<b>Acceptable 4-6</b>	<b>Poor 0-4</b>
<b>Writing Structure</b>	Writes clear, well-linked paragraphs, with topic sentences, details and conclusion. Uses connectors properly, suitable to the level.	Can write a few short, linked paragraphs, with a topic sentence and details. Makes some errors and lacks transitions. Not many connectors.	Can write a single paragraph or multiple short paragraphs but the ideas are not organized and paragraphs not well-linked. Few connectors.	Can write one paragraph, which may or may not have a good structure with introduction, body and conclusion. No connectors at all.
<b>Mechanics</b>	No mistakes in punctuation, spelling or capitalization.	A few mistakes that may interfere with meaning. No spelling mistakes with high frequency words.	Some mistakes that sometimes interfere with meaning.	Many mistakes, that interfere with meaning.
<b>Vocabulary &amp; Expression</b>	High frequency and new words used accurately.	High frequency and new words used accurately, with little interference with meaning.	Uses familiar and high frequency words with little difficulty. Occasional use of new words.	Uses familiar words with some difficulty. Doesn't use new words related to the topic.
<b>Content</b>	Ideas are well supported and explained. Fit to the length of the activity; relevant content and register.	Ideas are supported and explained. Some hesitation in the register used.	Ideas need more explanation/ support or logic is simple. Occasionally not relevant content and hesitation in register used.	Ideas not really explained or supported or illogical. Length not suitable for the task. Not adequate register or content.
<b>Grammar</b>	<u>Frequently and correctly</u> uses the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Verbs + Infinitives / Gerunds.</li> <li>• Passive Voice.</li> <li>• Different verb forms.</li> <li>• Conditionals.</li> <li>• Adverbs.</li> <li>• Comparatives / Superlatives.</li> <li>• Relative Clauses.</li> <li>• Reported Speech.</li> </ul>	<u>Often</u> able to use the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Modal verbs.</li> <li>• Possessives.</li> <li>• Prepositions.</li> <li>• Adjectives.</li> </ul>	<u>Sometimes</u> able to use the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pronouns.</li> <li>• Count / non-count nouns.</li> <li>• Articles.</li> </ul>	<u>Rarely</u> able to use the structures before.

	Excellent 8-10	Good 6-8	Acceptable 4-6	Poor 0-4
<b>Vocabulary</b>	Uses suitable vocabulary all the time, without repeating words.	Uses suitable vocabulary most of the time.	Proper vocabulary sometimes.	Limited vocabulary and repeats words.
<b>Grammar</b>	Uses adequate grammar structures, seen in class, all the time.	Uses them most of the time.	Uses them properly sometimes.	Uses them incorrectly.
<b>Pronunciation / Intonation</b>	Speaks clearly and has good pronunciation all the time.	Speaks clearly and uses accurate pronunciation most of the time.	Understandable pronunciation, but not very clear.	Hard to understand.
<b>Fluency</b>	Expresses ideas fluently all the time.	Speaking with some hesitation, but it doesn't interfere with communication.	Speaking with some hesitation, which interferes with communication.	Too much hesitation, which interferes with communication.
<b>Content</b>	Suitable content for their level, seen in class.	Suitable theme, seen in class mostly.	Suitable only in some parts.	Not adequate at all.

<b>Creativity</b>	Very original presentation of material.	Some originality apparent.	Material presented with little originality.	Repetitive. No variety. Insufficient use of materials.
-------------------	---	----------------------------	---	--

### Speaking Rubric

## 12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRACTICA DOCENTE

SI/NON. Por que?

Os obxectivos marcados son axeitados ás capacidades e intereses do alumnado

O alumnado ten claros os obxectivos

As competencias foron traballadas, gradadas e desenvolvidas

Os contidos foron adaptados ás peculiaridades do alumnado

A metodoloxía é estimulante para o alumnado e eles a consideran axeitada

Os materiais e recursos son axeitados

Motivouse o alumnado

Logramos a implicación das familias

O equipo docente traballou coordinadamente e asumindo pautas compartidas

As actividades foron axeitadas ás capacidades do alumnado

Traballáronse os estándares de aprendizaxe

A axuda prestada foi axustada ás necesidades do alumnado

Temos dado a posibilidade de interactuar entre iguais

Tiveron cabida as iniciativas persoais do alumnado

O desenvolvemento das actividades axustouse ao que se programou

---

**A organización dos espazos da aula favorece o traballo tanto individual como colectivo, así como o desenvolvemento de tarefas e metodoloxías diversas**

---

**O uso das novas tecnoloxías foi axeitado tanto para o alumnado como para as explicacións e usos de recursos por parte do profesorado**

---

### **INSTRUMENTOS PARA LEVAR A CABO ESTA AVALIACIÓN**

- Autorreflexión do profesorado sobre a súa práctica docente
- Análise do cumprimento dos diversos aspectos da programación
- Análise dos resultados académicos
- Reunións de departamento, equipo docente e CCP
- Enquisas persoais ou anónimas ao alumnado sobre diferentes aspectos

Asemesmo nas reunións de departamentos valorarase a programación segundo o desenvolvemento das clases e as necesidades do alumnado facéndose as correccións que sexan necesarias de cara ao curso que vén.

### **13. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES E ACTIVIDADES DE REFORZO.**

Os contidos mínimos esixibles para que este alumnado supere a asignatura pendente son os mesmos expresados no apartado referido á programación xeral para 1º Bacharelato, e seguirase para acadalos o libro de texto que se utilizou o ano anterior en dito nivel, *Key to Bachillerato 1*, da editorial Oxford.

Ó alumno con 1º Bacharelato pendente se lle terá en conta para acadar a superación da materia pendente, o traballo regular durante o curso e presentar uns exercicios que suporán **un punto** na nota de pendentes.

#### **Probas:**

En febreiro haberá unha proba parcial. En maio haberá unha proba final. A estas probas terán que presentarse todos. O alumno que non aprobe en maio terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de Xuño. Non haberá proba do libro de lectura obrigatorio, nin de listening ou speaking.

A nota de aprobado será o 5.

As porcentaxes serán:

<b>1. GRAMMAR &amp; VOCABULARY</b>	<b>50%</b>
<b>2. READING &amp; WRITING</b>	<b>50%</b>

**Se o alumno supera o inglés de 2º Bacharelato quedará aprobado automaticamente de inglés de 1º coa condición de terse presentado aos exames e acadar unha nota mínima de 4.**

#### **14. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

En este nivel é necesario poñer en práctica medidas de atención ,a diversidade posto que ésta suele ser ampla. Hai diferentes motivacións, intereses e tamén formación e coñecementos.

Hay programadas unidades de reforzo e repaso e tamén faise fincapé en que os alumnos utilicen o material que está ao seu dispor no centro ; libros de consulta, gramáticas, videos...etc.

Tamén se programan actividades de reforzo na aula cando se considera necesario.

Se toman medidas necesarias para atender ás necesidades dos alumnos con un nivel elevado na consecución dos obxectivos marcados, proporcionándolles material adaptado ao seu nivel, e remitiéndoo a lecturas e obras de referencia e consulta.

#### **15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

- Non haberá actividades extraescolares durante o curso actual.
- Se é posible o alumnado asistirá a proxección dunha película en versión orixinal en inglés ou ás sesión de información sobre cultura anglosaxona ofertadas polas editoriais.

#### **16. INFORMACIÓN AO ALUMNADO**

En todas as aulas de 2º de Bacharelato estarán expostos no taboleiro os contidos mínimos e os criterios de avaliación da materia.

Así mesmo, esta programación queda a disposición da comunidade educativa a través da páxina web do noso centro.

# **PROGRAMACIÓN DE INGLÉS**

**ESA 1/2**

**CURSO 2020-2021**

**IES ISIDRO PARGA PONDAL (CARBALLO)**

**XEFA DE DEPARTAMENTO: María del Rosario Patiño Eirín**



<b>ÍNDICE</b>	<b>PÁX.</b>
<b>1. ÍNDICE</b>	<b>2</b>
<b>2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>3</b>
<b>3. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS</b>	<b>3</b>
<b>4. OBXETIVOS</b>	<b>8</b>
<b>5. SECUENCIA DE CONTIDOS</b>	<b>10</b>
<b>6. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS</b>	<b>14</b>
<b>7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS</b>	<b>14</b>
<b>8. MÍNIMOS ESIXIBLES</b>	<b>15</b>
<b>9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN: ORDINARIA E EXTRAORDINARIA</b>	<b>16</b>
<b>10. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>16</b>
<b>11. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (PORCENTAXES PARA A NOTA DE AVALIACIÓN). Rúbricas Writing / Speaking.</b>	<b>16</b>
<b>12. METODOLOXÍA DIDÁCTICA</b>	<b>20</b>
<b>13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>20</b>
<b>14. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES</b>	<b>20</b>
<b>15. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	<b>20</b>
<b>16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>21</b>
<b>17. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN</b>	<b>21</b>
<b>18. INFORMACIÓN AO ALUMNADO</b>	<b>21</b>



## **2.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

O dominio de linguas estranxeiras implica a posibilidade de acceder a outras culturas e costumes, favorece unha formación integral do individuo e desenvolve o respecto por outros países e os seus falantes e polas súas culturas, permitiéndonos ademais comprender mellor a nosa propia lingua.

## **3.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía, como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, polo tanto, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional, ademais de facilitar a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

- 1. Comunicación lingüística**
- 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**
- 3. Competencia dixital**
- 4. Aprender a aprender**
- 5. Competencias sociais e cívicas**
- 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**
- 7. Conciencia e expresións culturais**

En cada materia inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos, buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

### **1. Competencia en comunicación lingüística**

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poderse comunicar nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a numerosas e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).
- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe, tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversación, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos, todos eles, fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- O compoñente persoal intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

## **2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.

A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto polos datos e a veracidade.

Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática, resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel co mesmo, para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expoñer e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía, resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxía. Así mesmo, hanse fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

Incluíranse actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais e ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nunha contorna natural e social.

Os ámbitos que deben abordarse para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.

Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e a comunicación da ciencia.

### **3. Competencia dixital**

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes

habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos como técnicos.

#### **4. Aprender a aprender**

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, que se desenvolven a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

#### **5. Competencias sociais e cívicas**

Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de comunicarse dun modo construtivo en distintas contornas sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan a persoa para convivir en sociedade.

## **6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

A competencia "sentido de iniciativa e espírito emprendedor" implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarias con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia "sentido de iniciativa e espírito emprendedor" inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade pro-activa para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

## **7. Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes como doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar

ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo fronte á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

#### **4.- OBXECTIVOS**

##### **BLOQUE 1- escoitar, falar e conversar**

- Comprensión de instrucións en contextos reais e simulados.
- escoita e comprensión de información xeral e específica de mensaxes cara a cara sobre temas concretos e coñecidos.
- escoita e comprensión de mensaxes sinxelas emitidas polos medios audiovisuais pronunciados con lentitude e claridade.
- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: emprego do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificación de palabras clave, identificación da intención do falante.
- Produción oral de descrições, narracións e explicacións breves sobre acontecementos, experiencias e coñecementos diversos, en presente, pasado e futuro.
- Participación en conversacións e simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos.
- Emprego de respostas espontáneas en situacións de comunicación na aula.
- Uso progresivamente autónomo das convencións máis habituais propias da conversación en contextos comunicativos reais e simulados.
- Uso progresivamente autónomo de estratexias de comunicación para resolver as dificultades durante a interacción.

## **BLOQUE 2- Ler e escribir**

- Identificación do contido dun texto escrito co apoio de elementos verbais e non verbais.
- Comprensión da información xeral e específica de textos, en soporte papel e dixital, auténticos ou adaptados, sobre temas cotiáns de interese xeral e relacionados con contidos doutras materias do currículo.
- Lectura autónoma de textos relacionados cos seus intereses.
- Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital e multimedia, para obter información co fin de realizar actividades individuais e en grupo.
- Uso de diferentes estratexias de lectura con axuda de elementos textuais e non textuais, do contexto, de dicionarios ou aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados.
- Produción guiada de textos sinxelos e estruturados, en soporte papel e dixital, con algúns elementos de cohesión para marcar con claridade a relación entre ideas e utilizando estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, elaboración e revisión), en presente, pasado e futuro.
- Reflexión sobre o proceso de escritura con especial atención á revisión de borradores.
- Uso progresivamente autónomo do rexistro apropiado ao lector ao que vai dirixido o texto (formal e coloquial).
- Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira a través de correspondencia postal e utilizando medios informáticos.
- Uso axeitado da ortografía e dos diferentes signos de puntuación.
- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

## **BLOQUE 3- Reflexión e coñecemento da lingua a través do uso**

### **Coñecementos lingüísticos**

- Uso progresivamente autónomo de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese persoal e xeral, temas cotiáns e temas relacionados con contidos doutras materias do currículo.
- Identificación de antónimos, de "falsos amigos", de palabras compostas e dos prefixos e sufixos máis habituais.
- Uso de estruturas e funcións asociadas a diferentes situacións de comunicación.
- Recoñecemento e produción de diferentes patróns de ritmo, ton e acentuación de palabras e frases.

### **Reflexión sobre a aprendizaxe**

- Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, recordar e utilizar léxico.
- Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe, como dicionarios, libros de consulta, revistas, bibliotecas e tecnoloxías da información e a comunicación.
- Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece.
- Participación na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección, recoñecendo o erro como parte integrante do proceso.

- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Participación activa en actividades e traballos grupais.
- Confianza e iniciativa para expresarse en público e por escrito.

#### **BLOQUE 4- Aspectos socioculturais e conciencia intercultural**

- Valoración do uso da lingua estranxeira como medio para comunicarse con persoas de procedencias diversas.
- Identificación dos trazos comúns e das diferenzas máis significativas que existen entre os costumes, usos, actitudes e valores da sociedade a lingua da cal estuda e a propia, e respecto cara a eles.
- Uso apropiado de fórmulas lingüísticas asociadas a situacións concretas de comunicación (cortesía, acordo, discrepancia,...)
- Coñecemento dos elementos culturais, sociais, históricos, xeográficos e literarios máis significativos dos países onde fala a lingua estranxeira: literatura, banda deseñada, arte, música, cinema...; obtendo a información por diferentes medios, entre eles Internet e outras tecnoloxías da información e comunicación.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos con falantes da lingua estranxeira, utilizando soporte papel e medios dixitais.
- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

## **5. SECUENCIA DE CONTIDOS**

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixos que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e aprendizaxe:

As habilidades lingüísticas

bloque 1: escoitar, falar e conversar

bloque 2: ler e escribir

Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións

bloque 3: coñecemento da lingua

A dimensión social e cultural da lingua estranxeira

bloque 4: Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

### **Bloque 1: escoitar, falar e conversar**

Nesta etapa dáselle unha importancia relevante á comunicación oral, por iso, o primeiro bloque céntrase en potenciar no alumnado a capacidade para interactuar nestas situacións, e incídese na importancia de que o modelo lingüístico de referencia oral proveña dun variado número de falantes, co fin de recoller as variacións e os matices. De aí a forte presenza no currículo do uso dos medios audiovisuais convencionais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

### **Bloque 2: ler e escribir**



Este bloque incorpora tamén os procedementos necesarios para desenvolver a competencia discursiva no uso escrito.

### **Bloque 3: Coñecemento da lingua**

Permite a elaboración dun sistema conceptual, cada vez máis complexo, acerca do funcionamento da lingua, a través da observación das manifestacións orais e escritas da lingua que se está aprendendo e do seu uso en situacións de comunicación. O punto de partida serán as situacións de uso que favorezan a inferencia de regras de funcionamento da lingua e que permitan establecer que elementos da lingua estranxeira se comportan coma nas linguas que coñecen e que estratexias lle permitirán progresar máis nas súas aprendizaxes, de modo que confíe nas súas propias capacidades.

### **Bloque 4: Aspectos socioculturais e conciencia intercultural**

Os contidos deste bloque contribúen a que o alumnado coñeza costumes, formas de relación social, características e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

## **BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR**

- Audición e comprensión de mensaxes orais breves relacionadas coas actividades da aula: instrucións, preguntas, comentarios, diálogos.
- Obtención de información específica en textos orais, auténticos ou adaptados, propios das situacións de comunicación traballadas neste nivel.
- Uso de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación.
- Participación en conversacións breves e sinxelas dentro da aula, e en simulacións adecuadas ao nivel dos alumnos/as e relacionadas cos temas tratados neste nivel.
- Emprego de respostas adecuadas ás informacións requiridas polo profesor/a e polos compañeiros/as nas actividades de aula.
- Desenvolvemento de estratexias para superar as interrupcións na comunicación, facendo uso de elementos verbais e non verbais, para expresarse oralmente en actividades de parella e en grupo: demanda de repetición e aclaración entre outras.

## **BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR**

- Comprensión de instrucións básicas para a correcta resolución de actividades.
- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes textos, tales como perfís de redes sociais, anuncios de emprego, correos electrónicos, unha crítica dun programa de televisión, a páxina web dun restaurante, dunha axencia inmobiliaria, de viaxes e dun polideportivo, un artigo dunha revista sobre a comida británica e sobre Vitoria Beckham, un texto sobre o Palacio de Buckingham, unha enquisa sobre as actividades de tempo libre dos ingleses, un catálogo en liña de roupa, un folleto de viaxes, unha páxina de preguntas frecuentes sobre un parque nacional en Escocia,

unha enciclopedia en liña, un foro e un blog de viaxes e unha infografía do metro de Londres.

- Identificación de aspectos interesantes sobre a cultura británica, ou doutros países de fala inglesa, nos textos da sección Did You Know?.
- Uso de estratexias básicas de comprensión lectora: identificación do tema dun texto con axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen.
- Recoñecemento dalgunhas das características e convencións da linguaxe escrita (anuncios e correos electrónicos) e a súa diferenciación da linguaxe oral.
- Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada, por exemplo, contestando a preguntas, completando frases e facendo descrições.
- Interese por coidar a presentación dos textos escritos en soporte papel e dixital.

### **BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA**

Coñecementos lingüísticos:

Elementos morfolóxicos

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua.

Léxico / Vocabulario

- Relacionado cos temas tratados: linguaxe da clase, cognates, obxectos da clase, países e nacionalidades, números do 0-100, profesións, familia, adxectivos, comidas, a hora, partes da casa, mobiliario, verbos, os días da semana, rutinas diarias, actividades de tempo libre, cores, roupa, números ordinais, lugares da cidade, preposicións de lugar, deportes, os meses e as estacións do ano, o tempo meteorolóxico, xeografía, sentimentos, medios de transporte e instrucións para chegar a un lugar.
- Fórmulas e expresións correspondentes ás funcións e temas tratados no curso.

Estrutura e funcións da lingua

- Fórmulas adecuadas para saudar. Os artigos a / an / the; os pronomes persoais suxeito. (Unidade de introdución)
- Fórmulas adecuadas para presentarse, dar información persoal e facer entrevistas. O verbo to be en presente; o plural dos substantivos; this / that / these / those. As maiúsculas. (Unidade 1)
- Fórmulas adecuadas para falar da familia e de si mesmos. Descrición dunha fotografía de familia. O xenitivo saxón; os adxectivos posesivos; o verbo have got. A orde dos adxectivos na oración. (Unidade 2)
- Fórmulas adecuadas para pedir comida nun restaurante e dicir a hora. Os nomes contábeis e non contábeis; some / any; there is / there are; how much / how many. A puntuación na oración. (Unidade 3)

- Descrición da casa. Fórmulas adecuadas para falar de comprar cousas para o fogar. Expresión de preferencias. O Present Simple en afirmativa; like + substantivo; like + verbo + ing. Conectores de secuencia: first, then e after that. (Unidade 4)
- Descrición de rutinas. Fórmulas adecuadas para falar sobre actividades de tempo libre e facer unha enquisa. O Present Simple en negativa e interrogativa; os adverbios de frecuencia; as partículas interrogativas. As expresións temporais. (Unidade 5)
- Fórmulas adecuadas para comprar roupa nunha tenda, pedir información e falar de accións en curso. Descrición de fotografías. Os pronomes persoais obxecto; o Present Continuous. Uso de pronomes persoais e adxectivos posesivos para evitar a repetición de substantivos. (Unidade 6)
- Fórmulas adecuadas para falar de actividades habituais e accións en curso, lugares dunha cidade e manter unha conversación nun festival. Contraste entre o Present Simple e o Present Continuous; os verbos "estáticos". O imperativo. (Unidade 7)
- Expresión de habilidade. Fórmulas adecuadas para manter unha conversación sobre a práctica dun deporte e falar de actividades habituais. Can, should, must, mustn't; as preposicións de tempo. A puntuación na oración. (Unidade 8)
- Fórmulas adecuadas para falar do tempo meteorolóxico e de feitos pasados, e manter unha conversación sobre as vacacións. O verbo to be en pasado. Conxuncións: and, but e because. (Unidade 9)
- Descrición de feitos pasados. Fórmulas adecuadas para dar indicacións para chegar a un lugar e falar sobre como desprazarse en transporte público. O Past Simple dos verbos regulares. Conxuncións: so e or. (Unidade 10)

#### Fonética

- Pronuncia do alfabeto fonético. (Unidade de introdución)
- Pronuncia das formas contraídas do verbo to be. (Unidade 1)
- Pronuncia de de sons /ti:n/ e /ti/. (Unidade 2)
- Pronuncia dos sons /b/ e /v/. (Unidade 3)
- Pronuncia dos sons /s/, /z/ e /iz/. (Unidade 4)
- A entoación das oracións. (Unidade 5)
- Pronuncia da terminación ing. (Unidade 6)
- Pronuncia de sons vocálicos difíciles. (Unidade 7)
- Pronuncia da forma débil e forte de can . (Unidade 8)
- Pronuncia das formas débiles e fortes de was / were. (Unidade 9)
- Pronuncia dos sons /d/, /t/ e /id/. (Unidade 10)

#### Reflexión sobre a aprendizaxe:

- Aplicación de estratexias básicas para organizar, adquirir, lembrar e utilizar léxico.
- Uso progresivo de recursos para a aprendizaxe, como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.
- Reflexión guiada sobre o uso e o significado das formas gramaticais adecuadas a distintas intencións comunicativas.
- Iniciación en estratexias de autoavaliación e autocorrección das producións orais e escritas.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva para superalo.

- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra da mesma.
- Participación activa en tarefas e traballos en grupo.
- Confianza e iniciativa para expresarse en público e por escrito.

#### **BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONCIENCIA INTERCULTURAL**

Os aspectos socioculturais trátanse de maneira intrínseca en todos os textos orais e escritos, así como no apartado Did You Know?, no que se presentan datos interesantes sobre a cultura británica e a doutros países de fala inglesa.

#### **6. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS**

A temporalización destes contidos será:

1º cuatrimestre (setembro-xaneiro): unidades 1-5

2º cuatrimestre (febreiro- xuño): Unidades 6-10

#### **7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Avaliarase se os alumnos/as son capaces de:

- Saudar e presentarse aos demais, indicando o seu enderezo e o seu número de teléfono; identificar cousas; preguntar pola nacionalidade da xente; falar de países e nacionalidades; utilizar correctamente o verbo **to be**; practicar o vocabulario relacionado cos saúdos, os números do 0-9, obxectos da clase e os nomes de países e nacionalidades .
- Falar das profesións; preguntar e contestar correctamente sobre a súa idade e o seu enderezo; presentar cousas; utilizar correctamente os adxectivos posesivos; **a / an**; os plurais; **this / that / these / those**; practicar o vocabulario relacionado coas profesións, os números do 20-100 e os días da semana .
- Falar sobre a familia; describir persoas; utilizar correctamente **have got**; os nomes contábeis e non contábeis; **some / any**; o xenitivo saxón; practicar o vocabulario relacionado coa familia, as cores e as partes do corpo .
- Describir persoas e cousas; utilizar correctamente as estruturas **there is / there are; how much / how many**; ordenar as palabras correctamente na frase; practicar o vocabulario relacionado cos adxectivos e as mascotas .
- Falar sobre o aloxamento; expresar preferencias; utilizar correctamente o *Present Simple* en afirmativa; **like** + nome / xerundio; practicar o

vocabulario relacionado cos cuartos da casa, o mobiliario e os números ordinais do 1-12 .

- Falar de rutinas; facer suxestións; utilizar correctamente os adverbios de frecuencia; o *Present Simple* en negativa e interrogativa; practicar o vocabulario relacionado coa hora, actividades que expresan rutina e as comidas .
- Expresar habilidade e posibilidade; utilizar correctamente **can** e as preposicións de tempo; practicar o vocabulario relacionado cos verbos, os meses do ano e os lugares dunha cidade .
- Narrar accións que están en transcurso; utilizar correctamente o *Present Continuous*; practicar o vocabulario relacionado cos verbos e cos adxectivos .

## 8. CONTIDOS MÍNIMOS

Os contidos mínimos esixibles serán:

### Vocabulario:

Os saúdos e as presentacións, os números do 0-100, os obxectos da clase, os países e as nacionalidades, as profesións, os días da semana, a familia, as cores, as partes do corpo, os adxectivos, as mascotas, os cuartos da casa, o mobiliario, os números ordinais, a hora, actividades que expresan rutina, as comidas, os verbos, os meses do ano, e os lugares dunha cidade.

Fórmulas e expresións correspondentes ás funcións e aos temas tratados no curso.

### Estrutura e funcións da lingua

- Saúdos e presentacións.
- Intercambio de información persoal.
- **To be** .
- Intercambio de información persoal.
- Fórmulas para falar das profesións e dos cuartos da súa casa.
- Os adxectivos posesivos.
- **A / an**
- Os plurais
- **this / that / these / those** .
- Fórmulas para falar da familia.
- Descrición de persoas.
- O verbo **have got**
- Os nomes contables e non contables
- **some / any**
- O xenitivo saxón
- Descricións de persoas e de cousas.
- A orde das palabras.
- **There is / there are**

- **How much / How many.**
- Descrición de lugares.
- Expresión de preferencias.
- O *Present Simple* en afirmativa, negativa e interrogativa
- **like** + nomes; **like** + xerundio.
- Expresión de rutinas.
- Fórmulas para facer suxestións.
- Os adverbios de frecuencia; o
- Expresión de habilidade e de posibilidade. **Can**
- As preposicións de tempo (in, on, at).
- Narración de accións que están en transcurso.
- O *Present Continuous*.

## 9. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

Trimestralmente farase polo menos unha proba que constará dunha parte aural (listening) e dunha parte escrita para constatar a superación dos obxetivos fixados.

A avaliación é continua polo tanto non se realizarán recuperacións.

Na proba extraordinaria de setembro examínase dos contidos mínimos. Recordamos que a nota de inglés é un tercio da nota do ámbito de comunicación, pero que decidimos entre os tres seminarios de linguas establecer un 3'5 como nota mínima en cada idioma para poder facer a nota media.

## 10. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado de ESA 1/2 farase de maneira continuada. Como mínimo realizarase unha proba no trimestre, pero o profesor poderá facer as probas que considere necesarias para a avaliación dos alumnos.

## 11. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de promoción e cualificación baseanse na consecución e superación dos contidos mínimos esixibles.

**A nota necesaria para obter aprobado e 5 no ámbito de comunicación, a pesar de poder sacar menos nota, a partir de 3'5, en cada lingua.**

Despois de todo o indicado anteriormente as porcentaxes para a nota de avaliación será:

1ª, 2ª y 3ª avaliación:

-oral: 20%

-Grammar / Vocabulary: 50%

-Reading and Writing: 30%

A non realización dalgunha das partes condicionará o aprobado na materia.

Trátase de avaliación continua, o que significa que cada avaliación incluírá toda a materia dada anteriormente. Polo tanto non haberá probas de recuperación ao longo do curso.

Trimestralmente farase alomenos unha proba que constará dunha parte oral (listening) e dunha parte escrita para constatar a superación dos obxetivos fixados.

Na proba extraordinaria de setembro examínase dos contidos mínimos. Recordamos que a nota de inglés é un tercio da nota do ámbito de comunicación, pero que decidimos entre os tres seminarios de linguas establecer un 3'5 como nota mínima en cada idioma para poder facer a nota media. Incluírase un listening.

As porcentaxes serán:

-Listening: 10%

-Grammar and Vocabulary: 60%

-Reading and Writing: 30%

Writing Rubric:	Excellent 8-10	Good 6-8	Acceptable 4-6	Poor 0-4
<b>Writing Structure</b>	Writes clear, well-linked paragraphs, with topic sentences, details and conclusion. Uses connectors properly, suitable to the level.	Can write a few short, linked paragraphs, with a topic sentence and details. Makes some errors and lacks transitions. Not many connectors.	Can write a single paragraph or multiple short paragraphs but the ideas are not organized and paragraphs not well-linked. Few connectors.	Can write one paragraph, which may or may not have a good structure with introduction, body and conclusion. No connectors at all.
<b>Mechanics</b>	No mistakes in punctuation, spelling or capitalization.	A few mistakes that may interfere with meaning. No spelling mistakes with high frequency words.	Some mistakes that sometimes interfere with meaning.	Many mistakes, that interfere with meaning.
<b>Vocabulary &amp; Expression</b>	High frequency and new words used accurately.	High frequency and new words used accurately, with little interference with meaning.	Uses familiar and high frequency words with little difficulty. Occasional use of new words.	Uses familiar words with some difficulty. Doesn't use new words related to the topic.
<b>Content</b>	Ideas are well supported and explained. Fit to the length of the activity; relevant content and register.	Ideas are supported and explained. Some hesitation in the register used.	Ideas need more explanation/ support or logic is simple. Occasionally not relevant content and hesitation in register used.	Ideas not really explained or supported or illogical. Length not suitable for the task. Not adequate register or content.
<b>Grammar</b>	<u>Frequently and correctly</u> uses the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Verbs + Infinitives / Gerunds.</li> <li>• Passive Voice.</li> <li>• Different verb forms.</li> <li>• Conditionals.</li> <li>• Adverbs.</li> <li>• Comparatives / Superlatives.</li> <li>• Relative Clauses.</li> <li>• Reported Speech.</li> </ul>	<u>Often</u> able to use the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Modal verbs.</li> <li>• Possessives.</li> <li>• Prepositions.</li> <li>• Adjectives.</li> </ul>	<u>Sometimes</u> able to use the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pronouns.</li> <li>• Count / non-count nouns.</li> <li>• Articles.</li> </ul>	<u>Rarely</u> able to use the structures before.



	Excellent 8-10	Good 6-8	Acceptable 4-6	Poor 0-4
<b>Vocabulary</b>	Uses suitable vocabulary all the time, without repeating words.	Uses suitable vocabulary most of the time.	Proper vocabulary sometimes.	Limited vocabulary and repeats words.
<b>Grammar</b>	Uses adequate grammar structures, seen in class, all the time.	Uses them most of the time.	Uses them properly sometimes.	Uses them incorrectly.
<b>Pronunciation / Intonation</b>	Speaks clearly and has good pronunciation all the time.	Speaks clearly and uses accurate pronunciation most of the time.	Understandable pronunciation, but not very clear.	Hard to understand.
<b>Fluency</b>	Expresses ideas fluently all the time.	Speaking with some hesitation, but it doesn't interfere with communication.	Speaking with some hesitation, which interferes with communication.	Too much hesitation, which interferes with communication.
<b>Content</b>	Suitable content for their level, seen in class.	Suitable theme, seen in class mostly.	Suitable only in some parts.	Not adequate at all.

<b>Creativity</b>	Very original presentation of material.	Some originality apparent.	Material presented with little originality.	Repetitive. No variety. Insufficient use of materials.
-------------------	---	----------------------------	---	--

### Speaking Rubric

#### **12- METODOLOXÍA.**

A metodoloxía a empregar na ESA será eminentemente práctica, con actividades na súa maior parte relacionadas coas destrezas de listening e speaking e maiormente situacionais, con uns mínimos contidos a nivel gramatical referidos ás unidades de referencia.

#### **13- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Atenderanse ás necesidades educativas de cada un dos alumnos do grupo.

#### **14. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES**

A través das distintas unidades do libro traballaranse diferentes aspectos da educación en valores, por exemplo:

**Educación moral e cívica** (Mostrar respecto polas normas previamente acordadas na clase de inglés)

**Educación para a paz.** (Mostrar interese e respecto polos costumes e rituais doutras culturas e países)

**Educación para a paz** (Valoración das costumes doutros países e culturas)

**Educación para a saúde** ( Valorar a importancia dunha dieta sa)

#### **15. MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS**

- Libro de texto: English for Adults Today 1. Ed. Burlington
- Workbook
- Diccionario (en todas as aulas haberá un diccionario bilingüe)
- Recursos didácticos de diferentes páxinas web como:

[www.agendaweb.com](http://www.agendaweb.com)

[www.englishexercises.org](http://www.englishexercises.org)

[www.learnenglish.britishcouncil.org](http://www.learnenglish.britishcouncil.org)

[www.teachingenglish.org.uk](http://www.teachingenglish.org.uk)

[www.bbc.co.uk](http://www.bbc.co.uk)

- Materiais elaborados polo profesorado e calquer outro material ou recurso que o profesorado considere pertinente.

## **16. PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Non hai actividades extraescolares programadas para o actual curso escolar.

## **17. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACION**

Para avaliar a adecuación da programación á consecución dos obxectivos educativos propostos se valorarán:

Os resultados das avaliacións e a porcentaxe de alumnado que supera os contidos da materia.

Asemesmo nas reunións de departamentos valorarase a programación segundo o desenvolvemento das clases e as necesidades do alumnado facéndose as correccións que sexan necesarias de cara ao curso que vén.

## **18. INFORMACIÓN AO ALUMNADO.**

Na aula de ESA 1/2 estarán expostos no taboleiro os contidos mínimos e os criterios de avaliación da materia.

Esta programación queda a disposición da comunidade educativa a través da páxina web do centro.

# **PROGRAMACIÓN DE INGLÉS**

**ESA 3/4**

**curso 2020-2021**

**IES ISIDRO PARGA PONDAL (CARBALLO)**

**XEFA DE DEPARTAMENTO: María del Rosario Patiño Eirín**



<b>ÍNDICE</b>	<b>PÁX.</b>
1. ÍNDICE	2
2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
3. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	3
4. OBXETIVOS	9
5. SECUENCIA DE CONTIDOS	10
6. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS	14
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS	14
8. MÍNIMOS ESIXIBLES	16
9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN: ORDINARIA E EXTRAORDINARIA	16
10. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	16
11. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (PORCENTAXES PARA A NOTA DE AVALIACIÓN). Rúbricas Writing / Speaking.	16
12. METODOLOXÍA DIDÁCTICA	20
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	20
14. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES	20
15. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	20
16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	21
17. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN	21
18. INFORMACIÓN AO ALUMNADO	21

## **2.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

O dominio de linguas estranxeiras implica a posibilidade de acceder a outras culturas e costumes, favorece unha formación integral do individuo e desenvolve o respecto por outros países e os seus falantes e polas súas culturas, permitiéndonos ademais comprender mellor a nosa propia lingua.

## **3.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía, como condición indispensábel para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, polo tanto, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional, ademais de facilitar a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

- 1. Comunicación lingüística**
- 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**
- 3. Competencia dixital**
- 4. Aprender a aprender**
- 5. Competencias sociais e cívicas**
- 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**
- 7. Conciencia e expresións culturais**

En cada materia inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos, buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

### **1. Competencia en comunicación lingüística**

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión

da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poderse comunicar nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a numerosas e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).
- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe, tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversación, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos, todos eles, fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- O compoñente persoal intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

## **2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos

no seu contexto.

Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.

A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto polos datos e a veracidade.

Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática, resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel co mesmo, para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expoñer e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas. Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía, resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxía. Así mesmo, hanse fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo. Inclúense actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais e ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nunha contorna natural e social.

Os ámbitos que deben abordarse para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.

Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e a comunicación da ciencia.



### **3. Competencia dixital**

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento.

Incorpora diferentes

habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos como técnicos.

### **4. Aprender a aprender**

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, que se desenvolven a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

### **5. Competencias sociais e cívicas**

Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de comunicarse dun modo construtivo en distintas contornas sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan a persoa para convivir en sociedade.

## **6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

A competencia "sentido de iniciativa e espírito emprendedor" implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarias con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia "sentido de iniciativa e espírito emprendedor" inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade pro-activa para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

## **7. Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes como doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo fronte á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

#### **4.- OBXECTIVOS**

**1º-** escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

**2º-** expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación, de xeito comprensíbel, adecuado e con certo nivel de autonomía.

**3º-** ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado, co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.

**4º-** escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas, utilizando recursos adecuados de cohesión e coherencia.

**5º-** utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.

**6º-** desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos da mesma, e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

**7º-** utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.

**8º-** apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.

**9º-** valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

**10º-** manifestar unha actitude receptiva e de auto-confianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

## 5. SECUENCIA DE CONTIDOS

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixos que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e aprendizaxe:

### As habilidades lingüísticas

bloque 1: *Escoitar, falar e conversar*

bloque 2: *Ler e escribir*

### Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións

bloque 3: *Coñecemento da lingua*

### A dimensión social e cultural da lingua estranxeira

bloque 4: *Aspectos socioculturais e conciencia intercultural*

#### Bloque 1: Escoitar, falar e conversar

Nesta etapa dáselle unha importancia relevante á comunicación oral, por iso, o primeiro bloque céntrase en potenciar no alumnado a capacidade para interactuar nestas situacións, e incídese na importancia de que o modelo lingüístico de referencia oral proveña dun variado número de falantes, co fin de recoller as variacións e os matices. De aí a forte presenza no currículo do uso dos medios audiovisuais convencionais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

#### Bloque 2: Ler e escribir

Este bloque incorpora tamén os procedementos necesarios para desenvolver a competencia discursiva no uso escrito.

#### Bloque 3: Coñecemento da lingua

Permite a elaboración dun sistema conceptual, cada vez máis complexo, acerca do funcionamento da lingua, a través da observación das manifestacións orais e escritas da lingua que se está aprendendo e do seu uso en situacións de comunicación. O punto de partida serán as situacións de uso que favorezan a inferencia de regras de funcionamento da lingua e que permitan establecer que elementos da lingua estranxeira se comportan coma nas linguas que coñecen e que estratexias lle permitirán progresar máis nas súas aprendizaxes, de modo que confíe nas súas propias capacidades.

#### Bloque 4: Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

Os contidos deste bloque contribúen a que o alumnado coñeza costumes, formas de relación social, características e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

## BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Audición e comprensión de mensaxes emitidas dentro da aula, relacionadas coas actividades habituais: instrucións, preguntas, comentarios, diálogos.
- Obtención de información xeral e específica de textos orais auténticos e adaptados, propios das situacións de comunicación traballadas neste nivel e con apoio de elementos verbais e non verbais.
- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificación de palabras clave.
- Producción de textos orais breves e coherentes sobre temas de interese persoal e cunha pronuncia adecuada.
- Participación en conversacións e simulacións dentro da aula, con pronuncia e entoación adecuadas para lograr a comunicación.
- Emprego de respostas adecuadas en situacións de comunicación na aula.
- Desenvolvemento de estratexias de comunicación para superar as interrupcións na comunicación e para iniciar e concluír intercambios comunicativos.

## BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Anticipación do contido antes e durante a lectura de textos sinxelos.
- Comprensión da información xeral e específica en diferentes textos, en soporte papel e dixital, auténticos e adaptados, tales como artigos de revistas e de enciclopedias *en liña*, biografías, foros de Internet, folletos de viaxes, itinerarios de viaxes, receitas médicas, instrucións de medicamentos, xustificantes médicos, correos electrónicos, infografías, instrucións de electrodomésticos, páxinas web, etc. sobre inventos, personaxes famosos, comida na rúa, a procedencia dalgúns alimentos, consellos para combater problemas de saúde, animais, profesións peculiares, respostas a anuncios de traballo, experiencias de estudantes no estranxeiro, consellos para facer e conservar amigos/as, o aire acondicionado, a historia do calzado, o *Black Friday*, o lixo tecnolóxico e o ambiente.
- Identificación de aspectos interesantes sobre a cultura británica ou doutros países de fala inglesa nos textos da sección *Did You Know?*
- Uso de estratexias de comprensión lectora: identificación do tema dun texto con axuda de elementos textuais e non textuais; utilización dos coñecementos previos sobre o tema; inferencia de significados polo contexto, por elementos visuais, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen.
- Recoñecemento e iniciación no uso dalgunhas fórmulas que diferencian a linguaxe escrita (anuncios e correos electrónicos) da linguaxe oral.
- Composición de distintos textos, con axuda de modelos, tales como unha biografía, a descrición da súa cociña, hábitos alimentarios, a comida da rúa, unha recomendación dun lugar para visitar, un itinerario para unha viaxe, un correo electrónico, a descrición dun animal, frases para facer comparacións, a experiencia laboral, unha entrada para un foro de Internet, un invento, a roupa que leva posta outra persoa, preferencias á hora de facer compras, iniciativas para o coidado do ambiente, etc. Utilizaranse elementos básicos

de cohesión e estratexias elementais no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).

- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

### BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos:

#### Elementos morfolóxicos

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua.

#### Léxico / Vocabulario

- Relacionado cos temas tratados: linguaxe da clase, comida, o tempo meteorolóxico, deportes, partes da casa, os días da semana, os meses e as estacións do ano, números cardinais e ordinais, roupa, cores, lugares da cidade, medios de transporte, rutinas diarias, adxectivos descritivos, acontecementos da vida, logros persoais, verbos, utensilios de cociña, alimentos, adxectivos para describir comidas, preparativos para unha viaxe, actividades para as vacacións, artigos de viaxe, partes do corpo, a saúde, animais e adxectivos para describilos, profesións e tarefas propias de cada unha, procura de emprego, xente achegada, relacións, acontecementos, tecnoloxía, electrodomésticos, moda, compras, verbos relacionados co ambiente, materiais, reciclaxe e natureza.
- Fórmulas e expresións correspondentes ás funcións e temas tratados no curso.

#### Estrutura e funcións da lingua

- O verbo **to be** en presente; o verbo **have got**; o *Present Simple*; o *Present Continuous*. (Unidade de introdución)
- Fórmulas adecuadas para falar de acontecementos da vida e actividades do pasado, e manter unha conversación sobre a organización dunha festa. O *Past Simple* dos verbos regulares e irregulares; repaso do *Present Simple*, o *Present Continuous* e o *Past Simple*; as *question tags*. As maiúsculas e a puntuación na oración. (Unidade 1)
- Fórmulas adecuadas para falar de comida e hábitos alimentarios, e manter unha conversación sobre comida da rúa. **There was / there were; used to**; o *Past Continuous*; contraste entre o *Past Continuous* e o *Past Simple*. Conxuncións: **and, but, or, because e so**. (Unidade 2)
- Fórmulas adecuadas para falar dos preparativos para unha viaxe e as súas preferencias, facer predicións e manter unha conversación sobre os seus plans para as vacacións. O futuro con **be going to e will**; o *Present Continuous* con valor de futuro; o *Present Simple* con valor de futuro; o *Future Continuous*. A orde dos adxectivos e as expresións temporais na oración. (Unidade 3)
- Fórmulas adecuadas para falar de habilidades e obrigacións, e pedir cita co médico/a por teléfono. Os verbos modais: **can, could, should, must, mustn't, have to, don't have to**; os adverbios de modo; **may, might, need to, be able to**. Uso de adxectivos e adverbios nos textos escritos. (Unidade 4)

- Fórmulas adecuadas para falar de mascotas e manter unha conversación nunha tenda de mascotas. Descrición de animais Adxectivos comparativos e superlativos, **(not) as ... as; too ...; (not) ... enough**. Estrutura do parágrafo: a introdución ou primeira oración. (Unidade 5)
- Fórmulas adecuadas para falar de cousas que fixeron ou non fixeron, de actividades e facer unha entrevista de traballo. O *Present Perfect Simple*; contraste entre o *Present Perfect Simple* e o *Past Simple*. Estrutura do parágrafo: a conclusión ou última oración. (Unidade 6)
- Fórmulas adecuadas para manter unha conversación sobre a organización dunha cea con invitados/as e falar dos amigos/as. Os pronomes relativos; os adxectivos e pronomes posesivos; o *Past Perfect Simple*; contraste entre o *Past Perfect Simple* e o *Past Simple*. Estrutura do parágrafo: o desenvolvemento. (Unidade 7)
- Fórmulas adecuadas para falar de smartphones e manter unha conversación sobre un problema co ordenador. A voz pasiva en presente e en pasado; regras para pasar unha frase activa a pasiva. As conxuncións causais **because** e **since**, e as conxuncións consecutivas **so** e **therefore**. (Unidade 8)
- Fórmulas adecuadas para falar de roupa, das compras e da moda, e manter unha conversación nunha tenda. O infinitivo e o xerundio; o estilo indirecto. As conxuncións copulativas: **as well as, also, in addition**. (Unidade 9)
- Fórmulas adecuadas para falar sobre a reciclaxe, o lixo tecnolóxico e os refugallos de comida, e facer unha entrevista para un proxecto ambiental. O primeiro e segundo condicional; o terceiro condicional. Os erros nos textos escritos: repaso. (Unidade 10)

### Fonética

- Pronuncia do alfabeto fonético. (Unidade de introdución)
- Identificación da sílaba acentuada para pronunciar as palabras correctamente. (Unidade 1)
- Pronuncia dos sons vocálicos /i/ e /ai/. (Unidade 2)
- Pronuncia das contraccións con **will**. (Unidade 3)
- Pronuncia das formas contraídas **can't, couldn't, shouldn't** e **mustn't**. (Unidade 4)
- Pronuncia dos sons vocálicos similares aos contidos en palabras como **ham** e **cup**. (Unidade 5)
- Pronuncia dos sons consonánticos similares aos contidos en palabras como **get** e **engineer**. (Unidade 6)
- Pronuncia dos sons consonánticos /k/ e /s/. (Unidade 7)
- Pronuncia dos sons vocálicos similares aos contidos en palabras como **go** e **out**. (Unidade 8)
- Pronuncia dos sons vocálicos /i/ e /i:/. (Unidade 9)
- Entoación das oracións compostas. (Unidade 10)

### Reflexión sobre a aprendizaxe:

- Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, lembrar e utilizar léxico.
- Uso de recursos para a aprendizaxe, como dicionarios, libros de consulta,



- bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.
- Reflexión sobre o uso e o significado das formas gramaticais adecuadas a distintas intencións comunicativas.
- Participación en actividades de avaliación compartida, na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de auto-corrección.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Participación activa en actividades e traballos en grupo.
- Confianza e iniciativa para expresarse en público e por escrito.

#### BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONCIENCIA INTERCULTURAL

Os aspectos socioculturais trátanse de maneira intrínseca en todos os textos orais e escritos, así como no apartado *Did You Know?*, no que se presentan datos interesantes sobre a cultura británica e a doutros países de fala inglesa.

### 6. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

A temporalización destas unidades será:

- 1º cuatrimestre: Uits 1-5
- 2º cuatrimestre: Units 5-10

### 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Avaliarase se os alumnos/as son capaces de:

- Utilizar correctamente o verbo **to be** en presente, o verbo **have got**, o *Present Simple* e o *Present Continuous*. Practicar as instrucións e preguntas típicas que se usan na linguaxe da clase, o vocabulario relacionado coa comida, o tempo meteorolóxico, os deportes, as partes da casa, os días da semana, os meses e as estacións do ano, os números cardinais e ordinais, a roupa, as cores, os lugares da cidade, os medios de transporte, as rutinas diarias e adxectivos descritivos. (Unidade de introdución)
- Falar de acontecementos da vida e actividades do pasado; manter unha conversación sobre a organización dunha festa. Utilizar correctamente o *Past Simple* dos verbos regulares e irregulares, o *Present Simple*, o *Present Continuous* e o *Past Simple*, e as *question tags*. Practicar o vocabulario relacionado con acontecementos da vida, logros persoais e verbos. (Unidade 1)
- Falar de comida e hábitos alimentarios; manter unha conversación sobre a comida da rúa. Utilizar correctamente **there was / there were, used to**, o *Past Continuous* e distinguilo do *Past Simple*. Practicar o vocabulario relacionado cos utensilios de cociña, os alimentos e os adxectivos para describir a comida. (Unidade 2)

- Falar dos preparativos para unha viaxe e as súas preferencias; facer predicións; manter unha conversación sobre os seus plans para as vacacións. Utilizar correctamente o futuro con **be going to** e **will**, o *Present Continuous* e o *Present Simple* con valor de futuro e o *Future Continuous*. Practicar o vocabulario relacionado cos preparativos para unha viaxe, as actividades para as vacacións e os artigos de viaxe. (Unidade 3)
- Falar sobre habilidades e obrigacións; pedir cita co médico/a por teléfono. Utilizar correctamente **can, could, should, must, mustn't, have to, don't have to, may, might, need to** e **be able to**, e os adverbios de modo. Practicar o vocabulario relacionado coas partes do corpo, a saúde e adxectivos. (Unidade 4)
- Falar de mascotas; manter unha conversación nunha tenda de mascotas; describir animais. Utilizar correctamente os adxectivos comparativos e superlativos, **(not) as ... as, too ...** e **(not) ... enough**. Practicar o vocabulario relacionado cos animais e os adxectivos para describilos, e verbos. (Unidade 5)
- Falar de cousas que fixeron ou non fixeron e de actividades; facer unha entrevista de traballo. Utilizar correctamente o *Present Perfect Simple* e distinguilo do *Past Simple*. Practicar o vocabulario relacionado coas profesións e as tarefas propias de cada unha, e a procura de emprego. (Unidade 6)
- Manter unha conversación sobre a organización dunha cea con invitados/as; falar dos amigos/as. Utilizar correctamente os pronomes relativos, os adxectivos e pronomes posesivos, o *Past Perfect Simple* e distinguilo do *Past Simple*. Practicar o vocabulario relacionado con xente achegada, relacións e acontecementos. (Unidade 7)
- Falar de smartphones ; manter unha conversación sobre un problema co ordenador. Utilizar correctamente a voz pasiva, en presente e en pasado, e pasar frases activas a pasivas. Practicar o vocabulario relacionado coa tecnoloxía, os electrodomésticos e verbos. (Unidade 8)
- Falar da roupa adecuada para cada ocasión, as compras e a moda; manter unha conversación nunha tenda. Utilizar correctamente o infinitivo e o xerundio, e o estilo indirecto. Practicar o vocabulario relacionado coa moda e as compras. (Unidade 9)
- Falar da reciclaxe, o lixo tecnolóxico e os refugallos de comida; facer unha entrevista para un proxecto ambiental. Utilizar correctamente o primeiro, segundo e terceiro condicional. Practicar o vocabulario relacionado co ambiente, os materiais, a reciclaxe e a natureza. (Unidade 10)

## **8. CONTIDOS MÍNIMOS.**

- Entender textos orais en diferentes contextos comunicativos: varios intercambios verbais de persoas saudándose, persoas de varias nacionalidades presentándose entre sí, todos os demais aspectos traballados nas unidades.
- Ser capaz de ler un texto e extraer del información xeral e específica: dous mozos presentándose o un ao outro, unha descrición dos datos persoais dunha parella e os demais aspectos traballados nas unidades.
- Poder escribir un texto: presentarse a sí mesmo e presentar un amigo a outra persona, escribir varias frases con datos persoais sobre un mesmo, unha carta presentándose que inclúa os datos persoais, e os aspectos traballados en cada unidade.
- Demostrar habilidades comunicativas contextualizando a linguaxe e as estruturas aprendidas: unha conversa co profesor saudándose., presentándose, dando datos persoais sobre un mesmo, e sobre todos os demais aspectos traballados nas unidades.

## **9. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA**

Cuadrimestralmente farase polo menos unha proba que constará dunha parte oral/aural (diálogo e entrevista + listening) e dunha parte escrita para constatar a superación dos obxetivos fixados.

A avaliación é continua polo tanto non se realizarán recuperacións. Na proba extraordinaria de setembro examínase dos contidos mínimos.

## **10. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación do alumnado da ESA farase de maneira continuada. Como mínimo realizarase unha proba no cuadrimestre, pero o profesor poderá facer as probas que considere necesarias para a avaliación dos alumnos.

## **11. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Os criterios de promoción e cualificación baséanse na consecución e superación dos contidos mínimos esixibles.

A nota necesaria para obter aprobado e 5 no ámbito de comunicación, a pesar de poder sacar menos nota, a partir de 3'5, en cada lingua.

Despois de todo o indicado anteriormente as porcentaxes para a nota de avaliación será:

1ª, 2ª y 3ª avaliación:

-Oral: 20%

-Grammar / Vocabulary: 50%

-Reading and Writing: 30%

*A non realización dalgunha das partes condicionará o aprobado na materia.*

Trátase de avaliación continua, o que significa que cada avaliación incluírá toda a materia dada anteriormente. Polo tanto non haberá probas de recuperación ao longo do curso.

Trimestralmente farase polo menos unha proba que constará dunha parte oral (listening) e dunha parte escrita para constatar a superación dos obxetivos fixados.

Na proba extraordinaria de setembro examínase dos contidos mínimos. Recordamos que a nota de inglés é un tercio da nota do ámbito de comunicación, **pero que decidimos entre os tres seminarios de linguas establecer un 3'5 como nota mínima en cada idioma para poder facer a nota media.** Inclúirase un listening.

As porcentaxes serán:

-Listening: 10%

-Grammar and Vocabulary: 60%

-Reading and Writing: 30%

Writing Rubric:	Excellent 8-10	Good 6-8	Acceptable 4-6	Poor 0-4
<b>Writing Structure</b>	Writes clear, well-linked paragraphs, with topic sentences, details and conclusion. Uses connectors properly, suitable to the level.	Can write a few short, linked paragraphs, with a topic sentence and details. Makes some errors and lacks transitions. Not many connectors.	Can write a single paragraph or multiple short paragraphs but the ideas are not organized and paragraphs not well-linked. Few connectors.	Can write one paragraph, which may or may not have a good structure with introduction, body and conclusion. No connectors at all.
<b>Mechanics</b>	No mistakes in punctuation, spelling or capitalization.	A few mistakes that may interfere with meaning. No spelling mistakes with high frequency words.	Some mistakes that sometimes interfere with meaning.	Many mistakes, that interfere with meaning.
<b>Vocabulary &amp; Expression</b>	High frequency and new words used accurately.	High frequency and new words used accurately, with little interference with meaning.	Uses familiar and high frequency words with little difficulty. Occasional use of new words.	Uses familiar words with some difficulty. Doesn't use new words related to the topic.
<b>Content</b>	Ideas are well supported and explained. Fit to the length of the activity; relevant content and register.	Ideas are supported and explained. Some hesitation in the register used.	Ideas need more explanation/ support or logic is simple. Occasionally not relevant content and hesitation in register used.	Ideas not really explained or supported or illogical. Length not suitable for the task. Not adequate register or content.
<b>Grammar</b>	<u>Frequently and correctly</u> uses the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Verbs + Infinitives / Gerunds.</li> <li>• Passive Voice.</li> <li>• Different verb forms.</li> <li>• Conditionals.</li> </ul>	<u>Often</u> able to use the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Modal verbs.</li> <li>• Possessives.</li> <li>• Prepositions.</li> <li>• Adjectives.</li> </ul>	<u>Sometimes</u> able to use the following structures: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pronouns.</li> <li>• Count / non-count nouns.</li> <li>• Articles.</li> </ul>	<u>Rarely</u> able to use the structures before.

- Adverbs.
- Comparatives / Superlatives.
- Relative Clauses.
- Reported Speech.

### **Speaking Rubric**

	<b>Excellent 8-10</b>	<b>Good 6-8</b>	<b>Acceptable 4-6</b>	<b>Poor 0-4</b>
<b>Vocabulary</b>	Uses suitable vocabulary all the time, without repeating words.	Uses suitable vocabulary most of the time.	Proper vocabulary sometimes.	Limited vocabulary and repeats words.
<b>Grammar</b>	Uses adequate grammar structures, seen in class, all the time.	Uses them most of the time.	Uses them properly sometimes.	Uses them incorrectly.
<b>Pronunciation / Intonation</b>	Speaks clearly and has good pronunciation all the time.	Speaks clearly and uses accurate pronunciation most of the time.	Understandable pronunciation, but not very clear.	Hard to understand.
<b>Fluency</b>	Expresses ideas fluently all the time.	Speaking with some hesitation, but it doesn't interfere with communication.	Speaking with some hesitation, which interferes with communication.	Too much hesitation, which interferes with communication.
<b>Content</b>	Suitable content for their level, seen in class.	Suitable theme, seen in class mostly.	Suitable only in some parts.	Not adequate at all.
<b>Creativity</b>	Very original presentation of material.	Some originality apparent.	Material presented with little originality.	Repetitive. No variety. Insufficient use of materials.

## 12- METODOLOXÍA.

A metodoloxía a empregar na ESA será eminentemente práctica, con actividades na súa meirande parte relacionadas coas destrezas de listening e speaking e maiormente situacionais, con uns mínimos contidos a nivel gramatical referidos ás unidades de referencia.

### 13- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Atenderanse ás necesidades educativas de cada un dos alumnos do grupo.

### 14. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A través das distintas unidades do libro traballaranse diferentes aspectos da educación en valores, por exemplo:

**Educación moral e cívica** (Mostrar respecto polas normas previamente acordadas na clase de inglés)

**Educación para a paz.** (Mostrar interese e respecto polos costumes e rituais doutras culturas e países)

**Educación para a paz** (Valoración das costumes doutros países e culturas)

**Educación para a saúde** ( Valorar a importancia dunha dieta sa)

### 15. MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS

- Libro de texto: *English for Adults Today 2* . Ed Burlington Books
- Workbook
- Student's MultiRom (CD con actividades para o alumnado)
- Dicionario (en todas as aulas haberá un dicionario bilingüe)
- Recursos didácticos de diferentes páxinas web como:

[www.oup.com/elt/](http://www.oup.com/elt/)

[www.agendaweb.com](http://www.agendaweb.com)

[www.oupe.es](http://www.oupe.es)

[www.englishexercises.org](http://www.englishexercises.org)

[www.learnenglish.britishcouncil.org](http://www.learnenglish.britishcouncil.org)

[www.teachingenglish.org.uk](http://www.teachingenglish.org.uk)

[www.bbc.co.uk](http://www.bbc.co.uk)

- Materiais elaborados polo profesorado e calquer outro material ou recurso que o profesorado considere pertinente.

### 16. PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Non está prevista ningunha actividade extraescolar para a ESA



## **17. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACION**

Para avaliar a adecuación da programación á consecución dos obxectivos educativos propostos se valorarán:

Os resultados das avaliacións e a porcentaxe de alumnado que supera os contidos da materia.

Asemesmo nas reunións de departamentos valorarase a programación segundo o desenvolvemento das clases e as necesidades do alumnado facéndose as correccións que sexan necesarias de cara ao curso que vén.

## **18. INFORMACIÓN AO ALUMNADO.**

Nas aulas de ESA estarán expostos no taboleiro os contidos mínimos e os criterios de avaliación da materia.

Esta programación queda a disposición da comunidade educativa a través da páxina web do noso centro.